



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Martes, 30 de xuño de 2009
Taxa 0,94 € (IVE incluído)

SUMARIO

Páxs.

I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA

- Lei 3/2009, do 23 de xuño, pola que se modifica o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro. 11.357

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto 339/2009, do 11 de xuño, sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas na Comunidade Autónoma de Galicia. 11.358

Páxs.Páxs.**II. AUTORIDADES E PERSOAL****a) CESAMENTOS****CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA**

— Resolución do 23 de xuño de 2009 pola que se acorda o cesamento, por petición propia, de Juan José Gallego Fouz como secretario xeral do Consello Consultivo de Galicia.

11.371

b) NOMEAMENTOS**CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA**

— Resolución do 23 de xuño de 2009 pola que se nomea secretaria xeral do Consello Consultivo de Galicia a Ana María López Guizán.

11.371

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

— Decreto 340/2009, do 18 de xuño, polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Barro, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de accesos aos núcleos de poboación de Mane, Casás e Couso.

11.371

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

— Resolución do 19 de maio de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Economía e Industria, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración suscritos por esa consellería no primeiro cuatrimestre.

11.372

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

— Resolución do 18 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se prorroga o prazo para a xustificación das axudas concedidas para financiar proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización e dinamización dos centros de ensino privados de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o ano 2009, curso escolar 2008-2009.

11.374

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

— Orde do 19 de xuño de 2009 pola que se modifica a Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

11.375

SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

— Resolución do 23 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o mantemento e funcionamento de centros de información ás mulleres e se procede á súa convocatoria.

11.375

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

— Orde do 16 de xuño de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

11.384

CONSELLERÍA DE FACENDA

— Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se convoca proceso selectivo para a promoción á escala de axentes facultativos ambientais da Administración da Xunta de Galicia dos funcionarios/as do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais.

11.386

— Corrección de erros.-Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se acorda a apertura da lista para a contratación temporal de persoal laboral das categorías 011, do grupo II (fisioterapeuta) e 069, do grupo III (oficial servizos técnicos//oficial 1ª mantemento//oficial 1ª oficios varios. Oficial de primeira), reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

11.393

- Páxs.
- Resolución do 25 de xuño de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fai pública a actualización definitiva de méritos correspondente ao ano 2008 das listas para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia. 11.393

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Orde do 16 de xuño de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante no organismo autónomo Augas de Galicia. 11.395

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Resolución do 15 de xuño de 2009 pola que se convoca concurso de acceso a corpos de funcionarios/as docentes universitarios. 11.396
- Resolución do 15 de xuño de 2009 pola que se convoca concurso de acceso a corpos de funcionarios/as docentes universitarios. 11.401

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DO BARCO DE VALDEORRAS

- Edicto (503/2008). 11.407

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA

- Edicto (86/2009). 11.408

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

- Cédula de notificación de sentenza (414/2007). 11.409

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DA CORUÑA

- Edicto (950/2006). 11.409

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Páxs.
- Acordo do 26 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/137). 11.410
- Acordo do 26 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/183). 11.410
- Acordo do 26 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/187). 11.411
- Acordo do 28 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/200). 11.411
- Acordo do 28 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/227). 11.411
- Resolución do 22 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/509-4). 11.412
- Resolución do 22 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/514-4). 11.412
- Resolución do 27 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/525-4). 11.412
- Resolución do 27 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/526-4). 11.413

- Páxs.
- Resolución do 28 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/529-4). 11.413
- Resolución do 28 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/530-4). 11.413
- Resolución do 1 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 08/196-2, 7145 A.T.). 11.414

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Anuncio do 12 de xuño de 2009 polo que se lle notifica a María Victoria Gómez Reboiro o prego de cargos no procedemento disciplinario SXP-PD-13/09, aberto por Acordo do 14 de abril de 2009 do secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. 11.414

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Cédula do 28 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador 2008392, por infraccións en materia sanitaria. 11.415

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Resolución do 19 de xuño de 2009 pola que se anuncia a licitación, polo trámite urxente e procedemento aberto multicriterio, para a adxudicación do contrato non harmonizado das obras de reforma interior do centro social O Calvario en Vigo (Pontevedra). 11.416

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Aviso do 29 de maio de 2009, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental da concentración parcelaria para a zona de Arca (A Estrada-Pontevedra). 11.417

PORTOS DE GALICIA

- Resolución do 2 de xuño de 2009 pola que se fai pública a adxudicación definitiva dun contrato administrativo de obra. 11.428

Páxs.

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

- Anuncio do 5 de xuño de 2009 polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia no expediente IN417A/08R0421 e dez máis. 11.428

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Resolución do 26 de maio de 2009, da Dirección da Área Sanitaria de Ferrol, pola que se fai pública a adxudicación definitiva correspondente á subministración sucesiva de vestiario para persoal MS-ASF1-09-001. 11.429

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE BURELA

- Edicto. 11.430

CONCELLO DA FONSAGRADA

- Edicto. 11.430

CONCELLO DE MONTERROSO

- Anuncio de información pública. 11.430

CONCELLO DE OURENSE

- Anuncio de licitación. 11.430

CONCELLO DA PASTORIZA

- Aprobación definitiva do estudo de detalle. 11.431

CONCELLO DE VIGO

- Anuncio. 11.432

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

- Extracto de convocatoria de prazas de persoal. 11.432

e) OUTROS ANUNCIOS

FEDERACIÓN GALEGA DE MOTONÁUTICA

- Anuncio de modificación dos estatutos. 11.432



EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN
 Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
 Edificio Administrativo San Caetano - Santiago de Compostela
 Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70 - 881 99 90 15
 Fax: 981 54 42 72
 Internet: <http://www.xunta.es>
 Correo electrónico: dog@xunta.es
 ISSN 1.130-9229
 Depósito legal C. 73-1982

Imprime:
 La Voz de Galicia, S.A.
 Avda. da Prensa, 84-85. Polígono Industrial de Sabón.
 15142 Arteixo (A Coruña)

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

PRESIDENCIA

Lei 3/2009, do 23 de xuño, pola que se modifica o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Exposición de motivos

O nacemento de novos tipos de entidades integrantes do sector público autonómico, tales como fundacións públicas autonómicas, axencias e consorcios, precisas para a prestación dun servizo público áxil e eficiente, fixo quedar obsoletos algúns preceptos que non se adaptaron á nova estrutura institucional da Administración autonómica.

Un caso paradigmático é a Lei de réxime financeiro e orzamentario, acreedora toda ela dunha reforma integral, pero que precisa en particular de adaptar o precepto referente ao ámbito subxectivo dos orzamentos para aplicar así a Lei xeral de estabilidade orzamentaria e a súa lei orgánica complementaria aplicable ás comunidades autónomas.

A Lei xeral de estabilidade orzamentaria (en diante LXEO), aprobada polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, e a súa lei orgánica complementaria (en diante LOC), aprobada pola Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, definen a estabilidade orzamentaria como «...a situación de equilibrio ou de superávit, computada en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais».

O Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (en diante SEC 95) é un sistema de contabilidade nacional e «constitúe un marco contable comparable a escala internacional, cuxa finalidade é realizar unha descrición sistemática e detallada da economía no seu conxunto (dunha rexión, un país ou un grupo de países), os seus compoñentes e as súas relacións con outras economías».

O SEC 95 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre; pero si que o haberemos de aplicar para poder definir a capacidade ou necesidade de financiamento, e polo tanto deberemos atender aos seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración coma de aprobación e execución do orzamento en cumprimento da normativa básica do Estado, polo que resulta preciso adaptar a normativa financeira da Comunidade Autónoma para acadar tal obxectivo.

A aplicación do devandito sistema de contas implica a necesidade de facer unha serie de axustes por trocos en criterios contables, así como de ter en conta como ámbito subxectivo aplicable o denomi-

nado sector administracións públicas, que recolle as contas da Xunta e de todos os axentes autonómicos financiados maioritariamente con cargo aos seus orzamentos.

Así, na fase de elaboración e aprobación, o orzamento estará equilibrado en termos de estabilidade cando o equilibrio se dea entre os capítulos non financeiros do orzamento de ingresos e de gastos, de acordo coas normas de contabilidade nacional.

Isto forzosamente implica que na elaboración do orzamento deben preverse os axustes positivos e negativos que se estima que se aplicarán aos ingresos e gastos por aplicación dos criterios do SEC 95, co que se obterá, como dicíamos, o límite do gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional.

Pretender o equilibrio ao abeiro da Lei de estabilidade orzamentaria baseándose na simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter *ex ante* en conta os axustes que provocan nos ingresos e gastos os criterios de contabilidade nacional, nin todas as entidades que integran o sector administracións públicas, é abocarse á incerteza do resultado da liquidación neses mesmos termos.

Neste sentido, o artigo 5 da LXEO indica que os orzamentos dos suxeitos comprendidos no seu ámbito de actuación e as súas liquidacións deberán conter información suficiente e axeitada para permitir a verificación da adecuación ao principio de estabilidade orzamentaria, así como o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e a observancia das normas impostas pola normativa de contabilidade nacional.

Ademais, o artigo 6.º da LXEO preceptúa que as disposicións legais e regulamentarias dos suxeitos aos que se refire o artigo 2 da devandita lei que afecten os gastos públicos «deberán valorar as súas repercusións e os seus efectos, e supeditarse de forma estrita e ao cumprimento das exixencias do principio de estabilidade orzamentaria».

Ambos preceptos son normativa básica, segundo establece a disposición derradeira primeira da LXEO.

Por outra banda, a disposición adicional única da LOC modifica a alínea 1 do artigo 21 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e sinala que os orzamentos das comunidades autónomas terán carácter anual e igual período ca os do Estado, atenderán ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e recollerán a totalidade de ingresos e gastos dos organismos e das entidades integrantes daquelas, e neles consignarase o importe dos beneficios fiscais que afecten a tributos atribuídos ás referidas comunidades.

Existen, polo tanto, sobrados motivos de legalidade para promover a reforma do devandito artigo 48 do TRLRFO, por obsoleto e porque é preciso para adaptarse á normativa básica do Estado, e de oportunidade por ser conveniente que a reforma normativa estea en vigor antes de que se ditén as normas

para a elaboración dos orzamentos de 2010, que, como se sabe, comezan coa orde anual para a elaboración de orzamentos que se publica o vindeiro mes de xuño.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei pola que se modifica o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo único. Modificación do artigo 48 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Modifícase o artigo 48 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que queda redactado como segue:

«1. Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma estarán integrados:

- a) Polo orzamento da Comunidade.
- b) Polos orzamentos dos organismos autónomos.
- c) Polos orzamentos das axencias públicas autonómicas.
- d) Polos orzamentos de explotación e de capital das sociedades mercantís do artigo 12 desta lei e daquelas nas que concorran os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.
- e) Polos orzamentos dos entes públicos aos que fai referencia o artigo 12 desta lei.
- f) Polos orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico nas que concorran os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.
- g) Polos orzamentos dos consorcios nos que concorran os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.
- h) En todo caso, polos orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo coas normas do Sistema Europeo de Contas, salvo as universidades públicas.

2. Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma conterán:

- a) Os estados de gastos, nos que se especificarán na forma establecida os créditos necesarios para darlles cumprimento ás obrigas.
- b) Os estados de ingresos, nos que se detallarán as estimacións dos dereitos económicos que se liquidarán durante o exercicio orzamentario.

c) Os estados financeiros dos organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros aos que fai referencia o artigo 11 desta lei.

d) Os estados financeiros das sociedades públicas autonómicas, entes de dereito público e demais entidades con personalidade xurídica propia que formen parte do sector administracións públicas, segundo o Sistema Europeo de Contas».

Disposición adicional única

A orde de elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de cada ano determinará as concretas entidades ás que fai referencia o artigo único desta lei, así como o formato e os prazos para que cheguen a súa proposta de orzamento.

Disposición derradeira única

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e tres de xuño de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Decreto 339/2009, do 11 de xuño, sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas na Comunidade Autónoma de Galicia.

A apicultura ten acadado unha considerable importancia no eido rural, tanto pola repercusión económica no sector da produción do mel e outros produtos das colmeas, como pola súa importancia no equilibrio ecolóxico e de base para a conservación e a diversidade das plantas e a consecuente produtividade de grande parte dos cultivos.

Así, con esta norma, trátanse de regular as explotacións apícolas nesta comunidade, establecendo con máis claridade o procedemento para determinar as localizacións das pequenas explotacións e regularizando, en maior medida desde o punto de vista sanitario, a actividade da transhumancia, así como a actuación sanitaria que se vai desenvolver neste territorio.

Faise preciso, polo tanto, desenvolver o marco normativo existente para adaptalo á propia estrutura do sector e do agro galego e co obxectivo de fomentar a actividade apícola en Galicia.

O Decreto 193/1985, do 5 de setembro, de ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións apícolas, xurdiu da necesidade de regulamentar a actividade apícola, sumida daquela no subdesenvolve-

mento, e pretende racionalizar e profesionalizar esta produción gandeira.

A nivel estatal, o Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, modificado polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril, actualizou a normativa aplicable a este sector. Esta nova norma básica establece un sistema uniforme de identificación das colmeas en todo o territorio español e regula a aplicación de medidas básicas de ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas, posibilitando que as comunidades autónomas, no exercicio das súas competencias, desenvolvan certos aspectos como a codificación do sistema de identificación das colmeas e a ordenación das explotacións de autoconsumo.

Por outra banda, o Real decreto 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un programa nacional de loita e control das enfermidades das abellas do mel, cuxo anexo II foi modificado pola Orde APA/735/2008, do 14 de marzo, impón a execución dun tratamento obrigatorio anual na loita contra a varroose, coa realización das actuacións que determine a comunidade autónoma. Así mesmo facultase a autoridade competente para prever determinadas excepcións á dita obriga no marco de experimentos e investigacións.

Na elaboración desta norma foron consultadas as asociacións apícolas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa virtude, en virtude do artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, relativo á competencia exclusiva que posúe a comunidade autónoma en materia de agricultura e gandería de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria, no uso das atribucións concedidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e demais normativa concordante, e por proposta da Consellería do Medio Rural, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de xuño de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. É obxecto deste decreto:

a) A creación do Rexistro Galego de Explotacións Apícolas.

b) A determinación dos requisitos do libro de explotación apícola.

2. Tamén é obxecto deste decreto regular:

a) A codificación do sistema de identificación das colmeas.

b) Os asentamentos apícolas nas explotacións de autoconsumo.

c) O establecemento de requisitos adicionais para a realización da transhumancia na comunidade autónoma.

d) A determinación das actuacións sanitarias na loita contra a varroose.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Este decreto será de aplicación a todas as explotacións apícolas de Galicia, así como aos asentamentos de explotacións que realizan a transhumancia nesta comunidade.

Artigo 3º.-Definicións.

Para os efectos do establecido neste decreto, serán de aplicación as definicións establecidas no artigo 2 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, coas modificacións introducidas polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril.

Ademais, establécense as seguintes definicións unicamente para os efectos do disposto neste decreto:

a) Vivenda rural habitada: aquela vivenda que estea permanente ou periodicamente habitada e situada nunha área rural.

b) Camiño veciñal: as vías de comunicación de dominio e uso público, destinadas basicamente ao servizo de vivendas e explotacións e instalacións agropecuarias, e que, por non reunir as características técnicas e requisitos para o tráfico xeral de vehículos automóbiles, non se poidan clasificar como estradas.

c) Pista forestal: aquela que dá acceso a terreos forestais no treito que discorre por solo rústico de uso forestal.

d) Núcleo de poboación: conxunto de 5 ou máis vivendas xeograficamente conxuntas conformando rúas, prazas ou vías urbanas.

Artigo 4º.-Creación do Rexistro Galego de Explotacións Apícolas.

1. Integrado no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) creado polo Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, créase o Rexistro Galego de Explotacións Apícolas (Rgeap), no cal figurarán inscritas a totalidade das explotacións apícolas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os órganos competentes para o mantemento do Rgeap son os departamentos territoriais da consellería competente en materia de sanidade e produción animal.

3. No Rgeap figurarán cando menos os seguintes datos:

a) Código de identificación da explotación asignado pola consellería competente en materia de sanidade e produción animal.

b) Datos da persoa titular da explotación: apelidos e nome ou razón social, NIF ou CIF, enderezo completo e teléfono.

c) Datos doutras persoas titulares relacionadas coa explotación ou cotitulares: nome e apelidos ou razón social, NIF ou CIF, e relación coa explotación.

d) Clasificación ou clasificacións que correspondan á explotación de conformidade co establecido no artigo 3 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.

e) Datos do asentamento principal da explotación: enderezo completo ou lugar e coordenadas xeográficas (lonxitude e latitude).

f) Datos dos asentamentos secundarios: enderezos completos ou lugares e coordenadas xeográficas (lonxitude e latitude).

g) Censo de colmeas, desagregado por asentamentos e data da súa actualización.

h) Categoría da explotación segundo o número de colmeas (autoconsumo, non profesional, profesional).

i) Estado no Rgeap (alta, baixa ou inactiva), de conformidade co establecido no artigo 3 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rega.

j) Clasificación segundo o sistema produtivo: estante ou transhumante.

k) Clasificación segundo criterios de sustentabilidade ou autocontrol: ecolóxico, integrado, convencional.

l) Cando proceda, razón social, enderezo completo e NIF da agrupación de defensa sanitaria.

4. Os datos correspondentes ao Rexistro Galego de Explotacións Apícolas serán incluídos na base de datos da consellería competente en materia de sanidade e produción animal denominada Sistema Integrado, para os efectos do establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras. Estes datos serán tratados segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

5. As novas inscricións deberán seguir o trámite indicado nos números 1 e 2 do artigo 5º.

Artigo 5º.-Solicitud de rexistro da explotación apícola.

1. As persoas titulares de explotacións apícolas deberán solicitar a alta da súa explotación no Rgeap, logo do pagamento da taxa correspondente, mediante os formularios de solicitude e declaración de asentamentos achegados como anexo I e II.

2. As solicitudes de rexistro presentaranse nas oficinas agrarias comarcais en cuxo ámbito se atope o enderezo fiscal do titular da explotación apícola ou nos lugares e polos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. No prazo máximo de 3 meses desde a entrada da solicitude no Rexistro da consellería competente en materia de sanidade e produción animal, deberá ser ditada a resolución pola/o xefa/e territorial correspondente. A inscrición no Rgeap implica a concesión da autorización da explotación solicitada e comporta a asignación de código de identificación

da explotación, segundo o establecido no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

A falta de notificación da resolución no dito prazo poderase entender estimatoria da solicitude de inscrición, sempre que conste acreditado o ingreso da taxa correspondente. Se se dita resolución, esta non pon fin á vía administrativa e poderá ser recorrida en alzada ante o conselleiro competente en materia de sanidade e produción animal, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución.

4. Para os efectos de garantir en todo momento a rastrexabilidade dos movementos das colmeas e a congruencia das bases de datos oficiais coa localización real actual dos animais presentes en explotacións en trámite de rexistro, no inicio desta tramitación procederase á asignación dun código de rexistro provisional, que poderá ser confirmado unha vez rematado o procedemento de inscrición ou, de ser o caso, anulado.

5. A persoa titular da explotación, sen menoscabo da necesaria comunicación relativa aos movementos das colmeas, deberá comunicar á consellería competente en materia de sanidade e produción animal os cambios nos datos consignados no Rgeap no prazo dun mes desde que estes se produzan, agás os relativos ao punto g) e ás coordenadas xeográficas (lonxitude e latitude) dos puntos e) e f) do número 1) do artigo 4º.

6. Segundo se recolle no artigo 7.5º do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, na súa redacción dada polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril, as persoas titulares de explotacións apícolas comunicaranlle, segundo o modelo de declaración censual indicado no anexo III, á dirección xeral que corresponda da consellería competente en materia de sanidade animal, antes do 1 de marzo de cada ano, o censo das súas colmeas no ano anterior, indicando o número de colmeas na data do 31 de decembro.

Artigo 6º.-Libro de rexistro de explotación apícola.

Segundo se recolle no artigo 7 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, na súa redacción dada polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril, toda persoa titular dunha explotación apícola deberá estar en posesión dun libro de rexistro da explotación apícola (en diante Caderno de Explotación Apícola e de Transhumancia, CEAT), facilitado pola unidade administrativa competente en materia de produción e sanidade animal do departamento territorial que proceda, logo de pagamento da taxa que corresponda.

O formato e os datos que debe recoller o CEAT serán os establecidos no anexo IV.

O CEAT deberá validarse cunha periodicidade anual segundo o modelo establecido no anexo III.

Artigo 7º.-*Código de identificación das colmeas e asignación do código da explotación.*

1. A cada explotación apícola da Comunidade Autónoma de Galicia seralle asignado un código de identificación de acordo co disposto nos artigos 5 e 6 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

2. As colmeas identificaranse segundo se establece no artigo 4.1º do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, na súa redacción dada polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril.

3. O código de identificación das colmeas das explotacións apícolas da Comunidade Autónoma de Galicia estará composto pola seguinte secuencia numérica:

a) Tres díxitos para o municipio (de acordo coa codificación do Instituto Nacional de Estatística).

b) Dous díxitos para a provincia (15 para A Coruña, 27 para Lugo, 32 para Ourense e 36 para Pontevedra).

c) Catro díxitos para a explotación.

Artigo 8º.-*Condicións dos asentamentos apícolas das explotacións de autoconsumo.*

1. Os asentamentos apícolas das explotacións de autoconsumo, entendidas estas como as utilizadas para a obtención de produtos das colmeas con destino exclusivo ao consumo familiar, sen que o número máximo de colmeas supere as 15, deberán respectar as seguintes distancias mínimas con respecto a:

a) Establecementos colectivos de carácter público e núcleos de poboación: 400 metros.

b) Vivendas rurais habitadas, incluídas ou non en núcleos rurais: 50 metros. Para o cálculo desta distancia consideraranse tamén como vivenda as instalacións contiguas a ela: construcións, instalacións de lecer (pistas deportivas, piscinas, ...) e terreos contiguos cultivados para autoconsumo (hortas, invernadoiros, ...) nos cales a presenza humana sexa frecuente.

c) Instalacións pecuarias: 50 metros. Para o cálculo desta distancia consideraranse a nave, cortello ou alpendre en que se manteñan habitualmente aos animais.

d) Autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas: 100 metros medidos desde as arestas exteriores da explanación.

e) Estradas convencionais de titularidade estatal, restantes estradas autonómicas ou provinciais previstas na Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia: 50 metros medidos desde as arestas exteriores da explanación.

f) Estradas locais e camiños veciñais: 25 metros.

g) Pistas forestais: as colmeas poderán instalarse nas beiras sen obstruír o paso.

Para o cálculo de distancias nos asentamentos apícolas das explotacións de autoconsumo non se terá en conta a vivenda e instalacións pecuarias do propio apicultor.

2. A distancia para estradas e camiños do número 1) poderase reducir nun 50% se o colmenar está situado en pendente e a unha altura ou desnivel no plano superior maior de dous metros coa horizontal destas estradas e camiños. Si dita altura ou desnivel supera os tres metros no plano superior, a redución poderase incrementar ata o 75%.

3. As distancias establecidas no punto 1) poderán reducirse ata un máximo do 75% sempre que exista unha barreira física de, polo menos, dous metros de altura, entre a colmea e a fronte que estea situada cara á estrada, camiño ou establecemento de referencia para determinar a distancia. Esta barreira física poderá ser de calquera material natural ou artificial que obrigue as abellas a iniciar o voo por riba dos dous metros de altura.

4. As reducións previstas nos puntos 2) e 3) non serán acumulables entre si e a distancia a vivendas rurais habitadas e instalacións pecuarias en ningún caso poderá ser inferior a 25 metros.

5. No caso de explotacións apícolas de autoconsumo cun número igual ou menor a catro colmeas, as distancias referidas a vivendas rurais habitadas e instalacións pecuarias poderán reducirse ata os 12,5 metros. Así mesmo, para este tipo de explotacións, a distancia mínima respecto dos núcleos de poboación poderá reducirse ata os 50 metros mediante a instalación dunha barreira física de polo menos 2 metros de altura. Para o establecemento desta distancia terase en conta a localización da edificación máis próxima pertencente ao citado núcleo de poboación.

Artigo 9º.-*Condicións adicionais para a transhumancia.*

Ademais das condicións previstas no artigo 11 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, na súa redacción dada polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril, para a práctica xeral da transhumancia, os asentamentos de explotacións transhumantes de 26 ou máis colmeas que se instalen no territorio da comunidade autónoma deberán gardar unha distancia mínima de dous quilómetros con calquera asentamento rexistrado no Rexistro Galego de Explotacións Apícolas, estante ou transhumante.

Consideraranse como unha única unidade a totalidade das colmeas que realicen a actividade de transhumancia procedentes dunha mesma explotación (mesmo código de identificación da explotación), e non se poderá fraccionar esta en unidades inferiores a 26 colmeas ás cales non lles sería de aplicación o contido no parágrafo primeiro deste artigo.

A persoa titular das colmeas transhumantes ou a responsable do movemento deberá, no prazo de 7 días hábiles desde a chegada ao asentamento de destino, comparecer ante os servizos veterinarios oficiais da oficina agraria comarcal correspondente ao asentamento de destino para comunicar os datos concretos do asentamento, así como aqueles outros datos exixibles pola normativa sanitaria en vigor segundo o disposto no anexo VII deste decreto.

Artigo 10º.-*Actuacións sanitarias na loita contra a varroose.*

1) As actuacións que as explotacións apícolas radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia deberán levar a cabo na loita contra a varroose serán as seguintes:

a) Todas as colmeas deberán recibir, como mínimo, un tratamento obrigatorio ao ano, cun medicamento veterinario autorizado, en todo caso, unha vez rematada a colleita do mel e como máis tarde unha semana despois desta, preferiblemente no período de xullo a setembro en zonas de altitudes inferiores aos 400 metros e entre setembro e outubro para as zonas de altitude superior aos 400 metros.

b) O produto que se vai utilizar será calquera autorizado pola Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios, que, segundo a eficacia demostrada, experiencia e indicacións, mellor se adapte á zona que se tratará e ás posibles resistencias detectadas.

c) Deberanse anotar no caderno de explotación apícola e de transhumancia, polo menos, os seguintes datos:

1. Data do tratamento.
2. Denominación comercial do produto administrado.
3. Referencia da receita (nº).
4. Dose aplicada.
5. Tempo de espera.
6. Identificación do asentamento.
7. Número de colmeas tratadas.

2) As colmeas de explotacións transhumantes procedentes doutras comunidades autónomas que realicen a transhumancia en Galicia deberán acreditar, previamente con motivo da comunicación do programa de traslados exixible segundo o artigo 11 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, na súa redacción dada polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril, e á súa chegada, ter realizado nos últimos 12 meses o tratamento a que se refire o punto 1 deste artigo.

3) Segundo o establecido na Orde APA/735/2008, do 14 de marzo, pola que se modifica o anexo II do Real decreto 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un programa nacional de loita e control das enfermidades das abellas do mel, as entidades incluídas nun programa experimental ou proxecto de investigación poderán solicitar, logo de pagamento da taxa que corresponda, ante a dirección xeral que corresponda da consellería competente en materia de sanidade animal, a suspensión temporal do tratamento contra a varroose no marco de investigacións ou experimentacións.

Para acollerse á suspensión temporal do tratamento contra a varroose, as entidades interesadas deberán presentar, ante a dirección xeral que corresponda da consellería competente en sanidade animal, e antes do 31 de xaneiro de cada ano, o modelo de solicitude que se adxunta como anexo V, incluíndo a

documentación cuxo contido se indica no anexo VI. As solicitudes resolveranse expresamente nun prazo de 4 meses desde a súa presentación. Na falta de resolución expresa, entenderase concedida a solicitude de suspensión temporal de tratamento solicitada, sempre que conste acreditado o ingreso da taxa correspondente e salvo que a demora sexa imputable ao interesado, en cuxo caso os prazos outorgados para a emenda de deficiencias, de ser o caso, suspenderán o prazo para resolver.

Os abelleiros que desexen acollerse a esta suspensión do tratamento deberán cumprir a normativa vixente de aplicación no sector da apicultura.

Disposición adicional

Modificación normativa.

Modifícase o número 2 do artigo 4 do Decreto 91/2001, do 19 de abril, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeira en Galicia, que queda redactado como segue:

Especie apícola: 10.000 colmeas.

Disposicións transitorias

Primeira.-O prazo máximo en que todas as colmeas rexistradas na comunidade autónoma deberán estar identificadas conforme o disposto no punto terceiro do artigo 7º, será de vinte e catro meses desde a entrada en vigor deste decreto.

Segunda.-As explotacións apícolas cuxas inscricións nos rexistros da Consellería do Medio Rural se realizasen con anterioridade á entrada en vigor deste decreto pasarán, de oficio, a formar parte do Rexistro Galego de Explotacións Apícolas.

Terceira.-Os libros de rexistro de explotación apícola editados pola autoridade competente con anterioridade á entrada en vigor deste decreto, conservarán a súa validez ata a súa renovación por estar completos ou por perda, extravío ou deterioración.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 193/1985, do 5 de setembro, de ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións apícolas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade animal para ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución do disposto neste decreto.

Segunda.-Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade animal para a realización de modificacións nos anexos deste decreto.

Terceira.-Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de xuño de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO REXISTRO GALEGO DE EXPLOTACIÓNS APÍCOLAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR516A	DOCUMENTO SOLICITUDE DE INSCRICIÓN
-----------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	----------------------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS E NOME		NIF	
EN CALIDADE DE <input type="checkbox"/> TITULAR <input type="checkbox"/> REPRESENTANTE		EMPRESA	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS DA EXPLOTACIÓN

NOME DA EXPLOTACIÓN		DNI/CIF	
ENDEREZO DO ASENTAMENTO PRINCIPAL (LUGAR)		Nº DE COLMEAS	
PROVINCIA	CONCELLO	PARROQUIA	TELÉFONO
TIPO DE COLMEAS <input type="checkbox"/> FIXISTAS <input type="checkbox"/> MOBILISTAS <input type="checkbox"/> AMBAS		Nº DE COLMEAS TOTAIS	
TIPO DE EXPLOTACIÓN APÍCOLA <input type="checkbox"/> PROFESIONAL (≥150 colmeas) <input type="checkbox"/> NON PROFESIONAL (<150 colmeas) <input type="checkbox"/> AUTOCONSUMO (≤15 colmeas)			
TIPO DE EXPLOTACIÓN SEGUNDO MOBILIDADE <input type="checkbox"/> ESTANTE <input type="checkbox"/> TRANSHUMANTE			
CUALIFICACIÓN ZOOTÉCNICA <input type="checkbox"/> PRODUCCIÓN <input type="checkbox"/> SELECCIÓN E CRÍA <input type="checkbox"/> POLINIZACIÓN <input type="checkbox"/> MIXTA <input type="checkbox"/> OUTRAS			
ENTIDADE ASOCIATIVA (INDICAR SE PROCEDE)			

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/> Para cada asentamento, croquis de situación e distancias a estradas, camiños, colmeas (no caso de asentamentos con máis de 26 colmeas), pistas, vivendas, núcleos de poboación e establecementos colectivos.
<input type="checkbox"/> Declaración do nº de asentamentos e colmeas e a súa localización (lugar, parroquia e concello).
<input type="checkbox"/> Autorización do/a dono/a do terreo para a utilización das parcelas (se procede).
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI/CIF.
<input type="checkbox"/> Xustificante de ter aboadas as taxas correspondentes.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

O abaixo asinante SOLICITA autorización e clasificación, segundo o disposto na lexislación vixente.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.</i></p> <p><i>Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.</i></p> <p><i>Decreto 339/2009, do 11 de xuño, sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas na Comunidade Autónoma de Galicia.</i></p>	<p>(A cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p>	<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>DATA DE SAÍDA</p>
<p>SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA</p> <p>Lugar e data</p> <p>de de 200</p>		

Servizo de Gandaría da provincia de

ANEXO II

DECLARACIÓN DE ASENTAMENTOS APÍCOLAS

DATOS DO/A TITULAR / REPRESENTANTE

APELIDOS E NOME		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
EN CALIDADE DE <input type="checkbox"/> TITULAR <input type="checkbox"/> REPRESENTANTE		EMPRESA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			

DECLARO

Que a explotación apícola da que son titular/representante está formada polos seguintes asentamentos:

Nº	LUGAR	PARROQUIA	CONCELLO	Nº COLMEAS
1 *	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
3	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
5	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
6	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
7	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
8	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
9	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
10	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(*) O asentamento nº 1 será o declarado como asentamento principal.

Así mesmo, todos eles cumpren as distancias mínimas exixidas no punto 2 do artigo 8º (condicións mínimas das explotacións apícolas) do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, ou, se procede, as do artigo 8 do Decreto 339/2009, de 11 de xuño de , sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas na Comunidade Autónoma de Galicia, para as explotacións de autoconsumo.

- Establecementos colectivos de carácter público, zonas urbanas e núcleos de poboación: 400 metros.
- Vivendas rurais habitadas e instalacións pecuarias: 100 metros (para autoconsumo 50 m).
- Estradas nacionais, autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas: 200 metros (para autoconsumo 100 m).
- Estradas comarcais, resto de estradas convencionais estatais e autonómicas ou provinciais previstas na Lei 4/1994, de estradas de Galicia: 50 metros.
- Camiños veciñais: 25 metros (en autoconsumo, tamén 25 m para estradas locais).
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora <i>Pascual Silva, S.A.</i> para a xestión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas convocadas pola Orde do 28 de abril de 2008 (DOG nº 88, do 8 de maio)	26-3-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora <i>SGS International Certification Services, S.A.</i> para a xestión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas convocadas pola Orde do 28 de abril de 2008 (DOG nº 88, do 8 de maio)	26-3-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora <i>Galaica Consultoría Integral, S.L.U.</i> para a xestión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas convocadas pola Orde do 28 de abril de 2008 (DOG nº 88, do 8 de maio)	26-3-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora <i>Ingeniería Medioamb. y Sist. de Calidad de Galicia</i> para a xestión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas convocadas pola Orde do 28 de abril de 2008 (DOG nº 88, do 8 de maio)	26-3-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora <i>E-Sostible S.L.P.</i> para a xestión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas convocadas pola Orde do 28 de abril de 2008 (DOG nº 88, do 8 de maio)	26-3-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora <i>Externaliza Calidad M Ambiente Organización, SLNE</i> para a xestión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas convocadas pola Orde do 28 de abril de 2008 (DOG nº 88, do 8 de maio)	26-3-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora <i>Consulting 2000 y PIC, S.L.</i> para a xestión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas convocadas pola Orde do 28 de abril de 2008 (DOG nº 88, do 8 de maio)	26-3-2009

Convenio	Data de sinatura
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora <i>Isojawa, S.L.</i> para a xestión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas convocadas pola Orde do 28 de abril de 2008 (DOG nº 88, do 8 de maio)	26-3-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora <i>P&A Consultoría y Formación, S.L.</i> para a xestión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas convocadas pola Orde do 28 de abril de 2008 (DOG nº 88, do 8 de maio)	26-3-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora <i>I Nova, Consult en Excelencia e Innovación Estrat</i> para a xestión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas convocadas pola Orde do 28 de abril de 2008 (DOG nº 88, do 8 de maio)	26-3-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora <i>Consulting Orbere, S.L.</i> para a xestión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas convocadas pola Orde do 28 de abril de 2008 (DOG nº 88, do 8 de maio)	26-3-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Marín-Pontevedra para crear un ecoparque de aventura na natureza, na finca de Cadro sita no propio concello	27-3-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e o Concello de Lalín para a celebración da XLI Feira do Cocido	3-3-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a <i>Fundación Feiras e Exposicións de Ourense</i> para a celebración do Salón Galego de Gastronomía e Turismo	12-3-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e o Club Deportivo Equicio para a organización do salón do cabalo, Equicio 2009	7-4-2009
Convenio de cooperación entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Cangas para desenvolver o proxecto: Urbanización e pavimentación da praza da Constitución e o seu contorno	27-3-2009

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 18 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se prorroga o prazo para a xustificación das axudas concedidas para financiar proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización e dinamización dos centros de ensino privados de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o ano 2009, curso escolar 2008-2009.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, por Resolución do 22 de decembro de 2008 convocou axudas para financiar proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización e dinamización lingüística dos centros de ensino privados de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o ano 2009, curso escolar 2008-2009 (DOG nº 2, do 5 de xaneiro).

Na base décimo sexta está previsto que o prazo de xustificación das axudas remate o 1 de xullo de 2009 (incluído). Debido aos cambios na estrutura orgánica das delegacións territoriais da Xunta de Galicia, está pendente de publicación a resolución definitiva da concesión das axudas e, consecuentemente, non é posible a xustificación dos gastos antes da data fixada na dita base, polo que esta secretaría xeral

RESOLVE:

1º.-Prorrogar ata o 31 de xullo de 2009 o prazo de presentación das xustificacións do gasto das axudas

concedidas para financiar proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización lingüística dos centros de ensino privados de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o ano 2009, curso escolar 2008-2009.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición, segundo o previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, perante o secretario xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de publicación desta resolución, ou ben presentar recurso contencioso-administrativo directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Anxo Manuel Lorenzo Suárez
Secretario xeral de Política Lingüística

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 19 de xuño de 2009 pola que se modifica a Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Con data do 4 de marzo de 2009, publicouse no DOG a Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Correspóndenlle á Consellería de Traballo e Benestar, segundo o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, as funcións e competencias que, en materia de servizos sociais, lle corresponden á Xunta de Galicia.

A citada orde, no seu artigo 5, establece un importe total dispoñible para o exercicio 2009 de 6.653.444 euros, destinado ao financiamento das subvencións, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia de maiores dispoñibilidades orzamentarias que se tramitarán como modificacións desta, de acordo co previsto no artigo 31.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, ante a existencia de dispoñibilidades orzamentarias que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos

correspondentes ao exercicio 2009, destinados ao financiamento das subvencións que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 23 de febreiro de 2009, na contía adicional de 6.013.610 €, para o exercicio corrente, coa finalidade de facer chegar as ditas subvencións ao maior número de beneficiarios posibles en contía suficiente para garantir unha axeitada prestación dos servizos sociais.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Ampliase o importe total correspondente ao exercicio 2009 destinado ao financiamento das subvencións que se van conceder ao abeiro da Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria, na seguinte contía e aplicación orzamentaria:

-2009.05.41.312E.781.0, por importe de 6.013.610 €.

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

SERVICIO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

Resolución do 23 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o mantemento e funcionamento de centros de información ás mulleres e se procede á súa convocatoria.

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Presidencia da Xunta de Galicia, en virtude do establecido na disposición adicional do Decreto 82/2009, do 21 de abril, e creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, ten como obxectivo principal a promoción e adopción de medidas dirixidas á consecución da igualdade efectiva das mulleres, así como incentivar a súa partici-

pación e integración na vida política, económica, cultural, educativa e social.

No exercicio das súas funcións, a este organismo correspóndelle levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que realicen as administracións locais a prol dos obxectivos establecidos na Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, así como cooperar con todas as entidades que polos seus fins ou actividades contribúan á consecución dos obxectivos de igualdade de oportunidades.

Dentro deste marco de actuación, esta convocatoria vai dirixida ás entidades locais titulares de centros de información acreditados conforme o disposto no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres, co obxecto de colaborar no seu funcionamento coa finalidade de garantir a prestación dun servizo de información ás mulleres e promoción da igualdade que lles proporcione asesoramento xurídico e psicolóxico, información sobre recursos específicos para mulleres, así como o desenvolvemento de calquera outra actividade que teña como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

O procedemento para a concesión de subvencións a través desta resolución seguirá o réxime xeral de concorrencia competitiva, tendo en conta, en todo caso, os principios básicos de publicidade, transparencia e obxectividade; adaptarse en todo o procedemento ao establecido na normativa autonómica e a estatal e comunitaria de aplicación, con especial atención aos regulamentos comunitarios que regulan a xestión de fondos estruturais.

Por todo o exposto, e en exercicio das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.-*Finalidade.*

1. O obxecto desta resolución é fixar as bases reguladoras e a convocatoria pública, para o ano 2009, das axudas e subvencións para o programa destinado ao mantemento e funcionamento dos centros de información ás mulleres (CIM) na súa área de influencia, acreditados segundo o establecido no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento.

2. A concesión destas subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva segundo os criterios que se establecen no artigo 13º en atención ás disponibilidades orzamentarias definidas no artigo 2º.

Artigo 2º.-*Financiamento.*

Para a concesión destas axudas destínase un importe global de 2.411.700 euros que figuran na Lei de orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009 con cargo á aplicación orzamentaria 05.80.313B.460.0. O crédito consignado está cofinanciado nun 80% polo Fondo Social Europeo. A citada contía poderá incrementarse de acordo coas disponibilidades orzamentarias nos supostos previstos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen que isto supoña a modificación do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 3º.-*Normativa aplicable.*

A tramitación de solicitudes, concesión e xustificación destas axudas axustarase ao disposto no Regulamento (CE) 1081/2006, do 5 de xullo, relativo ao Fondo Social Europeo, no Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e demais normativa de aplicación.

En canto á información e publicidade das accións que se realicen nos centros ao abeiro desta resolución, rexerá o disposto no Regulamento (CE) núm. 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e demais normativa de aplicación.

Artigo 4º.-*Destinatarios das axudas.*

Poderán ser destinatarios das subvencións para o desenvolvemento das accións reguladas nesta convocatoria as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia (concellos ou mancomunidades) titulares de centros de información ás mulleres acreditados segundo o disposto no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento.

Non poderán obter esta condición aquelas entidades nas cales concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incursas nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do/a interesado/a

Artigo 5º.-*Gastos subvencionables.*

Poderán subvencionarse os gastos correntes e de persoal vinculados directamente ao mantemento e

funcionamento do centro de información no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 30 de novembro de 2009.

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e sexan efectivamente realizados no ano 2009. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o/a beneficiario/a deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores/as, con carácter previo á contratación salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades subministradoras ou prestadoras, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

O importe da subvención non poderá superar o 90% do custo elixible determinado a partir do orzamento presentado pola entidade, co tope máximo de 40.000 € por entidade, tendo en conta que para os efectos desta subvención non se considera subvencionable ningún tipo de taxa, tributo ou imposto, agás o imposto sobre o valor engadido non susceptible de repercusión ou compensación.

Artigo 6º.-Obrigas das entidades beneficiarias da subvención.

1. Ademais das obrigas establecidas con carácter xeral na normativa aplicable pola percepción de axudas públicas e tendo en conta o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas das entidades beneficiarias de subvencións reguladas nesta resolución as seguintes:

a) Non alterar o destino da subvención e destinar os fondos percibidos para o que foron concedidos.

b) Efectuar a xustificación do gasto conforme o establecido nesta resolución.

c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

e) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da

Comunidade Autónoma, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Inmigración e do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para realizar as comprobacións e verificacións que se consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

f) Cumprir co resto de requisitos e obrigas recollidas nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O incumprimento das obrigas establecidas nesta resolución e na normativa aplicable será causa determinante de revogación da subvención, así como do reintegro, se é o caso, dos importes percibidos e dos xuros de demora correspondentes.

Artigo 7º.-Publicidade das accións.

No lugar onde se realice a prestación do servizo deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que aparezan os anagramas do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo adscrito á Presidencia da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo en aplicación do disposto na normativa aplicable. Na páxina web oficial do organismo informarase das características do dito cartel e dos logos e lendas de obrigada inclusión.

Artigo 8º.-Competencia e procedemento.

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de subvencións previstas nesta resolución correspóndelle á directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

2. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes desenvolverase segundo o establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

CAPÍTULO II

CONVOCATORIA PÚBLICA

Artigo 9º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se publica como anexo I, subscritas polo órgano competente da entidade local solicitante, xunto coa seguinte documentación:

a) Certificación do secretario/a da entidade sobre o acordo de solicitar a subvención e de financiar o importe do orzamento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

b) Declaración orixinal asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de non percibir ningún tipo de axuda da mesma natureza conce-

dida por calquera outra entidade pública ou privada (anexo II).

c) Declaración orixinal asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade na cal se exprese a non concorrencia dalgunha das circunstancias a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Declaración orixinal asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade en que se exprese o acordo coas actuacións de control e supervisión do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Inmigración e do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

e) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta en que conste: código de banco, código de sucursal, dñxito de control e código de conta corrente, de ser o caso.

f) Memoria explicativa do funcionamento do centro de información para o cal se solicita a axuda, onde figuren os obxectivos, poboación a que vai dirixido, ámbito xeográfico de influencia, medios materiais e humanos destinados para tal fin e réxime de funcionamento.

g) Orzamento total e desagregado que reflicta cada tipo de gasto: gastos correntes de mantemento (luz, teléfono, material de oficina e similares; gastos de persoal (nóminas, contratos de servizos profesionais, axudas de custo, etc); outros gastos (gastos reais do programa, excluídos os investimentos, que resulten indispensables para o funcionamento do centro e susceptibles de seren cualificados como gastos elixibles conforme a normativa reguladora desta subvención).

h) Outra documentación de interese para a valoración da solicitude.

2. As solicitudes dirixiranse á directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e presentaranse preferentemente nos rexistros da Xunta de Galicia, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10º.-*Información aos/ás interesados/as.*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código SI427B, poderase obter documentación normalizada ou información adicional no SGI, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial do organismo:<http://sgi.xunta.es/>
- b) Os teléfonos 981 54 53 69, 981 54 53 66.
- c) O enderezo electrónico cooperacion.sgi@xunta.es

d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral do SGI, que é o 981 54 53 51.

Artigo 11º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras e comporta a autorización da entidade solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos. Cando da actuación de oficio resultase que a entidade solicitante ou beneficiaria non está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, requirirase a entidade para que regularice a situación e presente por si mesma o correspondente certificado.

De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa figura en poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Para estes efectos, a documentación débese manter vixente e identificarse no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o cal foi presentada.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, este organismo publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios/as e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as beneficiarios/as e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da apli-

cación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; no entanto, o SGI revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na Guía do cidadán da páxina web da Xunta.

Artigo 12º.-*Prazo.*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

2. Se as solicitudes non estivesen debidamente cubertas ou a documentación presentada tivese erros ou fose insuficiente, as unidades administrativas encargadas da tramitación dos expedientes requirirán as/os solicitantes para que, no prazo de dez días, emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará que desistiron da súa petición, logo de resolución, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda poderanse facer mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de anuncios da páxina web do SGI, ao cal se remitirá desde o texto publicado no *Diario Oficial de Galicia*. Se a instrución do procedemento o aconsellase, o órgano competente poderá substituír esta publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na web pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesario para a tramitación e resolución do procedemento.

Artigo 13º.-*Comisión de valoración. Criterios de avaliación.*

1. A directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller designará unha comisión de valoración, que estará composta, polo menos, por tres membros, a presidenta, que será a secretaria do organismo, e dous vogais, un deles actuará como secretario/a. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe a directora xeral.

2. A comisión de valoración estudará e avaliará as solicitudes debidamente cubertas atendendo aos seguintes criterios, e coa seguinte valoración:

a) Poboación da entidade local titular do centro de información: ata 6 puntos.

b) Establecemento de servizos que melloren os mínimos exixidos no Decreto 182/2004, do 22 de xullo (horario de atención ao público, asesoramento xurídico, atención psicolóxica, réxime de funcionamento, cadro de persoal...): ata 5 puntos.

d) Establecemento de actividades complementarias á información e asesoramento especializado: ata 5 puntos.

e) Achega de recursos propios para o mantemento e funcionamento do centro: ata 4 puntos.

3. Unha vez estudados e avaliados individualmente os expedientes correctamente cubertos, e sen prexuízo do establecido no articulado desta resolución, a comisión de valoración elaborará a proposta de adxudicación.

Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte, a contía do orzamento elixible determinado a partir do orzamento presentado e a porcentaxe que lle corresponde aplicar ao dito orzamento de xeito proporcional á puntuación obtida para determinar a contía da subvención, ata esgotar o crédito dispoñible.

O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou por modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento do crédito orzamentario destinado a esta subvención. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 14º.-*Resolución.*

1. As resolucións dos expedientes de axudas, logo da fiscalización da proposta da comisión de valoración pola Intervención, correspóndelle á directora

xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

2. O prazo para resolver será de catro meses, que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido este prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada.

3. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e contra elas observárase o disposto no artigo 44 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa.

4. A publicidade das subvencións realizarase segundo dispón a normativa vixente. Na páxina web oficial do organismo, e nos cinco días seguintes á notificación da concesión, publicarase a relación de beneficiarios con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a finalidade, segundo indica o artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

5. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do SGI. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o/a beneficiario/a, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* poderán remitirse os/as beneficiarios/as para que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación. Non obstante, poderase substituír esta notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*, coa indicación de que os/as non beneficiarios/as consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 15º.-*Aceptación e renuncia.*

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos dez (10) días hábiles desde a notificación ou publicación desta sen que a entidade interesada comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiaria.

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ditará a correspon-

dente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 16º.-*Incompatibilidade e concorrencia.*

En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do programa obxecto de axuda.

As entidades solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para un mesmo programa, segundo o establecido na letra b) do apartado 1 do artigo 9º. Na fase de xustificación do pagamento deberán achegar unha declaración complementaria e actualizada co mesmo contido que a exixida coa solicitude.

Artigo 17º.-*Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, e, de ser o caso, á súa revogación.

Artigo 18º.-*Reintegro.*

1. Cando o acto de concesión incorrese nalgún dos supostos mencionados nos puntos 1º e 2º do artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano concedente procederá á revisión de oficio ou, se é o caso, á declaración de lesividade, de conformidade cos artigos 102 e 103 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación supón a obriga de devolver as cantidades percibidas. Non se procederá á revisión de oficio do acto de concesión cando conorra algunha das causas de reintegro previstas nesta resolución e na normativa vixente.

2. Procederá á apertura de expediente para o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora, nos casos e termos previstos nesta resolución, na normativa europea de aplicación e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19º.-*Pagamentos parciais e liquidación.*

1. Poderán acordarse pagamentos parciais ata o máximo do 80% da subvención concedida, á conta da liquidación e xustificación final, a medida que a entidade xustifique a realización de gastos.

2. A data límite de presentación da xustificación da subvención é o 10 de decembro de 2009.

3. As xustificacións de gastos, sexan parciais ou totais realizaranse acompañadas da seguinte documentación:

a) Certificación orixinal do órgano competente da entidade local, que acredite que os gastos realizados foron aplicados para o fin para o cal se concedeu a subvención.

b) Certificación acreditativa do órgano competente comprensiva dos gastos realizados, de conformidade co orzamento reflectido no artigo 9º.1.g).

c) Declaración orixinal asinada pola/o representante legal da entidade de non percibir ningún tipo de axuda da mesma natureza concedida por calquera outra entidade pública ou privada.

d) Orixinais e copias das facturas, ou documentos equivalentes, correspondentes aos gastos efectuados que xustifiquen a execución do programa, por un importe total que acredite suficientemente que a subvención concedida efectivamente cofinancia o programa, polo que o citado importe para xustificar se especificará na resolución de concesión. Estes documentos estarán emitidos conforme a normativa aplicable e a eles xuntaranse os xustificantes bancarios de pagamento e, de ser o caso, os xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes. As entidades presentarán os orixinais para seren selados pola unidade tramitadora correspondente; unha vez completa esta dilixencia e sempre que o soliciten expresamente, seralles devoltos coa maior brevidade.

e) Memoria anual de funcionamento do centro.

4. Antes de proceder ao pagamento da liquidación final ou, de ser o caso, dos pagamentos parciais, de acordo co artigo 11º.1 desta resolución, o órgano xestor incorporará ao expediente a acreditación de que as entidades adxudicatarias están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración da comunidade autónoma.

5. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

Artigo 20º.-*Subcontratación.*

Queda excluída a subcontratación das actividades subvencionadas ao abeiro desta convocatoria; non obstante, en aplicación do disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non se inclúe nesta prohibición a contratación daqueles gastos en que o/a beneficiario/a teña que incurrir para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Disposicións adicionais

Primeira.-Poderán ditarse resolucións de concesión complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias expresas de subvencións inicialmente concedidas, fondos de subvencións inicialmente concedidas que por causas xustificadas non puidesen realizarse, ou por incremento dos orzamentos previstos no artigo 2 nos supostos previstos no artigo 31.2º da Lei de subvencións de Galicia. A comisión de valoración realizará as propostas de adxudicación correspondentes de acordo co disposto no último parágrafo do artigo 13º. Nestes casos o prazo de xustificación poderá ser prorrogado pola directora; na notificación da resolución de concesión fixarase a data específica de xustificación.

Segunda.-De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, este organismo publicará na súa páxina web oficial as concesións de subvencións segundo se indica no punto 4 do artigo 14º desta resolución, e incluírá as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos, polo que coa presentación da solicitude se presta expresamente o consentimento para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas e entidades beneficiarias e a referida publicidade.

Terceira.-Ás/aos beneficiarias/os das axudas reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.-O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións e requisitos exixidos nesta resolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ditará as instrucións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2009.

P.S. (Resolución 4-5-2009)
Marta González Vázquez
Secretaria xeral da Igualdade



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I



SERVIZO
GALEGO DE
IGUALDADE



UNIÓN
EUROPEA
Fondo Social
Europeo

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS PARA O MANTEMENTO E FUNCIONAMENTO DE CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIMs)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI427B	DOCUMENTO SOLICITUDE
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS DA/O SOLICITANTE

DONA/DON		DNI
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>		<input type="text"/>
PROVINCIA	LOCALIDADE	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

En representación legal de:

ENTIDADE		CIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
LOCALIDADE	TELÉFONO/FAX/CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

EXPÓN:
Que considerando reunir os requisitos exixidos segundo se mostra nos documentos que se achegan e con expresa aceptación de todos os termos expresados na resolución correspondente, SOLICITA unha subvención para o seguinte programa:

Centro de información ás mulleres (CIM) de	Importe de gastos:	Importe solicitado:
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARA que presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller publique as subvencións concedidas no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos correspondentes con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:

<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DA SECRETARÍA DA ENTIDADE SOBRE ACORDO DE SOLICITUDE E DE FINANCIAMENTO
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AXUDAS (ANEXO II)
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE NON CONCORRENCIA CIRCUNSTANCIAS ART. 10 LEI 9/2007
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DO ACORDO COAS ACTUACIÓNS DE CONTROL E SUPERVISIÓN
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ORIXINAL BANCARIA
<input type="checkbox"/> MEMORIA EXPLICATIVA
<input type="checkbox"/> ORZAMENTO DESGLOSADO
<input type="checkbox"/> OUTROS

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 23 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o mantemento e funcionamento de centros de información ás mulleres e se procede á súa convocatoria.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE (ALCALDE/ALCALDESA, PRESIDENTE/A DA MANCOMUNIDADE) _____, de _____ de _____	RECIBIDO REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

DIRECTORA DO SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER



ANEXO II



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIONS A ENTIDADES LOCAIS PARA O MANTEMENTO E FUNCIONAMENTO DE CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI427B	DOCUMENTO DECLARACIÓN
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	---------------------------------

DECLARACIÓN DE AXUDAS

Dona/Don

en calidade de

da entidade local

DECLARO

Non ter solicitado ou percibido ningunha outra axuda das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas, para o mantemento e funcionamento do centro de información ás mulleres.

Ter solicitadas, concedidas ou percibidas subvencións das distintas administracións públicas competentes ou das vinculadas ou dependentes delas, para o mantemento e funcionamento dos centros de información ás mulleres:

CONCEPTO DA AXUDA	SOLICITADA / CONCEDIDA / PERCIBIDA(*)	IMPORTE (€)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

* Indíquese o que corresponda.

Asdo.:

(sinatura da persoa solicitante)

_____, de _____ de _____

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Orde do 16 de xuño de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificios administrativos de San Caetano, 15771 Santiago de Compostela), nas súas delegacións territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirlle á petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde unha funcionario/a con destino noutras administracións públicas, tramitarse o seu traslado a esta comunidade autónoma, conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e nas demais disposicións concordantes

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma

localidade do novo destino, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma, para o caso de funcionarios doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I

Código do posto: PR.402.00.001.15770.001.

Denominación do posto: subdirector/a Xeral de Cooperación Exterior.

Grupo: A.

Nivel: 30.

C. específico: 19.387,16 euros.

Corpo ou escala: xeral/docente.

Adscrición admóns. públ.: A17 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. e persoal docente con destino na Comunidade Autónoma de Galicia).

Formación específica:

640 (para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.)

30 (Coñecementos inglés-mérito).

Dependencia: Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

Localidade: Santiago de Compostela.

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome	
DNI	Data de nacemento	Corpo ou escala á que pertence		Grupo	Nº de R.P.
Domicilio, rúa e nº	Provincia	Localidade		Teléfono	
DESTINO ACTUAL					
Consellería		Dependencia		Localidade	

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover postos de traballo, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde, ao considerar que reuno os requisitos exixidos para tomar parte, para o posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel c. destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade

Tempo de servizos prestados

No corpo actual	Anos	Meses	Días

Noutros corpos	Anos	Meses	Días
No actual posto de traballo			

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Títulos académicos

.....

.....

.....

.....

Conecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Conselleiro de...

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se convoca proceso selectivo para a promoción á escala de axentes facultativos ambientais da Administración da Xunta de Galicia dos funcionarios/as do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais.

A Lei 2/2000, do 21 de decembro, pola que se crea a escala de axentes facultativos ambientais da Xunta de Galicia, modificada pola Lei 15/2006, do 27 de decembro, establece na súa disposición transitoria primeira que o persoal funcionario de carreira pertencente á escala de axentes forestais do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia poderá integrarse na escala de axentes facultativos ambientais sempre que cumpra os requisitos de acceso establecidos na disposición adicional vixésimo segunda da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

De acordo coa dita previsión, esta consellería, en uso das competencias que lle atribúe o Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia,

DISPÓN:

Convocar o proceso selectivo para á promoción á escala de axentes facultativos ambientais da Administración da Xunta de Galicia dos funcionarios/as do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria

Primeira.-Normas xerais.

I.1. O obxecto do proceso selectivo será a promoción do persoal funcionario pertencente ao corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais, ao corpo de axudantes facultativos da Xunta de Galicia, escala de axentes facultativos ambientais, polo procedemento de oposición.

I.1.1. A este proceso selectivo seralle aplicable o Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

I.2. Requisitos dos candidatos.

Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán pertencer como persoal funcionario de carreira ao corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais, no momento de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Ademais, todos/as os/as aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionario os seguintes requisitos:

I.2.1. Idade: non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.2. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de técnico superior en xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos ou da titulación de técnico especialista equivalente;

Tamén poderán participar os/as aspirantes que posúan unha antigüidade de dez anos ou máis no corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais, ou cinco anos de antigüidade no dito corpo e teñan superado o curso de formación convocado pola Orde do 17 de decembro de 2001 (DOG nº 246, do 21 de decembro) ou o convocado en virtude da Orde do 17 de outubro de 2008 (DOG nº 204, do 21 de outubro).

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

I.2.3. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

I.2.4. Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

I.3. Solicitudes.

Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha solicitude e aboar os dereitos de exame de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos no prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

En relación cos dereitos de exame, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia exige como requisito necesario para participar no proceso selectivo o aboamento en tal concepto do importe da taxa que estea vixente no momento de presentación da solicitude.

1) Formalización da solicitude.

O modelo de solicitude estará á disposición de todos/as os que desexen participar no proceso na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), premendo o icono *Empregarse procesos de ingreso*, en dúas modalidades, segundo se dispoña ou non de certificado dixital da FNMT (Fábrica Nacional da Moneda e Timbre) ou DNI electrónico.

Despois de premer a modalidade de solicitude elixida, os/as solicitantes deberán cubrir todos os datos que aparecen en pantalla e posteriormente validalos e confirmalos.

Os aspirantes cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria, todo isto

conforme o contido na Lei 13/1982, do 7 de abril, e no Decreto 88/2008, do 30 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

2) Formalización do pagamento das taxas:

Unha vez confirmada a alta da solicitude, o/a solicitante, segundo estea ou non nos supostos previstos, deberá seguir os seguintes pasos:

*Exento de pagamento: de acordo co sinalado no artigo 23.5º da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento as persoas con minusvalidez igual ou superior ao 33%, e as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial (no caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%).

Unha vez elixida esta opción o/a solicitante poderá imprimir desde ese intre a solicitude cuberta e deberá presentar antes do remate do prazo fixado orixinal ou copia debidamente cotexada do documento que xustifique a exención do pagamento nas oficinas do rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Neste suposto, considerarase como data válida de presentación a da confirmación da solicitude realizada de acordo co disposto anteriormente, condicionada en todo caso á presentación dentro do mesmo prazo da documentación sinalada para acreditar a exención do pagamento.

*Non exento de pagamento: o/a solicitante poderá realizar o pagamento dun dos seguintes xeitos:

Sen certificado dixital:

-Imprimindo o documento de pagamento, seleccionando esta opción na pantalla, e realizando o ingreso do importe da taxa que figura nela en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

-Introducindo os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento telemático, obtendo nese intre o xustificante correspondente.

Con certificado dixital:

Poderá realizar o pagamento con cargo á conta do titular do certificado desde a opción de pago telemático, obtendo nese intre o xustificante correspondente.

En ambos os casos, considerarase como data válida de presentación da solicitude a da realización da operación de ingreso da taxa, sen que sexa necesario presentar ningún dos documentos xerados nos lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O importe aboado en concepto de dereitos de exame devolveráselles, logo dos trámites correspondentes, só aos/ás solicitantes excluídos que o soliciten no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución definitiva da Dirección Xeral da Función Pública a que fai referencia o punto terceiro da base I.4.2.

O estado das solicitudes poderá ser consultado en calquera momento polos/as solicitantes seguindo as instrucións iniciais (páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), icono Emplegarse procesos de ingreso) seleccionando a opción de consulta na pantalla.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, os/as solicitantes poderán poñerse en contacto telefónico co Centro Informático Cixtec no número 981 54 13 00, das 8.30 ás 20.00 horas de luns a venres e os sábados das 10.00 ás 14.00.

I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, o titular da Dirección Xeral da Función Pública ditará resolución, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, así como oportunamente nos lugares determinados pola normativa vixente. Nesta resolución declararanse aprobadas as listaxes provisorias de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión e indicárase o lugar en que estarán expostas. Nestas listaxes deberán constar, en todo caso, os apelidos, o nome e o número de documento nacional de identidade. Estas listaxes aparecerán na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

I.4.2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos. Estas listaxes aparecerán na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Unha vez transcorrido o dito prazo, a Dirección Xeral da Función Pública ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 14.2º do mesmo texto legal.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos exixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos,

os interesados decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

Segunda.-*Proceso selectivo.*

II.1. Fase de oposición.

O programa que rexerá as probas selectivas é o que figura como anexo I desta convocatoria.

II.1.1. Exercicios

II.1.1.1. Primeiro exercicio, de carácter eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test correspondentes ao contido do programa que figura como anexo I desta convocatoria, máis tres preguntas (3) de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será a correcta. En todo caso, o número de preguntas gardará a debida proporción co número de normas e temas relacionados no dito anexo.

O tempo máximo de duración será de noventa (90) minutos.

Cada opositor poderá obter copia do exercicio realizado ao seu remate. No prazo das vinte e catro horas seguintes ao da realización, farase público no lugar de realización do exercicio o modelo do test, indicando as respostas correctas. Esta información estará dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.

Este exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de 25 puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar a puntuación mínima.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, e darase un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Este exercicio terá lugar no prazo máximo de corenta días desde a constitución do tribunal que xulgue as probas. A data de realización deste exercicio non será anterior ao 1 de novembro de 2009.

Unha vez publicadas as puntuacións deste exercicio, abrirase un prazo de dez días hábiles para que os aspirantes que superen este exercicio presenten o documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estar en posesión do Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (curso de perfeccionamento de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007), para os efectos da exención prevista no segundo exercicio. Esta documentación presentarase nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

II.1.1.2. Segundo exercicio, de carácter eliminatorio:

Constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de sesenta (60) minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, será necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar o resultado de apto.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, e darase un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Este exercicio terá lugar nun prazo mínimo de 48 horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de 40 días.

Estarán exentos da realización deste exercicio exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (curso de perfeccionamento de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007).

II.1.2. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente lapis do nº 2 e goma de borrar para a realización dos exercicios tipo test.

II.1.3. Os exercicios terán lugar a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e os colaboradores designados por este.

II.1.4. Desenvolvemento dos exercicios:

II.1.4.1. Por analogía cos procesos selectivos derivados da oferta de emprego público, e tendo en conta que se trata dun proceso selectivo convocado no ano 2009, a orde de actuación dos/as opositores/as iniciárase alfabeticamente polo primeiro da letra D, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de xaneiro de 2009, pola que se publica o resultado do sorteo o que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración

da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 24, do 4 de febreiro).

II.1.4.2. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

II.1.4.3. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluído da oposición quen non compareza.

Non obstante o anterior, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo 48 horas despois do anuncio da data do exame. E levará consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso a respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

II.1.4.4. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), con corenta e oito horas, polo menos, de anticipación á sinalada para a súa iniciación.

II.1.4.5. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algún aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, comunicaralle isto á Dirección Xeral da Función Pública, para os efectos de que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que o/a opositor/a non acredite o cumprimento dos requisitos, a Dirección Xeral da Función Pública ditará proposta da súa exclusión do proceso selectivo e o órgano competente ditará a resolución correspondente. Contra a resolución do dito órgano poderán interperse os recursos administrativos ou reclamacións que procedan.

II.1.4.6. Se o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións que os interesados poidan presentar nos tres días hábiles seguintes á realización do exercicio, anulase algunha ou algunhas das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra tal acordo poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das

administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceira.-*Tribunais*.

III.1. Os tribunais cualificadores do proceso serán designados por orde da Consellería de Facenda, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 7 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta o previsto polo artigo 36 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

III.2. Ademais dos tribunais que se designen na orde da Consellería de Facenda, poderán nomearse máis tribunais para vulgar o proceso, por proposta do tribunal número 1, cando polo número de aspirantes isto fose necesario.

A autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* resolución pola que se nomeen os novos tribunais, de ser o caso.

III.3. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, notificándollo á Dirección Xeral da Función Pública, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria e, igualmente, se colaborasen durante ese período dalgún modo con centros de preparación de opositores.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non estaren incursos nas circunstancias previstas no citado artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común nin nas demais causas de abstención previstas nesta base. Esta declaración deberá ser tamén cuberta polos asesores especialistas previstos na base III.12 e polo persoal auxiliar que o tribunal incorpore aos seus traballos.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nesta base, conforme o artigo 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III.4. A autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* resolución pola que se nomeen os novos membros do tribunal, que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base III.3.

III.5. Logo da convocatoria do presidente do tribunal número 1, constituiranse os tribunais en sesión conxunta. Tal constitución entenderase válida coa presenza da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

A realización da sesión de constitución terá lugar no prazo máximo de quince días a partir da publicación dos tribunais.

Na dita sesión, os tribunais, baixo a dirección e coordinación do tribunal número 1, adoptarán todas

as decisións que lles correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

III.6. A partir da sesión de constitución, cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

III.7. O procedemento de actuación dos tribunais axustarase en todo momento ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III.8. No caso de que se nomeen varios tribunais, a cada tribunal corresponderalle xulgar un número determinado de aspirantes que estarán comprendidos entre as letras do abecedario correspondentes aos apelidos dos opositores que se lles asignasen.

III.9. Corresponderalle ao tribunal nomeado co número un:

-Cursar de orde do seu presidente citación ao resto dos tribunais para constituírse nun acto conxunto.

-Darlle publicidade, a través dos anuncios correspondentes, ao lugar, data e hora de realización dos exercicios.

-Recibir os expedientes dos demais tribunais relativos ao transcurso das probas e respectivas propostas, e elevar a relación de aprobados ao titular da Dirección Xeral da Función Pública.

III.10. Co obxecto de acadar a necesaria coordinación entre os tribunais cualificadores, todos actuarán conxuntamente baixo a dirección do número 1, que resolverá cantas consultas, interpretacións e criterios de valoración e de unificación se poidan presentar e solicitar polos restantes tribunais sobre as normas da convocatoria.

Os tribunais cualificadores actuarán coordinadamente procurando a maior uniformidade nos criterios valorativos dos exercicios, sen prexuízo de que funcionarán con autonomía no que se refire á selección dos aspirantes, formulando as súas propias propostas.

III.11. Por cada sesión do tribunal redactarase acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, se autorizará coa sinatura do secretario e o visto e prace do presidente.

III.12. Cada tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que considere pertinentes, limitándose os ditos asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e terán voz pero non voto. O nomeamento de tales asesores corresponderalle á Dirección Xeral da Función Pública.

III.13. Os tribunais cualificadores adoptarán as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que os aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás dos restantes participantes. Neste sentido estableceranse, para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na

base I.3.1)., as adaptacións posibles de tempo e/ou medios para a súa realización.

Se na súa realización se lle suscitasen dúbidas ao tribunal respecto da capacidade do aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polos funcionarios do corpo a que opta, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente.

III.14. O presidente de cada tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios da fase de oposición sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados.

Os tribunais excluirán aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

III.15. Os tribunais que actúen no proceso selectivo terán a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

O número máximo de sesións de cada un dos tribunais será fixado por resolución da Dirección Xeral da Función Pública, e poderá só ampliar o número delas, con base en causa xustificada, a dita dirección xeral.

III.16. As comunicacións que formulen os aspirantes aos tribunais dirixiranse á Consellería de Facenda, Dirección Xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetano, Santiago de Compostela).

Cuarta.-Lista de aprobados, presentación de documentación e nomeamento de funcionarios.

IV.1. A cualificación do proceso selectivo virá determinada pola puntuación obtida na fase de oposición.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, aquel resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no primeiro exercicio. Se se mantivese, tendo en conta o artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e dado que existe infrarrepresentación feminina neste corpo, o empate resolverase a favor da muller, e no suposto de producirse entre dúas mulleres, pola orde alfabética a que se refire a base II.1.4.1.

Cada tribunal resolverá os empates que se produzan relativos aos aspirantes que lles correspondan. No caso de que unha vez elevadas as distintas propostas ao tribunal número 1, se produzan novos empates, estes serán resoltos polo dito tribunal, de acordo cos criterios expresados no parágrafo anterior.

IV.2. Rematado o proceso selectivo, o tribunal nº 1 publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade, e elevará a dita relación ao titular da Dirección Xeral da Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento. Con carácter excepcional, poderase renunciar á participación no proceso selectivo ata a data

en que o tribunal eleve ao titular da Dirección Xeral da Función Pública a relación de aprobados.

A partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de aprobados, os aspirantes disporán dun prazo de vinte días naturais para a presentación dos seguintes documentos:

A) Fotocopia compulsada do título exixido na base I.2 ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a obtención do título ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.

B) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

IV.3. Os que dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2., non poderán ser nomeados funcionarios e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

IV.4. Rematado o proceso selectivo, e unha vez cumpridos os requisitos exixidos con anterioridade, os que o superasen serán nomeados funcionarios de carreira mediante orde da conselleira de Facenda, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

IV.5. Os funcionarios nomeados seguirán prestando servizos nos postos de traballo que estivesen ocupando con carácter definitivo. No suposto de que existan opositores que desempeñen postos con carácter non definitivo, ofertáranselle as correspondentes vacantes.

IV.6. A toma de posesión dos aspirantes aprobados será efectuada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade coas disposicións previstas no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e demais normas concordantes.

Quinta.-*Disposición derradeira.*

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, segundo o artigo 8.2º en conexión co artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO I

Programa que rexerá as probas selectivas para o acceso ao corpo de axudantes facultativos da Xunta de Galicia, escala de axentes facultativos ambientais

1. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia ambiental e de montes. A Consellería do Medio Rural: estrutura e organización.

2. Conceptos básicos relacionados coa saúde no traballo e os riscos. Tipos de riscos. Consecuencias e custos dos riscos. Riscos xerais.

3. Técnicas de seguridade: técnicas de prevención. Inspeccións de seguridade. Investigación de accidentes. Avaliación de riscos. Normas de seguridade. Sinalizacións de seguridade: tipos, cores e formas xeométricas. A protección colectiva. A protección individual. Medidas de protección parcial e integral.

4. A vixilancia de saúde e primeiros auxilios. A xestión da prevención. Recoñecementos médicos. Hemorraxias. Queimaduras. Reanimación cardiopulmonar. Feridas. Amputacións.

5. As comunicacións. Normas que hai que seguir nas comunicacións faladas. Radiocomunicacións. Estacións de radio. Redes de comunicación. Código fonético ICAO. Código RST. Rede de radiocomunicación dos servizos contra incendios forestais: tipos de estación, equipamentos e canles. Distribución das canles por distritos ambientais e provincias.

6. Cartografía. Determinación dun punto. Representación do terreo. Escalas. Manexo de compás. Tipos de coordenadas e usos. Medicións indirectas. Levantamento de bosquexo. Orientación no terreo. Cartografía dixital. GPS.

7. O medio físico de Galicia: xeoloxía, solos, clima, relevo e hidroloxía.

8. A protección ambiental en Galicia: Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. A avaliación ambiental. Principais procesos e sectores relacionados coa avaliación ambiental.

9. A conservación da natureza en Galicia: Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza. Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

10. A xestión dos espazos naturais protexidos, figuras, protección, declaración, efectos e instrumentos de planificación dos recursos naturais e órganos de xestión.

11. Os compromisos internacionais de conservación da natureza: a Rede Natura 2000, zonas de especial protección para as aves, convenio Ramsar. Aplicación en Galicia.

12. A protección da flora e fauna en Galicia. Singularidade e endemismos. Normativa de aplicación: Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas. Decreto

67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo de árbores senlleiras.

13. Lexislación cinexética xeral: Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia. Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia. Orde anual de vedas.

14. Lexislación piscícola xeral: Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial. Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas continentais. Orde anual de vedas.

15. Xestión cinexética. Avaliación de poboacións. Plans de aproveitamento. Mellora do hábitat cinexético. Especies de caza maior e menor en Galicia. Seguridade nas cazarías. Xestión piscícola. Avaliación de poboacións. Plans de aproveitamento. Mellora do hábitat piscícola. Especies piscícolas en Galicia. Toma de mostras.

16. A protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro: Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro. Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 1/1993. Decreto 90/2002, do 28 de febreiro polo que se regula a protección de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de identificación.

17. Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. Estrutura e contido. Disposicións adicionais relativas á conservación da natureza e montes.

18. Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento de execución.

19. Consorcios e convenios. Concepto e características de ambas as figuras. Dereitos e obrigas de ambas as partes. Axudas para o fomento do sector forestal.

20. Parámetros dasométricos máis usuais. Cubicación de árbores en pé e apeados. Noción de inventario forestal e tipos. Os principais aparellos de medida.

21. Ecoloxía e características forestais das quercíneas e das frondosas non quercíneas en Galicia. Distribución e importancia económica destas.

22. Ecoloxía e características forestais das coníferas en Galicia. Distribución e importancia económica destas.

23. Técnicas e métodos de repoboación forestal, vantaxes e inconvenientes. Elección de especies e os seus condicionantes. Elección de especies segundo as liñas que indica o Plan forestal de Galicia. Preparación do terreo e plantación. Labores de mantemento.

24. Tratamentos silvícolas: rozas, clareos e claras. Tipos de claras, peso e intensidade delas. Selección de abrochos e podas. Maquinaria e ferramentas para

estes traballos. Principais tipos e aplicación. Mantemento.

25. Enfermidades e pragas das principais especies arbóreas. Ciclos biolóxicos. Medidas para combatalas.

26. Viveiros forestais. Sistemas e estrutura. Producción, conservación e transporte de planta. Substratos e colectores. Normativas de calidade xenética e calidade exterior.

27. Ordenación de montes. Principios xerais. División do monte. Quenda. Posibilidade. Breve descripción dos métodos de ordenación.

28. Explotación forestal. Aproveitamentos forestais en Galicia: problemática e características. A industria forestal. O sector da serraxe. O sector dos taboleiros. O sector da pasta de papel.

29. Os incendios forestais. As súas clases, causas e factores que inflúen na súa propagación. O Decreto 105/2006, do 22 de xuño. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Unidades de xestión Forestal. Decreto 101/2008, do 30 de abril, que as regula.

30. Os servizos de prevención e defensa contra os incendios forestais da Xunta de Galicia.

31. Análise e comportamento do incendio forestal: combustible, dispoñibilidade, características e modelos de combustible. Meteoroloxía e incendios forestais. O clima e a súa influencia nos incendios. Circulación da atmosfera, fenómenos locais, inversión térmica. Topografía. Sistemas de predición do comportamento do incendio.

32. Análise da situación e organización do combate dun incendio: estados dun incendio. Organización previa ao combate. Análise da situación. Mobilización de recursos, ataque inicial, ataque ampliado. Grandes incendios e incendios perigosos. Desmobilización e as súas regras.

33. Dirección de operacións con motobomba. Deseño e características do vehículo motobomba. Liñas de defensa no incendio forestal: características destas segundo a tipoloxía do incendio, climatoloxía, estación do ano e medios empregados na estimación. Maquinaria pesada: tipos de máquinas, características e equipamentos. Rendemento e limitacións. Métodos de traballo. Normas de seguridade.

34. Queimas controladas: planificación e obxectivos. Organización, prescrición e elementos fundamentais. Técnicas e estratexia. Condicións favorables e adversas. Aplicación segundo a topografía, meteoroloxía, temperatura e humidade.

35. Operacións con medios aéreos, dirección destes: tipos de aeronaves. Características, rendementos e limitacións. Normas xerais de petición de medios aéreos. Metodoloxía nas operacións de estimación. Desmobilización. Seguridade nas operacións aéreas.

36. Planificación da seguridade nun incendio forestal: selección do persoal, idade, experiencia, recoñecemento médico. Adestramento. Manexo de grupos, formación e coordinación. Organización do xefe respecto da seguridade. Normas de seguridade no combate do incendio. Seguridade en operacións aéreas, transporte de distintos medios, aplicación de auga e maquinaria pesada.

Corrección de erros.-Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se acorda a apertura da lista para a contratación temporal de persoal laboral das categorías 011, do grupo II (fisioterapeuta) e 069, do grupo III (oficial servizos técnicos/oficial 1ª mantemento/oficial 1ª oficios varios. Oficial de primeira), reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

Advertidos erros na resolución do 18 de xuño de 2009, cómpre facer as seguintes correccións,

1º No encabezado da citada resolución onde di:

«Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se acorda a apertura da lista para a contratación de persoal laboral das categorías 011, do grupo II (fisioterapeuta) e 69, do grupo III (oficial servizo técnico// oficial 1ª mantemento/ /oficial 1ª oficios varios. Oficial de primeira), reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo».

Deberá dicir:

«Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se acorda a apertura da lista para a contratación de persoal laboral da categoría 011, do grupo II (fisioterapeuta), regulada polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo».

2º No parágrafo terceiro da devandita resolución, onde di:

«Tendo en conta o número actual de integrantes das categorías 011 do grupo II e 069, do grupo III do persoal laboral da Xunta de Galicia, as previsións de chamamentos e as necesidades urxentes de cobertura de prazas en determinadas unidades ...».

Deberá dicir:

«Tendo en conta o número actual de integrantes da categoría 011 do grupo II do persoal laboral da Xunta de Galicia, as previsións de chamamentos e as necesidades urxentes de cobertura de prazas en determinadas unidades ...».

3º No punto primeiro da antedita resolución, onde di:

«A apertura de incorporación de novas solicitudes para as listas correspondentes ás citadas categorías»,

Deberá dicir:

«A apertura de incorporación de novas solicitudes para a lista correspondente á citada categoría».

Cómpre sinalar que a lista correspondente ao grupo III, categoría 069, que aparecía na citada resolución xa fora obxecto de apertura mediante a Resolución do 1 de abril de 2008, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se acorda a apertura das listas para a contratación temporal de persoal laboral de determinadas categorías, reguladas no Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

Resolución do 25 de xuño de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fai pública a actualización definitiva de méritos correspondente ao ano 2008 das listas para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Finalizado o prazo fixado pola Resolución do 20 de febreiro de 2009 (DOG nº 41, do 27 de febreiro), da Dirección Xeral da Función Pública, pola que, de conformidade co artigo 12 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, faise pública a actualización de méritos correspondente ao ano 2008 das listas para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, constatada a existencia dalgúns erros materiais e vistas as alegacións formuladas polos interesados, a Comisión Permanente Central acordou, na reunión do 17 de xuño de 2009, elevar a correspondente proposta polo que, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Primeiro.-Facer pública a actualización definitiva de méritos, con indicación da puntuación total, unha vez incluídos os novos méritos dos solicitantes integrantes das listas para a cobertura con carácter transitorio de postos de traballo reservados a funcionarios correspondentes aos corpos e escalas que se especifican no anexo I desta resolución e dos incluídos nas listas para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal laboral correspondentes aos grupos e categorías que se inclúen no anexo II.

Segundo.-As listas entrarán en vigor a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-As citadas listas atópanse expostas nas delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de

Galicia en Vigo e Ferrol, nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia, e tamén poden descargarse da páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Cuarto.-Contra esta resolución, e de conformidade co disposto nos artigos 107.1º e 114 ao 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO I
Corpos e escalas
Persoal funcionario

Grupo	Corpo escala	Denominación
A	2060	Corpo superior de Administración da Xunta de Galicia
A	2067	Escala de Veterinarios
A	205G	Escala de sistemas e tecnoloxía da información
A	2061	Escala de arquitectos
A	2063	Escala de enxeñeiros/as agrónomos
A	2068	Escala de biólogos/as
A	2069	Escala de químicos/as
A	206K	Escala de facultativo de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de arquivos
A	206L	Escala de facultativo de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de bibliotecas
A	206M	Escala de facultativo de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de museos
A	2083	Escala superior de estatísticos/as
A	2086	Escala superior de finanzas
A	2093	Escala de profesores/as numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros
A	2062	Escala de enxeñeiros/as de caminos, canles e portos
A	2064	Escala de enxeñeiros/as industriais
A	2065	Escala de enxeñeiros/as de minas
A	2066	Escala de enxeñeiros/as de montes
A	2072	Escala de arqueólogos/as
A	2080	Escala de enxeñeiros/as de telecomunicacións
B	2051	Corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia
B	2052	Escala de enxeñeiros/as técnicos forestais
B	205F	Escala técnica de finanzas
B	205H	Escala de xestión de sistemas de informática
B	206I	Inspección turística
B	206N	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de arquivos
B	206P	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de bibliotecas
B	206Q	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de museos
B	2077	Escala de enxeñeiros/as técnicos agrícola
B	2085	Escala técnica de estatística
B	2097	Escala de axentes de extensión pesqueira
B	2073	Escala de arquitectos/as técnicos
B	2074	Escala de enxeñeiros/as técnicos de obras públicas
B	2075	Escala de enxeñeiros/as técnicos industriais
B	2076	Escala de topógrafos/as
B	2079	Escala de enxeñeiros/as técnicos de minas
C	2053	Corpo administrativo da Xunta de Galicia
C	205I	Escala técnica auxiliar de informática

Grupo	Corpo escala	Denominación
C	2081	Escala de delinquentes
D	2059	Corpo auxiliar da Xunta de Galicia
D	2054	Escala de axentes forestais
E	2055	Corpo subalterno da Xunta de Galicia

ANEXO II

Grupos e categorías (persoal laboral)

Grupo	Categoría	Denominación
I	002	Titulado/a superior médico/a, médico/a xeriatra, médico/a CEI, médico/a adxunto/a, médico/a
I	006	Titulado/a superior psicólogo/a
I	011	Titulado/a superior pedagogo/a
I	014	Titulado/a superior sociólogo/a
II	002	ATS, enfermeiro/a, practicante, DUE
II	006	Educador/a, profesor/a especial
II	011	Fisioterapeuta
II	017	Asistente social
II	020	Terapeuta ocupacional
II	031	Restaurador/a
II	038	Perito-xudicial diplomado/a
III	004	Gobernante/a, gobernante/a servizos domésticos, encargado/a lavadouro, roupeiro, ferro de pasar
III	014	Xefe/a de cociña
III	050	Técnico/a especialista xardín de infancia
III	054	ETAR
III	061	Oficial laboratorio, analista 2º, axudante técnico/a laboratorio
III	063	Oficial 1º condutor/a, condutor/a 1º, condutores/as altos cargos, condutor/a mecánico/a
III	065	Oficial 1º cociña, oficial 1º cocineiro, xefe/a cociña, cocineiro/a 1º
III	066	Axudante taller, adxunto/a taller
III	068	Oficial 1º agrario, capataz agrario
III	069	Oficial servizos técnicos, oficial 1º mantemento, oficial 1º oficios varios, oficial de primeira
III	078	Subgobernante/a
III	098	Auxiliar de luces
III	103	Entrevistador/a-enquisador/a
IV	003	Auxiliar sanitario, auxiliar clínica, auxiliar psiquiátrico/a, auxiliar de enfermaría, cuidador/a xeriátrico, cuidador/a
IV	004	Auxiliar fogar, cuidador/a auxiliar, auxiliar cuidador/a, auxiliar de internado
IV	005	Oficial 2º cociña, cocineiro/a oficial 2º
IV	009	Oficial 2º agrario/a
IV	011	Auxiliar de laboratorio
IV	016	Condutor/a
IV	017	Almaceneiro/a, despenseiro/a
IV	035	Auxiliar de arquivos e bibliotecas
IV	036	Auxiliar de museos
IV	038	Auxiliar teléfono de información ao cidadán
IV	039	Auxiliar de autopsia
V	001	Camareiro/a-limpador/a, axudante cociña, pasador/a de ferro-lavandeiro/a, costureiro/a, cortador/a, pasador/a de ferro, lavandeiro/a
V	002	Axudante de traballos ou oficios, axudante albanel, peón/oa especializado/a, fontaneiro/a, axudante, hortelán/n, axudante traballos, encargado/a xardín
V	003	Ordenanza, celador/a, vixilante de oficinas, vixilante nocturno/a, vixilante, subalterno/a, porteiro/a, recepcionista, telefonista, sereno, garda, garda xurado
V	008	Peón/oa agrario/a
V	10D	Socorrista
V	10E	Vixilante de arquivos, bibliotecas e museos
V	011	Limpador/a, fregador/a, empregado/a comedor, empregado/a cociña-pinche, servizo doméstico, mozo/a de limpeza, pinche de cociña, persoal de servizos xerais
V	012	Peón/oa, laborante, varredor/a, mozo/a servizos, mozo/a laboratorio, mozo/a, pastor/a, xardineiro/a, mozo/a transportes, peón/oa xardineiro/a, EFU, mozo/a mantemento, mozo/a subalterno

Grupos e categorías do persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais e de persoal do Plan Infoga

Gupo	Categoría	Denominación
I	038	Técnico superior de defensa contra incendios forestais.
II	039	Técnico forestal de defensa contra incendios forestais.
III	100	Xefe de cuadrilla de defensa contra incendios forestais.
IV	032	Operador/a codificador/a de defensa contra incendios forestais.
IV	033	Conductor motobomba de defensa contra incendios forestais.
IV	037	Oficial 2º mecánico de defensa contra incendios forestais.
V	10A	Vixiante móbil de defensa contra incendios forestais.
V	10B	Vixilante fixo de defensa contra incendios forestais.
V	10C	Emisorista de defensa contra incendios forestais.
V	014	Peón de defensa contra incendios forestais.
V	14A	Peón condutor de defensa contra incendios forestais.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 16 de xuño de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante no organismo autónomo Augas de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral de Augas de Galicia (praza Camilo Díaz Baliño, Santiago de Compostela), nos seus servizos territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince (15) días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unir á petición un *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde un/unha funcionario/a con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma, conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e nas demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma, para o caso de funcionarios/as doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

ANEXO I

Código do posto: MA.A01.00.002.15770.001.

Denominación do posto: subdirector/a xeral de Programación e Proxectos.

Dependencia: Subdirección Xeral de Programación e Proxectos.

Localidade: Santiago de Compostela.

Grupo: A.

Nivel: 30.

Corpo ou escala: especial.

Titulación académica: 2004 (enxeñeiro/a de camiños, canles e portos).

Complemento específico: 21.320,12 €.

Adscrición Administración Pública: A11 (adscrición indistinta a funcionarios/as da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado, Administración das comunidades autónomas).

Formación específica: 523 (diploma de directivo) (mérito); 640 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego) (R.I.).

ANEXOII

MODELO DE SOLICITUDE

NOTA: úsese o publicado na páxina 11.385.

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 15 de xuño de 2009 pola que se convoca concurso de acceso a corpos de funcionarios/as docentes universitarios.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril), en diante LOU, e no Real decreto 1313/2007, do 5 de outubro, polo que se regula o réxime dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios, (en diante RDCA), e en virtude do establecido nos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro (BOE do 14 de xaneiro de 2004) da Xunta de Galicia.

Esta reitoría, no uso das competencias recoñecidas pola LOU, resolveu convocar a concurso a praza que figura no anexo I desta resolución, con suxección ás seguintes bases da convocatoria:

Primeira.-Normas xerais.

Este concurso rexeráse pola LOU, o RDCA, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante Lei 30/1992), os estatutos da Universidade de Vigo, pola normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios aprobada polo Consello de Goberno o 8 de outubro de 2008 e, no non previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.

Segunda.-Requisitos dos/as candidatos/as.

2.1. Para seren admitidos/as á realización destas probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os requisitos exixidos nesta base na data de finaliza-

ción do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata a toma de posesión:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así se prevexa nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

Igualmente poderán participar os aspirantes de nacionalidade estranxeira non comunitaria, cando se cumpran os requisitos establecidos no artigo 4 do RDCA.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter superado os setenta.

c) Estar acreditado para o corpo docente universitario de que se trate, cumprir os requisitos establecidos no artigo 4 do RDCA e non estar incurso na prohibición do punto 4º do artigo 9, do mesmo RDCA.

d) Ter aboados as taxas por dereitos de exame.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes á praza.

Terceira.-Solicitudes.

3.1. As solicitudes para participar no concurso axustaranse ao modelo que figura como anexo II desta convocatoria e dirixiranse ao reitor da Universidade de Vigo no prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial del Estado*. Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48 da Lei 30/1992.

3.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral (reitoría, campus universitario, 36310-Vigo) ou nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo (Cam-

pus de Pontevedra, Campus de Ourense e r/ Torrecedeira, nº 86 de Vigo) ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992. As solicitudes no estranxeiro poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

Os dereitos de exame serán de 36 euros e ingresaranse na conta corrente nº 2091-0501-64-3110000201, *Caixa Galicia*, OP-Vigo. Universidade de Vigo. Taxas. O pagamento realizarase directamente nas oficinas da citada entidade, utilizando exclusivamente o impreso de solicitude (anexo II) ou mediante transferencia bancaria na cal deberá constar obrigatoriamente o nome e apelidos do/a interesado/a, referencia, corpo e área da praza a cal concursa. En ningún caso a mera presentación da solicitude e o pagamento na entidade bancaria suporán a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude ante o órgano expresado na base 3.1.

Os dereitos de exame serán reintegrados de oficio aos aspirantes que sexan excluídos definitivamente da realización das probas selectivas ou cando as probas non se realicen, sempre que cubrisen os datos bancarios necesarios para facer a devolución.

3.3. Coa instancia achegaranse necesariamente os seguintes documentos; será causa de exclusión a falta dalgún deles:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade; os/as aspirantes que non posúan nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo. Así mesmo, deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar separados de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Copia dos documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos que se sinalan na letra c) da base 2.1. No suposto de ser profesor/a nunha praza de igual categoría, certificación acreditativa do seu desempeño.

c) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame. Estarán exentas do pagamento as persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que, acompañando a súa solicitude, presenten os certificados que a acrediten.

3.4. Os erros de feito que se puidesen advertir poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento do interesado. Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes, podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 3.1. para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo non se

admitirá ningún pedimento desta natureza, excepto causa excepcional sobrevida, xustificada e discrecionalmente apreciada pola universidade.

Cuarta.-*Admisión de aspirantes.*

4.1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da Universidade de Vigo ditará unha resolución aprobando a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, que será publicada no taboleiro de anuncios do rexistro xeral da Universidade de Vigo, que servirá de notificación aos/ás interesados/as para todos os efectos, e a título divulgativo nos taboleiros de anuncios dos rexistros auxiliares e no enderezo da internet: <http://www.uvigo.es/servicios/pdi/emprego.gl.htm> (Servizo de Personal Docente e Investigador).

4.2. Contra a dita resolución os/as interesados/as poderán presentar reclamación ante o reitor, no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación. Resoltas as ditas reclamacións, publicarase nos mesmos lugares a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Quinta.-*Comisión de acceso.*

5.1. De acordo co que establece o artigo 83 dos estatutos da Universidade de Vigo, a composición da comisión é a que figura no anexo III desta convocatoria e terá a categoría primeira das recollidas no artigo 30 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnización por razón do servizo. Agás pedimento noutro sentido e autorizado, terá a súa sede e actuará no centro en que teña a súa sede o departamento ao cal se adscriba a praza convocada.

5.2. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, salvo cando concorra causa xustificada, debidamente alegada polo/a interesado/a e así apreciada por esta reitoría. Os membros da comisión deberán absterse de actuar e os interesados poderanos recusar os nos casos e polos motivos previstos no artigo 28 da Lei 30/1992. Resolta a renuncia, a abstención ou a recusación, os/as afectados/as serán substituídos polos respectivos suplentes e, no seu defecto, por orde correlativa e en último caso resolverá o reitor.

5.3. A comisión deberá constituírse no prazo dun mes desde a publicación da relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as. Transcorrido o prazo sen que se constituíse, o reitor procederá á substitución do/a presidente/a titular.

5.4. O/a presidente/a titular convocará por escrito os membros titulares e, de ser o caso, suplentes, cunha antelación mínima de dez días hábiles, fixando lugar, a data e a hora para proceder ao acto de constitución da comisión. No dito acto, a comisión establecerá e, antes do acto de presentación dos/as candidatos/as, fará públicos os criterios de valoración do concurso adecuados ao perfil da praza.

5.5. A constitución da comisión exixirá a asistencia da totalidade dos membros. Os membros titulares que non concorresen a este acto cesarán e serán substituídos polos seus respectivos suplentes. Unha vez constituída a comisión, en caso de ausencia do/a seu presidente/a será substituído/a polo/a catedrático/a de universidade con maior antigüidade, que teña recoñecidos, polo menos, dous tramos de investigación.

5.6. Para que a comisión poida actuar validamente requirirase a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros, entre os que figurarán obrigatoriamente o/a presidente/a e o/a secretario/a. Os membros da comisión que estivesen ausentes da proba cesarán en tal condición, sen prexuízo das responsabilidades en que puidesen ter incorrido, e serán substituídos polo membro suplente que corresponda. Ao/a secretario/a de cada comisión corresponderanlle as actuacións administrativas e a xestión económica propias da comisión, auxiliado polo persoal de administración e servizos do centro en que teña a súa sede.

5.7. Durante o desenvolvemento do concurso, a comisión resolverá as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que proceda nos casos non previstos nelas. En todo momento, a súa actuación axustarase ao disposto na Lei 30/1992.

Sexta.-Acto de presentación e proba.

6.1. O/a presidente/a da comisión convocará os concursantes ao acto de presentación cunha antelación mínima de dez días hábiles, indicando lugar e hora para realizar o acto de presentación.

6.2. No acto de presentación que será público, os/as concursantes entregarán por sextuplicado o *curriculum vitae* no cal detallarán os seus méritos, historial académico docente e investigador, así como o seu proxecto docente e investigador adecuado ao perfil do concurso, tamén por sextuplicado. Ademais, entregarán un exemplar das publicacións e dos documentos acreditativos do consignado neste, con independencia de que a comisión poida solicitar documentación complementaria acreditativa orixinal ou compulsada. O *curriculum vitae* deberase axustar ao modelo que se achega como anexo IV.

6.3. Neste mesmo acto determinarase, mediante sorteo, a orde de actuación dos/as candidatos/as e a comisión fixará e publicará o lugar, a data e a hora de comezo da proba, a cal se deberá iniciar no prazo máximo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao do acto de presentación. Igualmente, fixará o prazo durante o cal os/as candidatos poderán examinar a documentación presentada polos restantes concursantes.

6.4. A comisión non valorará os méritos que, alegados polos/as aspirantes no *curriculum vitae*, non estean debidamente xustificadas e sempre referidos á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

6.5. Os concursos realizaranse en dependencias da Universidade de Vigo. Constarán dunha única proba, que será pública e que consistirá na exposición oral, durante un tempo mínimo de trinta minutos e máximo de dúas horas, dos méritos e historial académico docente e investigador, así como do proxecto docente e investigador presentado. A continuación, a comisión debaterá co/a candidato/a durante un tempo máximo de dúas horas sobre os seus méritos, o seu proxecto docente e investigador e a adecuación destes ao perfil da praza obxecto de concurso.

6.6. Finalizada a proba, cada membro da comisión entregarálle ao/á presidente/a un informe razoado, axustado aos criterios previamente fixados de cada un dos/as concursantes, con expresión explícita de voto favorable ou desfavorable.

6.7. Para superar a proba é necesario obter, polo menos, tres votos favorables dos membros da comisión. De non acadar ningún/ningunha candidato/a polo menos tres votos favorables, o proceso poderá concluír coa proposta de non-provisión, que deberá ser suficientemente motivada.

6.8. A proposta de provisión de prazas realizarase con base nos votos favorables recibidos dos membros da comisión. En caso de empate recorrerase á votación, sen que sexa posible a abstención. De persistir o empate dirimirá o voto do/a presidente/a.

Sétima.-Proposta, presentación de documentos e nomeamento.

7.1. A comisión propondrá ao reitor, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación de todos/as os/as candidatos/as que superaron a proba por orde de preferencia para o nomeamento dun número deles/as que non exceda o número de prazas convocadas a concurso. Esta proposta será publicada no centro onde se realizou a proba e servirá de notificación aos/ás interesados/as para todos os efectos. O tempo transcorrido entre a publicación da convocatoria e a resolución do concurso non poderá exceder dos catro meses. Para estes efectos o mes de agosto considérase inhábil.

No prazo dos tres días hábiles seguintes ao de remate da súa actuación, o/a secretario/a da comisión entregará na Secretaría Xeral da Universidade de Vigo a documentación completa relativa ás súas actuacións e un exemplar da documentación presentada por cada concursante, a cal, unha vez finalizado e firme o proceso do concurso, poderá serlles devolta se así o solicitan.

7.2. Os/as candidatos/as propostos para a provisión das prazas deberán presentar no prazo dos vinte días naturais seguintes ao de finalización da actuación da comisión, nos lugares e conforme o procedemento previsto na base 3.2., os seguintes documentos:

a) Copia do título académico requirido de acordo co artigo 4 do RDCA.

b) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado/a de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, ni atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións docentes e asistenciais.

Os/as concursantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impidan, no seu Estado, o acceso á función pública, segundo o establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro (BOE do 24 de decembro).

c) Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que os/as incapacite para o desempeño das funcións correspondentes a profesor de universidade.

d) Declaración de non estar afectados/as de incompatibilidade.

7.3. Os/as que tivesen a condición de funcionarios/as públicos de carreira estarán exentos/as de xustificar e presentar os documentos das alíneas b) e c), e deberán presentar certificación da universidade ou organismo de que dependan, acreditativa da súa condición de funcionarios/as e de cantas circunstancias consten na súa folla de servizos.

7.4. O reitor da Universidade de Vigo efectuará o nomeamento como funcionario/a docente de carreira dos/as candidatos/as propostos/as pola comisión, unha vez que acreditasen no prazo a documentación requirida; de non facelo, o reitor procederá ao nomeamento do/a seguinte candidato/a na orde proposta.

7.5. O nomeamento especificará a denominación da praza: corpo e área de coñecemento. Comunicarase ao correspondente rexistro para os efectos de outorgamento do número de rexistro de persoal e inscrición nos corpos respectivos, remitirase para a súa publicación ao *Boletín Oficial del Estado* e ao *Diario Oficial de Galicia* e comunicarase á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria.

7.6. No prazo máximo de vinte días hábiles, contados desde o seguinte ao de publicación do nomeamento no *Boletín Oficial del Estado*, o/a candidato/a proposto/a deberá tomar posesión do seu destino, momento en que adquirirá a condición de funcionario/a docente universitario de carreira do corpo de que se trate.

Oitava.-Comisión de reclamacións.

8.1. Contra a proposta da comisión, os/as candidatos/as admitidos/as ao concurso poderán presentar reclamación ante o reitor da Universidade de Vigo, no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación no lugar de realización da proba. Admitida a trámite a reclamación, suspenderase o nomeamento ata a súa resolución definitiva.

8.2. As reclamacións que se presenten anunciáranse no taboleiro de anuncios do rexistro xeral da Universidade de Vigo, publicación que servirá de notificación para todos os efectos. Os/as interesados/as disporán dun prazo de dez (10) días naturais para formular alegacións en relación co contido da reclamación.

8.3. As reclamacións serán valoradas pola comisión de reclamacións da Universidade de Vigo, que examinará o expediente relativo ao concurso, valorará os aspectos puramente procedementais e verificará o efectivo respecto, por parte da comisión de selección, da igualdade de condicións dos/as candidatos/as e dos principios de mérito e de capacidade no procedemento do concurso de acceso. Resolverá no prazo máximo de tres meses, ratificando ou non a proposta reclamada. Neste último caso, retrotraerase o expediente ata o momento en que se produciu o vicio, e a comisión de selección deberá formular nova proposta, tras o cal o reitor ditará a resolución de acordo coa proposta da comisión de reclamacións.

8.4. As resolucións do reitor a que se refire o punto anterior deste artigo esgotan a vía administrativa e serán impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Novena.-Norma derradeira.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderase interpor recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da devandita publicación, de acordo co disposto na Lei 30/1992.

Vigo, 15 de xuño de 2009.

P.S. (Resolución 8-6-2009)

José Cidrás Pidre

Vicerreitor de Planificación da Universidade de Vigo

ANEXO I Datos da praza

Código: DF0924.

Número de prazas: 1.

Corpo: catedráticos de universidade.

Área de coñecemento: enxeñaría telemática.

Departamento: Enxeñaría Telemática.

Actividade docente e investigadora: sistemas operativos.

ANEXO II

Solicitud de participación

DATOS DA CONVOCATORIA	
Código da praza: DF0924	Corpo docente: catedráticos de universidade
Área de coñecemento: enseñaría telemática	
Departamento: Enxeñaría Telemática	Centro: Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación-Vigo
Actividades asignadas á praza: sistemas operativos	

DATOS PERSOAIS E PROFESIONAIS				
Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome
Data de nacemento	Lugar de nacemento	Provincia de nacemento	NIF	
Enderezo/Lugar para os efectos de notificacións			Código postal	
Municipio		Provincia	Enderezo electrónico e teléfono	
No caso de ser funcionario/a público de carreira:				
Denominación do corpo ou praza		Organismo	Data de ingreso	Número rexistro persoal
Situación:		Activo:		Servizos especiais:
		Excedente voluntario:		Outras:
De proceder a devolución das taxas, indique os 20 díxitos da súa conta:				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

O/A abaixo asinante

SOLICITA: ser admitido/a ao concurso da praza referenciada comprometéndose, no caso de superalo, a formular o xuramento ou promesa de acordo co establecido no Real decreto 707/1979, do 5 de abril; e,

DECLARA: que son certos todos e cada un dos datos consignados nesta solicitude, que reúne as condicións exixidas na convocatoria anteriormente referida, e todas as necesarias para o acceso á función pública.

En, de de 200 ...
(sinatura)

REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Este impreso non será válido sen o selo ou impresión mecánica da oficina bancaria.

Ingreso na conta nº 2091-0501-64-3110000201
Caixa Galicia, OP-Vigo. Universidade de Vigo. Taxas.

Importe: 36 euros

ANEXO III
Comisión de acceso

Calidade	Nome e apelidos	Corpo/categoría	Universidade/ organismo
Titular			
Presidente	Juan Bautista Riera García	Catedrático de universidade	U. Politécnica de Madrid
Secretario	Joan Vinyes i Sanz	Catedrático de universidade	U. Politécnica de Madrid
Vogal primeiro	Ioannis Dimitriadis Damoulis	Catedrático de universidade	U. de Valladolid
Vogal segundo	Enrique Vázquez Gallo	Catedrático de universidade	U. Politécnica de Madrid
Vogal terceiro	José Luis Melús Moreno	Catedrático de universidade	U. Politécnica de Cataluña
Suplente			
Presidente	Juan Quemada Vives	Catedrático de universidade	U. Politécnica de Madrid
Secretario	Javier González Castaño	Catedrático de universidade	U. de Vigo
Vogal primeira	Arturo Azcorra Saloña	Catedrático de universidade	U. Carlos III de Madrid
Vogal segundo	Julio José Berrocal Colmenarejo	Catedrático de universidade	U. Politécnica de Madrid
Vogal terceiro	Javier Aracil Rico	Catedrático de universidade	U. Autónoma de Madrid

ANEXO IV
Curriculum vitae

-Datos persoais.

Apelidos e nome.

NIF.

Data, localidade e provincia de nacemento.

Enderezo, localidade e provincia de residencia.

Teléfono e enderezo electrónico.

Categoría actual como profesor, centro, departamento e área de docencia actual.

Data de resolución da habilitación e BOE de publicación.

-Datos académicos.

1. Títulos académicos: clase, organismo e centro expedidor, data, cualificación se a houber.

2. Postos docentes desempeñados: categoría, organismo ou centro, réxime de dedicación, data de nomeamento ou contrato, data de cesamento.

3. Actividade docente desempeñada.

4. Actividade investigadora desempeñada.

5. Publicacións de libros e monografías: autor ou coautor/es, título, editor, editorial, data (de estar pendente de publicación, xustifíquese a aceptación polo consello editorial).

6. Traballos científicos publicados en revistas españolas ou estranxeiras: autor ou coautor/es, título,

lo, revista, volume, páxina, data (de estar pendente de publicación, xustifíquese a aceptación polo consello editorial).

7. Outras publicacións.

8. Outros traballos de investigación.

9. Proxectos de investigación subvencionados.

10. Comunicacións e relatorios presentados a congresos: título, organizador, carácter nacional ou internacional, lugar, data.

11. Patentes.

12. Cursos e seminarios impartidos: centro, organismo, materia, actividade desenvolvida, data.

13. Cursos e seminarios recibidos: centro, organismo, materia, data.

14. Bolsas, axudas e premios recibidos (posteriores á licenciatura).

15. Actividade en empresas e profesión libre.

16. Outros méritos docentes ou de investigación.

17. Outros méritos.

18. Cargos de xestión desempeñados: cargo, centro, período.

19. Dilixencia de referendo do *curriculum*.

Resolución do 15 de xuño de 2009 pola que se convoca concurso de acceso a corpos de funcionarios/as docentes universitarios.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril), en diante LOU, e no Real decreto 1313/2007, do 5 de outubro, polo que se regula o réxime dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios (en adiante RDCA), e en virtude do establecido nos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro (BOE do 14 de xaneiro de 2004) da Xunta de Galicia.

Esta reitoría, no uso das competencias recoñecidas pola LOU, resolveu convocar a concurso a praza que figura no anexo I desta resolución, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria.

Primeira.-*Normas xerais.*

Este concurso rexerese pola LOU, o RDCA, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante Lei 30/1992), os estatutos da Universidade de Vigo pola normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios aprobada polo Consello de Goberno o 8 de outubro de 2008 e, no non previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.

Segunda.-*Requisitos dos/as candidatos/as.*

2.1. Para ser admitido/a á realización destas probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os requisitos exixidos nesta base na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata a toma de posesión:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así se preveña nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

Igualmente poderán participar os aspirantes de nacionalidade estranxeira non comunitaria, cando se cumpran os requisitos establecidos no artigo 4 do RDCA.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter superado os setenta.

c) Estar acreditado para o corpo docente universitario de que se trate, cumprir os requisitos establecidos no artigo 4 do RDCA e non estar incurso na prohibición do número 4º do artigo 9, do mesmo RDCA.

d) Ter aboado as taxas por dereitos de exame.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Os aspirantes cuxa

nacionalidade non sexa a española deberán acreditar non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes á praza.

Terceira.-*Solicitudes.*

3.1. As solicitudes para participar no concurso axustaranse ao modelo que figura como anexo II desta convocatoria e dirixiranse ao reitor da Universidade de Vigo no prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*. Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48 da Lei 30/1992.

3.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral (reitoría, campus universitario, 36310 Vigo) ou nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra, Campus de Ourense e r/ Torrecedeira, nº 86 de Vigo), ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992. As solicitudes no estranxeiro poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

Os dereitos de exame serán de 36 euros e ingresaranse na conta corrente nº 2091-0501-64-3110000201, *Caixa Galicia*, OP-Vigo. Universidade de Vigo. Taxas. O pagamento realizarase directamente nas oficinas da citada entidade, utilizando exclusivamente o impreso de solicitude (anexo II) ou mediante transferencia bancaria en que deberán constar obrigatoriamente o nome e apelidos do/a interesado/a, referencia, corpo e área da praza a que concursa. En ningún caso a mera presentación da solicitude e o pagamento na entidade bancaria suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude ante o órgano expresado na base 3.1.

Os dereitos de exame serán reintegrados de oficio aos aspirantes que sexan excluídos definitivamente da realización das probas selectivas ou cando as probas non se realicen, sempre que cubrisen os datos bancarios necesarios para facer a devolución.

3.3. Coa instancia achegarase necesariamente os seguintes documentos, sendo causa de exclusión a falta dalgún deles:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade; os/as aspirantes que non posúan nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán pre-

sentar fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan dito vínculo. Así mesmo, deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar separados de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Copia dos documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos que se sinalan na letra c) da base 2.1. No suposto de ser profesor/a nunha praza de igual categoría, certificación acreditativa do seu desempeño.

c) Xustificante de ter aboado os dereitos de exame. Estarán exentas do pagamento as persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que xunto con a súa solicitude presenten os certificados que a acrediten.

3.4. Os erros de feito que se puidesen advertir poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a pedimento do interesado. Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes, podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 3.1 para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo non se admitirá ningún pedimento desta natureza, agás causa excepcional sobrevida, xustificada e discrecionalmente apreciada pola universidade.

Cuarta.-Admisión de aspirantes.

4.1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da Universidade de Vigo ditará unha resolución aprobando a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, que será publicada no taboleiro de anuncios do rexistro xeral da Universidade de Vigo, que servirá de notificación aos/ás interesados/as para todos os efectos, e a título divulgativo nos taboleiros de anuncios dos rexistros auxiliares e no enderezo da internet: <http://www.uvigo.es/servicios/pdi/emprego.gl.htm> (Servizo de Persoal Docente e Investigador).

4.2. Contra esta resolución os/as interesados/as poderán presentar reclamación ante o reitor, no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación. Resoltas as reclamacións, publicarase nos mesmos lugares a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Quinta.-Comisión de acceso.

5.1. De acordo co que establece o artigo 83 dos estatutos da Universidade de Vigo, a composición

da comisión é a que figura no anexo III desta convocatoria e terá a categoría primeira das recollidas no artigo 30 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnización por razón do servizo. Agás pedimento noutro sentido e autorizado, terá a súa sede e actuará en centro no que teña a súa sede o departamento a que se adscriba a praza convocada.

5.2. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, salvo cando concorra causa xustificada, debidamente alegada polo/a interesado/a e así apreciada por esta reitoría. Os membros da comisión deberán absterse de actuar e os/as interesados/as poderán recusalos nos casos e polos motivos previstos no artigo 28 da Lei 30/1992. Resolta a renuncia, a abstención ou a recusación, os/as afectados/as serán substituídos/as polos respectivos suplentes e, no seu defecto, por orde correlativa e, en último caso, resolverá o reitor.

5.3. A comisión deberá constituírse no prazo dun mes desde a publicación da relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as. Transcorrido o prazo sen que se constituíse, o reitor procederá á substitución do/a presidente/a titular.

5.4. O/a presidente/a titular convocará por escrito os membros titulares e, de ser o caso, suplentes, cunha antelación mínima de dez días hábiles, fixando o lugar, a data e a hora para proceder ao acto de constitución da comisión. No dito acto, a comisión establecerá e, antes do acto de presentación dos/as candidatos/as, fará públicos os criterios de valoración do concurso adecuados ao perfil da praza.

5.5. A constitución da comisión exixirá a asistencia da totalidade dos membros. Os membros titulares que non concorresen a este acto cesarán e serán substituídos polos seus respectivos suplentes. Unha vez constituída a comisión, en caso de ausencia do/a seu/súa presidente/a será substituído/a polo/a catedrático/a de universidade con maior antigüidade que teña recoñecidos, polo menos, dous tramos de investigación.

5.6. Para que a comisión poida actuar validamente requirirase a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros, entre os que figurarán obrigatoriamente o/a presidente/a e o/a secretario/a. Os membros da comisión que estivesen ausentes da proba cesarán en tal condición, sen prexuízo das responsabilidades en que puidesen ter incorrido, sendo substituídos polo membro suplente que corresponda. Ao/á secretario/a de cada comisión corresponderánlle as actuacións administrativas e a xestión económica propias da comisión, auxiliado polo persoal de administración e servizos do centro en que teña a súa sede.

5.7. Durante o desenvolvemento do concurso, a comisión resolverá as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que proceda nos casos non previstos nelas. En todo momento a súa actuación axustarase ao disposto na Lei 30/1992.

Sexta.-Acto de presentación e proba.

6.1. O/a presidente/a da comisión convocará os concursantes ao acto de presentación cunha antelación mínima de dez días hábiles, indicando o lugar e a hora para realizar o acto de presentación.

6.2. No acto de presentación, que será público, os/as concursantes entregarán por sextuplicado o *curriculum vitae* en que detallarán os seus méritos, historial académico docente e investigador, así como o seu proxecto docente e investigador adecuado ao perfil do concurso, tamén por sextuplicado. Ademais, entregarán un exemplar das publicacións e dos documentos acreditativos do consignado neste, con independencia de que a comisión poida solicitar documentación complementaria acreditativa orixinal ou compulsada. O *curriculum vitae* deberá axustarse ao modelo que se achega como anexo IV.

6.3. Neste mesmo acto determinarase, mediante sorteo, a orde de actuación dos/as candidatos/as e a comisión fixará e publicará o lugar, a data e a hora de comezo da proba, a cal deberá iniciarse no prazo máximo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao acto de presentación. Igualmente, fixará o prazo durante o cal os/as candidatos/as poderán examinar a documentación presentada polos restantes concursantes.

6.4. A comisión non valorará os méritos que, sendo alegados polos/as aspirantes no *curriculum vitae*, non estean debidamente xustificadas e sempre referidos á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

6.5. Os concursos realizaranse en dependencias da Universidade de Vigo. Constarán dunha única proba, que será pública e que consistirá na exposición oral, durante un tempo mínimo de trinta minutos e máximo de dúas horas, dos méritos e historial académico docente e investigador, así como do proxecto docente e investigador presentado. A continuación, a comisión debaterá co/a candidato/a durante un tempo máximo de dúas horas sobre os seus méritos, o seu proxecto docente e investigador e a adecuación destes ao perfil da praza obxecto de concurso.

6.6. Finalizada a proba, cada membro da comisión entregarálle ao/á presidente/a un informe razoado, axustado aos criterios previamente fixados

de cada un dos/as concursantes, con expresión explícita de voto favorable ou desfavorable.

6.7. Para superar a proba é necesario obter, polo menos, tres votos favorables dos membros da comisión. De non acadar ningún/ningunha candidato/a polo menos tres votos favorables, o proceso poderá concluír coa proposta de non provisión, que deberá ser suficientemente motivada.

6.8. A proposta de provisión de prazas realizarase con base nos votos favorables recibidos dos membros da comisión. En caso de empate recorrease á votación, sen que sexa posible a abstención. De persistir o empate, dirimirá o voto do/a presidente/a.

Sétima.-Proposta, presentación de documentos e nomeamento.

7.1. A comisión propondrá ao reitor, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación de todos/as os/as candidatos/as que superasen a proba por orde de preferencia para o nomeamento dun número deles/as que non exceda o número de prazas convocadas a concurso. Esta proposta será publicada no centro onde se realizou a proba, e servirá de notificación aos/ás interesados/as para todos os efectos. O tempo transcorrido entre a publicación da convocatoria e a resolución do concurso non poderá exceder os catro meses. Para estes efectos o mes de agosto considérase inhábil.

No prazo dos tres días hábiles seguintes ao de rematar a súa actuación, o/a secretario/a da comisión entregará na Secretaría Xeral da Universidade de Vigo a documentación completa relativa ás súas actuacións e un exemplar da documentación presentada por cada concursante a cal, unha vez finalizado e firme o proceso do concurso, poderalles ser devolta se así o solicitan.

7.2. Os/as candidatos/as propostos/as para a provisión das prazas deberán presentar no prazo dos vinte días naturais seguintes ao de finalizar a actuación da comisión, nos lugares e conforme o procedemento previsto na base 3.2, os seguintes documentos:

a) Copia do título académico requirido de acordo co artigo 4 do RDCA.

b) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado/a de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, ni atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións docentes e asistenciais.

Os/as concursantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal

que impidan, no seu Estado, o acceso á función pública segundo o establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro (BOE do 24 de decembro).

c) Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que o/a incapacite para o desempeño das funcións correspondentes a profesor de universidade.

d) Declaración de non estar afectado/a de incompatibilidade.

7.3. Os/as que tivesen a condición de funcionarios/as públicos de carreira estarán exentos/as de xustificar e presentar os documentos das alíneas b) e c), debendo presentar certificación da universidade ou organismo de que dependan, acreditativa da súa condición de funcionarios/as e de cantas circunstancias consten na súa folla de servizos.

7.4. O reitor da Universidade de Vigo efectuará o nomeamento como funcionario/a docente de carreira dos/as candidatos/as propostos/as pola comisión, unha vez que teñan acreditado no prazo a documentación requirida; de non facelo, o reitor procederá ao nomeamento do/a seguinte candidato/a na orde proposta.

7.5. O nomeamento especificará a denominación da praza: corpo e área de coñecemento. Comunicárase ao correspondente rexistro para efectos de outorgamento do número de rexistro de persoal e inscrición nos corpos respectivos, remitirase para a súa publicación ao BOE e ao *Diario Oficial de Galicia* e comunicárase á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria.

7.6. No prazo máximo de vinte días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do nomeamento no BOE, o/a candidato/a proposto/a deberá tomar posesión do seu destino, momento en que adquirirá a condición de funcionario/a docente universitario de carreira do corpo de que se trate.

Oitava.-*Comisión de reclamacións.*

8.1. Contra a proposta da comisión, os/as candidatos/as admitidos/as ao concurso poderán presentar reclamación ante o reitor da Universidade de Vigo, no prazo máximo de dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación no lugar de realización da proba. Admitida a trámite a reclamación, suspenderase o nomeamento ata a súa resolución definitiva.

8.2. As reclamacións que se presenten anunciaranse no taboleiro de anuncios do rexistro xeral da Universidade de Vigo, publicación que servirá de notificación para todos os efectos. Os/as interesados/as disporán dun prazo de 10 días naturais para

formular alegacións sobre o contido da reclamación.

8.3. As reclamacións serán valoradas pola comisión de reclamacións da Universidade de Vigo que examinará o expediente relativo ao concurso, valorará os aspectos puramente procedementais, e verificará o efectivo respecto, por parte da comisión de selección, da igualdade de condicións dos/as candidatos/as e dos principios de mérito e da súa capacidade no procedemento do concurso de acceso. Resolverá no prazo máximo de tres meses, ratificando ou non a proposta reclamada. Neste último caso, retrotraerase o expediente ata o momento en que se produciu o vicio, debendo a comisión de selección formular nova proposta, tras o que o reitor ditará a resolución de acordo coa proposta da comisión de reclamacións.

8.4. As resolucións do reitor a que se refire o punto anterior deste artigo esgotan a vía administrativa e serán impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Novena.-*Norma final.*

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, poderase interpor recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da devandita publicación, de acordo co disposto na Lei 30/1992.

Vigo, 15 de xuño de 2009.

P.S. (Resolución 8-6-2009)

José Cidrás Pidre

Vicerreitor de Planificación da Universidade de Vigo

ANEXO I **Datos da praza**

Código: DF0923.

Número de prazas: 1.

Corpo: catedráticos de universidade.

Área de coñecemento: estratigrafía.

Departamento: Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.

Actividade docente e investigadora: xeoquímica sedimentaria e ambiental.

ANEXO II
Solicitud de participación

DATOS DA CONVOCATORIA	
Código da praza: DF0923	Corpo docente: catedráticos de universidade
Área de coñecemento: estratigrafía	
Departamento: Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio	Centro: Facultade de Ciencias - Vigo
Actividades asignadas á praza: xeoquímica sedimentaria e ambiental	

DATOS PERSOAIS E PROFESIONAIS																			
Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome															
Data de nacemento	Lugar de nacemento	Provincia de nacemento		NIF															
Enderezo/lugar para efectos de notificacións				Código postal															
Municipio		Provincia		Enderezo electrónico e teléfono															
Caso de ser funcionario/a público de carreira:																			
Denominación do corpo ou praza		Organismo	Data de ingreso	Número rexistro persoal															
Situación		<input type="checkbox"/> Activo <input type="checkbox"/> Excedente voluntario		<input type="checkbox"/> Servizos especiais <input type="checkbox"/> Outras															
De proceder a devolución das taxas, indique os 20 díxitos da súa conta:																			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	-	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	-	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

O/a abaixo firmante

SOLICITA: Ser admitido/a ao concurso da praza referenciada comprometéndose, caso de superalo, a formular o xuramento ou promesa de acordo co establecido no Real decreto 707/1979, do 5 de abril; e,

DECLARA: Que son certos todos e cada un dos datos consignados nesta solicitude, que reúne as condicións exixidas na convocatoria anteriormente referida, e todas as necesarias para o acceso á función pública.

..... de de 200 ...
(sinatura)

REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Este impreso non será válido sen o selo ou impresión mecánica da oficina bancaria.

Ingreso na conta nº 2091-0501-64-3110000201
Caixa Galicia, O.P.-Vigo. Universidade de Vigo. Taxas.

Importe: 36 euros

ANEXO III
Comisión de acceso

Calidade	Nome e apelidos	Corpo/categoría	Universidade/ organismo
Titular			
Presidente	Federico Vilas Martín	Catedrático de universidade	U. de Vigo
Secretario	Daniel Rey García	Catedrático de universidade	U. de Vigo
Vogal primeiro	César Viseras Alarcón	Catedrático de universidade	U. de Granada
Vogal segundo	Javier Martín Chivelet	Catedrático de universidade	U. Complutense de Madrid
Vogal terceiro	Juan Fernández Martínez	Catedrático de universidade	U. de Granada
Suplente			
Presidente	Luis Cabrera Pérez	Catedrático de universidade	U. de Barcelona
Secretario	Mariano Marzo Carpio	Catedrático de universidade	U. de Barcelona
Vogal primeiro	Luis Pomar Gomá	Catedrático de universidade	U. das Illas Baleares
Vogal segundo	José Miguel Molina Cámara	Catedrático de universidade	U. de Jaén
Vogal terceiro	José Ramón Más Mayoral	Catedrático de universidade	U. Complutense de Madrid

ANEXO IV
Curriculum vitae

Datos persoais.

Apelidos e nome.

NIF.

Data, localidade e provincia de nacemento.

Enderezo, localidade e provincia de residencia.

Teléfono e enderezo electrónico.

Categoría actual como profesor, centro, departamento e área de docencia actual.

Data de resolución da habilitación e BOE de publicación.

Datos académicos.

1. Títulos académicos: clase, organismo e centro expedidor, data, cualificación se a houbese.

2. Postos docentes desempeñados: categoría, organismo ou centro, réxime de dedicación, data de nomeamento ou contrato, data de cesamento.

3. Actividade docente desempeñada.

4. Actividade investigadora desempeñada.

5. Publicacións de libros e monografías: autor ou coautor/es, título, editor, editorial, data (de estar pendente de publicación, xustifíquese a aceptación polo consello editorial).

6. Traballos científicos publicados en revistas españolas ou estranxeiras: autor ou coautor/es, título, revista, volume, páxina, data (de estar pendente de publicación, xustifíquese a aceptación polo consello editorial).

7. Outras publicacións.

8. Outros traballos de investigación.

9. Proxectos de investigación subvencionados.

10. Comunicacions e relatorios presentadas a congresos: título, organizador, carácter nacional ou internacional, lugar, data.

11. Patentes.

12. Cursos e seminarios impartidos: centro, organismo, materia, actividade desenvolta, data.

13. Cursos e seminarios recibidos: centro, organismo, materia, data.

14. Bolsas, axudas e premios recibidos (posteriores á licenciatura).

15. Actividade en empresas e profesión libre.

16. Outros méritos docentes ou de investigación.

17. Outros méritos.

18. Cargos de xestión desempeñados: cargo, centro, período.

19. Dilixencia de referendo do *curriculum vitae*.

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA**

**XULGADO DE PRIMEIRA
INSTANCIA E INSTRUCCIÓN
NÚMERO UN DO BARCO DE
VALDEORRAS**

Edicto (503/2008).

Sofía Alonso Regueiro, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número un do Barco de Valdeorras, dou fe de que no xuízo de desafiuzamento nº 503/2008 se ditou a sentenza que no seu encabezamento e parte dispositiva son do teor literal seguinte:

Sentenza nº 25 de 2009.

No Barco de Valdeorras, o vinte e dous de abril de dous mil nove.

Vistos por José Javier Bobillo Blanco, xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un desta vila e do seu partido xudicial, os presentes autos de xuízo verbal seguidos baixo o número 503/2008, entre partes, dunha, como demandante, José Bao González, representado polo procurador

dos tribunais Jorge Vega Álvarez e defendido polo letrado José Antonio Iglesias Franco, e, doutra, como demandada, Jurgen Pichler Walter, sen representación procesual nos autos, sobre desafiuamento por falta de pagamento e reclamación de cantidade e,

Decido que estimando a demanda interposta polo procurador dos tribunais Jorge Vega Álvarez en nome e representación de José Bao González contra Jurgen Pichler Walter, debo declarar e declaro que procede o desafiuamento da parte demandada da vivenda sita no nº 15 da rúa Paseo do Malecón 1º A, desta localidade, condenando a demandada a deixar libre e á disposición da parte demandante a expresada vivenda, quedando resolto o contrato de arrendamento que sobre esta vivenda vinculaba os litigantes, condenando a dita demandada a aboarlle á parte demandante a cantidade de catro mil cincuenta euros (4.050 euros), correspondente ás mensualidades de agosto de 2008 a abril de 2009; devengando a cantidade líquida a cuxo pagamento se condena a demandada desde a data desta sentenza e ata o seu completo pagamento xerará o xuro legal e incrementado en dous puntos, con expresa imposición de xustas á dita demandada.

Esta sentenza, que se notificará ás partes, non é firme e contra ela cabe interpoñer recurso de apelación perante a Audiencia Provincial dentro do prazo de cinco días contados desde a data da súa notificación, recurso que se interporá na forma exposta nos artigos 457 e seguintes da Lei de axuízamento civil.

Así, por esta miña sentenza, da cal se deducirá testemuño para a súa unión aos autos, definitivamente xulgando nesta primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que conste e sirva de notificación ao demandado rebelde (art. 497 LAC) expido este edicto no Barco de Valdeorras a catro de maio de dous mil nove.

Sofía Alonso Regueiro
Secretaría xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA

Edicto (86/2009).

María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número un da Coruña,

Fago saber que no procedemento demanda 86/2009 deste Xulgado do Social, seguido por ins-

tancia de Ana La Parra Rocha, Sandra García Feliu, Estefanía Rodríguez Quintela e Marcela Fernanda Reales, contra a empresa *María Vázquez, S.L.-Quindio Café*, sobre despedimento, ditouse auto cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

Que estimo a demanda sobre despedimento formulada por Sandra García Feliu, Ana La Parra Rocha, Estefanía Rodríguez Quintela e Marcela Fernanda Reales contra a empresa *María Vázquez, S.L.-Quindio Café*, e en consecuencia declaro a improcedencia dos despedimentos efectuados.

Así mesmo declaro, con data de efectos desde esta data, 7 de maio de 2009, a extinción da relación laboral existente entre as partes, e deberá aboarlle a empresa ás traballadoras a correspondente indemnización por despedimento así como os salarios de tramitación xerados desde a data do despedimento (18 de decembro de 2008) ata esta resolución e que supoñen as seguintes cantidades:

Nome	Indemnización despedimento	Salarios de tramitación
Sandra García Feliu	12.146,17 €	5.909,45 €
Ana La Parra Rocha	6.801,65 €	5.909,45 €
Estefanía Rodríguez	2.290,91 €	2.884,09 €
Marcela Fernández	10.371,60 €	5.909,45 €

Así mesmo, absolvo o Fogasa, sen prexuízo da súa responsabilidade subsidiaria nos casos previstos no artigo 33 do Estatuto dos traballadores.

Notifíquelles esta sentenza ás partes, facéndolles saber que contra ela poden interpoñer recurso de suplicación, que se deberá anunciar ante este xulgado no termo de cinco días desde a notificación desta sentenza, por comparecencia, ou por escrito das partes, do seu avogado ou do seu representante legal, designando o letrado que deberá interpoñelo, sendo posible o anuncio por mera manifestación daquela ao ser notificada, e que será resolto, de ser o caso e cumpridos os trámites legais, pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A empresa condenada deberá, así mesmo, acreditar ao anunciar o recurso ter consignado o importe da condena na conta de consignacións deste xulgado aberta en *Banesto*, conta número 1531, clave 60, que se poderá substituír por aseguramento mediante aval bancario, constando a responsabilidade solidaria do avalista, máis outra cantidade de 150,25 € na conta número 1531, clave 65 e en calidade de depósito e en impreso separado ao importe da condena.

E para que lle sirva de notificación en legal forma a *María Vázquez, S.L.-Quindio Café*, en ignorado para-doiro, expido esta para a súa inserción no BOP.

A Coruña, dezanove de maio de dous mil nove.

María Blanco Aquino
Secretaría xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza
(414/2007).*

Eu, María Jesús Hernando Arenas, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dos da Coruña,

Dou fe e testemuño: en autos seguidos ante este Xulgado do Social, tramitados baixo o número 414/07, por instancia de Celestino Figueroa Figueroa, contra a empresa Castor Hanglands International Limited sobre incapacidade temporal, ditouse a seguinte:

Sentenza: na cidade da Coruña, vinte e nove de maio de dous mil nove. Vistos por Beatriz Seijo Dopico, xuíza substituta do Xulgado do Social número 2 desta cidade, os autos nº 414/07 sobre prestación de incapacidade temporal, promovidos por instancia de Peregrina Figueroa Figueroa, herdeira do falecido, Celestino Figueroa Figueroa, representada polo letrado Sr. Naveira Couceiro, contra a Mutua Fraternidade-Muprespa, representada polo letrado sr. Ojea Carballeira, contra o Instituto Nacional da Seguridade Social e a Tesouraría xeral da Seguridade social, representadas pola letrada Sra. López Cancio e a empresa Castor Hanglands International Limited, que non comparecen.

Seguen feitos e fundamentos de dereito.

«Decido que estimando substancialmente a demanda interposta por Celestino Figueroa Figueroa, sucedida pola súa irmá e herdeira, Peregrina Figueroa Figueroa, contra a empresa Castor Hanglands Internacional Limited, Mutua Fraternidade-Muprespa, o Instituto Nacional da Seguridade Social e a Tesouraría xeral da Seguridade Social, debo declarar e declaro que procede e condeno a empresa codemandada a que lle aboe á demandante a cantidade de 2.858,90 €, máis os xuros legais percibidos pola dita suma desde a data do emprazamento. Ademais, impónselle á empresa unha sanción de 300 € por mala fe e a obriga de aboar os honorarios do letrado da parte demandante. Así mesmo, declárase a responsabilidade subsidiaria da Mutua Fraternidade-Muprespa polo pagamento do subsidio reclamado, 2.858,80 €, e absolvese o INSS e a TXSS das pretensións deducidas na súa contra.

Notifíquese esta resolución ás partes, ás cales se fará saber que contra esta só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que se debe anunciar ante este xulgado no prazo de cinco días contados a partir da notificación desta sentenza, e no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio de xustiza gratuítas, deberá ao anunciar o recurso entregar resguardo acreditativo de ter consignada a cantidade obxecto de condena na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade co número de conta 0030-6349-1532-0000-60-414/07.

E igualmente deberá no momento de interpoñer o recurso consignar a suma de 150,25 euros en concepto de depósito especial para recorrer na conta 0030-6349-1532-0000-65-414/07».

Así, por esta a miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo. E para que sirva de notificación á empresa Castor Hanglands International Limited, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e coa advertencia de que as seguintes notificacións se farán nos estrados do xulgado, agás as que sexan emprazamentos, autos e sentenzas, expido e asíno esta cédula de notificación na Coruña, 29 de maio de 2009.

María Jesús Hernando Arenas
Secretaria xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DA CORUÑA

Edicto (950/2006).

Ana María Carrasco García, secretaria xudicial do Xulgado do Social número catro da Coruña, fai saber:

Que no procedemento demanda 950/2006, deste Xulgado do Social, seguidos por instancia de Miguel Martínez Fernández contra a empresa Instituto Nacional da Seguridade Social INSS, sobre seguridade social, ditouse esta resolución:

Ditamino que estimando a demanda promovida por Miguel Martínez Fernández declaro que a súa base reguladora da pensión de xubilación ascende á cantidade de 735,17 euros, debendo correr a totalidade do aboamento desta a cargo do Instituto Nacional da Seguridade Social a quen debo condenar e condeno a estar e pasar por esta declaración, así como á Tesouraría Xeral da Seguridade Social na súa respectiva responsabilidade. Absolvendo a empresa *Construcciones Suárez Agra, S.A.*

Notifíquese esta sentenza ás partes facéndolles saber que contra ela poderán interpor recurso de suplicación no prazo de cinco días ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados desde a súa notificación e conforme os artigos 188 e seguintes da LPL, pasados os cales quedará firme en dereito e procederase ao seu arquivo.

Así por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo.

E para que sirva de notificación en legal forma á empresa *Construcciones Suárez Agra, S.A.* en ignorado paradoiro, expido a presente para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Advérteselle ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán nos estrados deste xulgado, salvo as que revistan forma de auto ou sentenza ou se trate de emprazamento.

A Coruña, 1 de xuño 2009.

Ana María Carrasco García
Secretaria xudicial

VI. ANUNCIOS**a) DA ADMINISTRACIÓN
AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA**

Acordo do 26 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/137).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Electra del Jallas, S.A.*

Domicilio social: praza da Constitución 17, 15270 Cee (A Coruña).

Denominación: L.M.T.S. Outes Urban (1ª fase).

Situación: concello de Outes.

Características técnicas:

Liña eléctrica subterránea de media tensión a 20 kV, cunha lonxitude de 1.171 m, coa orixe no apoio nº 38 da L.M.T.A. DC Tambre-Conchido (expediente 50610) e final nunha cela de liña libre de C.T. rúa Agra das Mozas (expediente 230/08), en condutor R.H.Z.1-OL (3×1×240 mm²).

Liña eléctrica subterránea de media tensión a 20 kV, cunha lonxitude de 358 m, coa orixe nunha cela libre de C.T. Outes IV (expediente 34122) e final nunha cela de liña libre de C.T. Outes I (expediente 34122), en condutor R.H.Z.1-OL (3×1×240 mm²).

Liña eléctrica subterránea de media tensión a 20 kV, cunha lonxitude de 735 m, coa orixe nunha cela libre de C.T. Outes IV (expediente 34122) e final nunha cela de liña libre de C.T. rúa da Cruz (expediente 433/08), en condutor R.H.Z.1-OL (3×1×240 mm²).

Adecuación de C.T. Outes I, instalando un transformador cunha potencia de 630 kVA, relación de transformación de 20.000/400-230 V e celas modulares 2LIP. Concello de Outes.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de

Monelos s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 26 de maio de 2009.

José Luis Suárez Cerviño
Xefe territorial da Coruña

Acordo do 26 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/183).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Electra del Jallas, S.A.*

Domicilio social: praza de Constitución 17, 15270 Cee (A Coruña).

Denominación: L.M.T.S., C.T. rúa do Castelo-E.D.A.R.

Situación: concello de Camariñas.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 20 kV cunha lonxitude de 1.678 m, coa orixe na L.M.T.S. ao C.S. Peirao de Camariñas (expediente 30/08) e final no C.S. Peirao de Camariñas, en condutor R.H.Z.1-OL 2×(3×1×240 mm²).

Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de 250 kVA, relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Camariñas.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 26 de maio de 2009.

José Luis Suárez Cerviño
Xefe territorial da Coruña

Acordo do 26 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/187).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avenida de Arteixo 171, 15007 A Coruña.

Denominación: adecuación C.T. Escravidude.

Situación: concello de Padrón.

Características técnicas:

Adecuación de C.T. Escravidude instalando unha potencia de 400 kVA, relación de transformación de 20.000/400-230 V, cela de protección de trafo 1P e cadro de baixa tensión. Concello de Padrón.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 26 de maio de 2009.

José Luis Suárez Cerviño
Xefe territorial da Coruña

Acordo do 28 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/200).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avenida de Arteixo 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T. Fonte Estrei.

Situación: concello de Ordes.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 818 m, coa orixe na L.M.T.S. SME-809 tramo entre o C.S. Centro de Saúde e o C.T. A Casavella e final en C.T. A Casavella nº 6 unha vez que entre e saia no C.T. proxectado, en condutor tipo R.H.Z.1-OL 3×1×240 mm².

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 630 kVA relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Ordes.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 28 de maio de 2009.

José Luis Suárez Cerviño
Xefe territorial da Coruña

Acordo do 28 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/227).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avenida de Arteixo 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T.C. en urb. Rotonda Xaras.

Situación: concello de Ribeira.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 324 m, coa orixe na L.M.T.S. a C.T. polígono de Xaras-Renault, condutor

tipo R.H.Z.1 12/20 kV 3×(1×240) Al e final na mesma liña, unha vez que entre e saia do C.T.C. proxectado.

Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de 250 kVA e relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Ribeira.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 28 de maio de 2009.

José Luis Suárez Cerviño
Xefe territorial da Coruña

Resolución do 22 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/509-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000 (BOE 310), do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo, 204, 36000 Vigo.

Denominación: reforma C.T. Moimenta.

Situación: Campo Lameiro.

Características técnicas: C.T. Moimenta con rel. de trans. 20.000/400-230 V a 50 kVA no concello de Campo Lameiro.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste departamento territorial, avda. Fernández Ladreda, 43, 36003 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 22 de maio de 2009.

Ramón Barreiro García
Xefe territorial de Pontevedra

Resolución do 22 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/514-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo, 204, 36000 Vigo.

Denominación: subestación Tomeza.

Situación: Pontevedra.

Características técnicas: subestación eléctrica Tomeza con relación de transformación 66/20 kV e unha potencia total de 50 MVA. Un parque de 66 kV e un parque de 20 kV celas instaladas no interior de dous edificios independentes con dúas máquinas 66/20 kV de 25 MVA. Concello de Pontevedra.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste departamento territorial, avda. Fernández Ladreda, 43, 36003 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 22 de maio de 2009.

Ramón Barreiro García
Xefe territorial de Pontevedra

Resolución do 27 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/525-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo, 204, 36000 Vigo.

Denominación: L.M.T., C.T., R.B.T. Nores.

Situación: Vilaboa.

Características técnicas: liña de media tensión subterránea a 20 kV con condutor tipo R.H.Z. de 0,634 km de lonxitude. Centro de transformación con relación 20.000/400-230 V a 250 kVA. Rede de baixa tensión aérea de 0,370 km de lonxitude con condutor tipo R.Z. Rede de baixa tensión subterránea de 0,022 km de lonxitude con condutor tipo X.Z.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste departamento territorial, avda. Fernández Ladreda, 43, 36003 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 27 de maio de 2009.

Ramón Barreiro García
Xefe territorial de Pontevedra

Resolución do 27 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/526-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo, 204, 36000 Vigo.

Denominación: L.M.T.S., C.D. polígono Campo Lameiro II.

Situación: Campo Lameiro.

Características técnicas: liña de media tensión subterránea a 20 kV con condutor tipo R.H.Z. de 0,304 km de lonxitude. Centro de seccionamento situado en Campo Lameiro.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste departamento territorial, avda. Fernández Ladreda, 43, 36003 Pontevedra, no prazo de vinte

días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 27 de maio de 2009.

Ramón Barreiro García
Xefe territorial de Pontevedra

Resolución do 28 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/529-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo, 204, 36000 Vigo.

Denominación: L.M.T., C.T., Gabino Bugallal, 9999.

Situación: As Neves.

Características técnicas: L.M.T. subterránea a 20 kVA de 231 m de lonxitude, con orixe na cela de liña do C.T. Gabino Bugallal e final no C.T. proxectado, Gabino Bugallal 9999 de 400 kVA, situado na rúa do mesmo nome nas Neves.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste departamento territorial, avda. Fernández Ladreda, 43, 36003 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 28 de maio de 2009.

Ramón Barreiro García
Xefe territorial de Pontevedra

Resolución do 28 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/530-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto

1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo, 204, 36000 Vigo.

Denominación: L.M.T. subestación Balaídos-urbanización Chantada.

Situación: Vigo.

Características técnicas: L.M.T. aérea de 168 m con orixe no apoio existente á derivación C.T. Castrelos-Igrexa. L.M.T. subterránea de 653 m con orixe na subest. Balaídos e final na urb. Chantada. L.M.T. subterránea de 53 m con orixe no empalme coa L.M.T.S. urb. Chantada. L.M.T. subterránea de 70 m con orixe no C.T. Mestres Goldar e final no empalme da avda. Castrelos.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste departamento territorial, avda. Fernández Ladreda, 43, 36003 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 28 de maio de 2009.

Ramón Barreiro García
Xefe territorial de Pontevedra

Resolución do 1 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 08/196-2, 7145 A.T.).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: Concello de Begonte.

Domicilio social: pza. Hermanos Souto Montenegro nº 1, 27373 Begonte, Lugo.

Denominación: liña de media tensión soterrada de 20 kV, centro de transformación prefabricado de 250 kVA a estación de tratamento de augas potables do parque reserva empresarial de Baamonde e o seu anexo.

Situación: concello de Begonte.

Características técnicas:

Liña de media tensión soterrada a 20 kV baixo tubo en condutor R.H.Z.1-3×150 Al, con orixe na liña de media tensión existente a centro de transformación de Carballido (03650) e final no centro de transformación de estación de tratamento de augas potables do parque de reserva empresarial de Baamonde, cunha lonxitude de 906 metros.

Centro de transformación prefabricado en caseta baixa exterior tipo PFU-4 para un transformador de potencia máxima 250 kVA, e relación de transformación 20.000 V/420 V.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das ditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 1 de xuño de 2009.

José Luis Somoza Digón
Xefe territorial de Lugo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 12 de xuño de 2009 polo que se lle notifica a María Victoria Gómez Reboiro o prego de cargos no procedemento disciplinario SXP-PD-13/09, aberto por Acordo do 14 de abril de 2009 do secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O 14 de abril de 2009, o secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria acordou a incoación de expediente disciplinario a

María Victoria Gómez Reboiro, funcionaria do corpo de profesores de ensino secundario. Mediante carta certificada intentouse a notificación da citación para comparecencia sen que conste a súa recepción pola interesada. De conformidade co principio de eficacia e celeridade, en aplicación do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procede realizar notificación por medio de anuncio no taboleiro de edictos do concello do seu último domicilio coñecido e no *Diario Oficial de Galicia*. En virtude disto, procédese á notificación do prego de cargos:

Prego de cargos
(Artigo 22 R.R.D.)

Ref. SXP-PD-13/09

Asunto: procedemento disciplinario. Prego de cargos.

Por acordo do secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, do 14 de abril de 2009, incoouse procedemento disciplinario a María Gómez Reboiro, funcionaria do corpo de profesores de ensino secundario. No dito acordo designouse como instrutor del a Rogelio Pérez Poza e como secretaria a Irasema Ponte Hernando.

Logo de practicar as dilixencias previstas no artigo 21 do Regulamento de réxime disciplinario de función pública da Administración autonómica de Galicia (R.R.D.), aprobado polo Decreto 94/1991, do 20 de marzo, e publicado no DOG nº 58, do 25 de marzo, modificado polo Decreto 157/2004, do 7 de xullo (DOG do 20 de xullo), ponse en coñecemento de María Victoria Gómez Reboiro que pode recoller o prego de cargos do procedemento que se segue contra ela nos locais da Inspección de Pontevedra, sitos no edificio administrativo Campolongo (planta 7ª); avenida Fernández Ladreda 43, durante dez (10) días contados desde o seguinte ao da publicación desta notificación.

Igualmente, de conformidade co artigo 23 do R.D.D., no prazo de dez (10) días, contados desde o seguinte ao da publicación desta notificación, poderá contestar o citado prego de cargos realizando as alegacións que considere convenientes para a súa defensa e presentando cantos documentos valore de interese. Así mesmo neste trámite, se o considera conveniente, deberá solicitar a práctica das probas que para a súa defensa crea necesarias.

Pontevedra, 12 de xuño de 2009.

Rogelio Pérez Poza
Inspector instrutor

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Cédula do 28 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador 2008392, por infraccións en materia sanitaria.

Coa data do 15 de abril de 2009, a xefa territorial da Consellería de Sanidade da Coruña ditou a resolución do expediente sancionador nº 2008392 incoado no Departamento Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña a Manuel Romero Pérez.

Intentada a notificación da resolución segundo o disposto no artigo 59.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e non sendo posible a súa práctica, por medio desta cédula, e ao abeiro do disposto no número 5 do devandito artigo, notifícaselle a Manuel Romero Pérez o contido da dita resolución que figura como anexo, para que poida ter coñecemento dela.

Así mesmo, fáiselle saber o dereito que o asiste para interpor recurso de alzada ante a conselleira de Sanidade no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta cédula, segundo establece o artigo 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, lembrándolle o seu dereito a consultar o expediente, depositado nas dependencias deste departamento, sito na rúa Gregorio Hernández, 2-4, A Coruña e a obter, de ser o caso, copia do expediente, segundo o previsto na letra a) do artigo 35 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O aboamento da sanción farase no seguinte prazo: 1) as notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non for hábil, ata o inmediato día hábil seguintes, e 2) as notificadas entre os días 16 e último de cada mes, desde a data da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non for hábil, ata o inmediato día hábil seguinte; todo isto mediante o ingreso que poderá efectuar en calquera oficina de *Caixa Galicia* conta contable 840, código 001, en *Caixanova* recadación Xunta, en *BBVA* transacción 1316, NIF S1511001H, ou en *Banesto*, empregando os impresos normalizados que se lle facilitarán nas dependencias deste departamento territorial. O pagamento voluntario porá fin ao expediente; de non facelo así procederá ao seu pagamento pola vía de constrinximento.

Esta cédula expídese para que conste e lle sirva de notificación ao interesado, en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A Coruña, 28 de maio de 2009.

Marta Gil Pérez
Xefa territorial da Coruña

ANEXO

Nº expediente: 2008392.

Interesado: Manuel Romero Pérez.

DNI/NIF/CIF: 33296721-N.

Último enderezo coñecido: rúa da Paz 19-3º; 15949 A Pobra do Caramiñal.

Feito/s imputado/s: infracción á lexislación aplicable en materia sanitaria.

Artigos infrinxidos:

a) Artigo 35 a da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade e 41 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

b) Artigos 2.1.1º; 2.2º do Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, sobre infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

c) Regulamento (CE) nº 852/04, do 29 de abril, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre hixiene dos produtos alimenticios, artigos 5 e 8; anexo II, capítulo I (punto 2 b); capítulo II (puntos 1 d e e); capítulo XII.

d) Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro sobre normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, artigos 3.1º, 10 e 11.

e) Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, sobre criterios sanitarios da auga de consumo humano, artigo 17.2º.

f) Real decreto 202/2000, do 11 de febreiro, sobre normas relativas aos manipuladores de alimentos, artigo 4. Tipificación: leve.

Sanción imposta: 60 euros (sesenta euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Resolución do 19 de xuño de 2009 pola que se anuncia a licitación, polo trámite urxente e procedemento aberto multicriterio, para a adxudicación do contrato non harmonizado das obras de reforma interior do centro social O Calvario en Vigo (Pontevedra).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Traballo e Benestar.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

c) Número de expediente: 25/2009.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: obras de reforma interior do centro social O Calvario en Vigo (Pontevedra). (CPA: 41.00.4), CPV (45000000-7).

b) Lugar de execución: Vigo (Pontevedra).

c) Prazo de execución: 4,5 meses.

3. Tramitación e procedemento de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto multicriterio.

4. Orzamento base de licitación:

Importe total: douscentos noventa e nove mil setecentos setenta e dous euros con vinte e nove céntimos (299.772,29 €), IVE incluído.

Anualidade 2009: 299.772,29 euros.

5. Garantías.

Provisional: non se exige.

Definitiva: si, 5% do orzamento de licitación, (IVE incluído) 14.988,61 euros.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas poderán ser examinados no Servizo de Contratación e Obras da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar.

b) Domicilio: edificio administrativo San Caetano.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

d) Teléfono:

-Información índole administrativa: 981 54 46 52 (Mª José Rodríguez Novoa).

-Información índole técnica: 981 54 72 43 (José L. López Cousillas).

e) Telefax: 981 54 56 85.

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata rematar o prazo de presentación de ofertas.

Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.contratosdeg Galicia.es/resultado.jsp?N=12307>

O prego de prescricións técnicas (proxecto) que rexerá esta contratación estará á disposición dos interesados para o seu exame durante o prazo de presentación de ofertas, na copistaría *Copy Estudio*, sita na rúa Nova de Abaixo, 19-21 baixo en Santiago de Compostela (teléfono 981 59 33 85).

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: sen clasificación.

8) Presentación de ofertas.

a) Data límite de presentación: trece (13) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que hai que presentar: a que figura na cláusula 3 do prego de cláusulas adminis-

trativas particulares, debendo figurar no exterior dos sobres o CIF do licitador. No caso de que estean inscritos no Rexistro de Contratistas xuntarase grampado no exterior do sobre A o certificado do devandito rexistro.

c) Lugar de presentación:

1. Oficina de rexistro único e información no complexo administrativo de San Caetano, 15781 Santiago de Compostela, de luns a sábado en horario de 9.00 a 14.00 horas.

2. As proposicións poderán enviarse por correo dentro do prazo de admisión indicado, xustificando a data de imposición do envío anunciándoo á Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar mediante télex, fax ou telegrama, no mesmo día e nun só envío.

Se a documentación se presentase en calquera outro rexistro diferente ao indicado nos parágrafos anteriores, a proposta non será admitida a licitación.

d) Prazo durante o que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: tres (3) meses desde a apertura en acto público.

e) Admisión de variantes: non se admiten.

9. Apertura de ofertas.

a) Entidade: Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar.

b) Domicilio: edificio administrativo San Caetano.

c) Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña).

d) Data: o décimo segundo día hábil (12) seguinte ao de remate do prazo de presentación de ofertas. De coincidir este en sábado, pasará ao seguinte día hábil.

e) Hora: 10.00 horas.

10. Gastos do anuncio: Este anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2009.

P.D. (Orde 4-5-2009)

Cristina Ortiz Dorda

Secretaria xeral da Consellería de Traballo e Benestar

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Aviso do 29 de maio de 2009, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental da concentración parcelaria para a zona de Arca (A Estrada-Pontevedra).

En cumprimento do disposto no artigo 5 do Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de

impacto ambiental para Galicia, faise pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da concentración parcelaria para a zona de Arca (A Estrada-Pontevedra) e que se transcribe no anexo deste aviso.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2009.

Antonio Crespo Iglesias

Director xeral de Desenvolvemento Rural

ANEXO

Declaración de impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental no 11 de maio de 2009, relativa á concentración parcelaria da zona de Arca, no concello da Estrada (Pontevedra), promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. (Clave 2007/0301)

Antecedentes.

A Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias (actualmente D. X. de Desenvolvemento Rural) promove, por solicitude dos veciños, un proceso de concentración parcelaria nunha parte das terras da parroquia de Arca (concello da Estrada, Pontevedra), que en conxunto abranguen unha superficie dunhas 295 hectáreas.

A citada concentración parcelaria, que se encontra entre os proxectos contemplados no anexo II do Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, cualificouse como sometida ao trámite de avaliación de impacto ambiental.

No anexo I desta declaración inclúese un resumo da actuación e das características da zona de concentración e no anexo II das medidas protectoras e correctoras propostas no estudo de impacto ambiental presentado.

Mediante Resolución do 11 de marzo de 2008, da entón Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias (publicada no DOG nº 93, do 15 de maio), someteuse a información pública o estudo de impacto ambiental da concentración parcelaria da referida zona, non constando a presentación de alegacións durante o período de exposición pública.

Con data do 11 de febreiro de 2009 recíbese na entón Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o expediente ambiental do proxecto, remitido pola antedita dirección xeral como órgano substantivo por razón da materia, no cal se inclúen os informes das direccións xerais de Patrimonio Cultural e de Conservación da Natureza, así como o emitido pola *Sociedade Galega de Historia Natural* (SGHN). Segundo indica o órgano substantivo no oficio de remisión do expediente, no prazo legalmente establecido non consta emisión de informe por parte dos restantes organismos consultados no trámite

ambiental. O 27 de marzo de 2009 recíbese determinada documentación solicitada ao órgano substantivo co obxecto de completar o expediente.

Cumprida a tramitación ambiental, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental formula, só para os efectos ambientais, a declaración de impacto ambiental (DIA) para a referida zona de concentración parcelaria.

Declaración de impacto ambiental.

Examinada a documentación que constitúe o expediente, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proceso de concentración parcelaria da zona de Arca é ambientalmente viable sempre que:

Co fin de asegurar que se protexen os valores naturais de interese local -se é o caso-, se conte coa conformidade do Concello da Estrada respecto da compatibilidade do proceso de concentración coas zonas clasificadas como solo rústico de protección de espazos naturais no Plan Xeral de Ordenación Municipal ou, na súa ausencia, nas normas subsidiarias de planeamento.

Se cumpran as condicións que se establecen nesta DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental, tendo en conta que, no caso de que exista contradición entre o indicado na dita documentación e o establecido na presente declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento das anteditas condicións, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental, por iniciativa propia ou por proposta do órgano substantivo, poderá ditar, só para os efectos ambientais, condicións adicionais ás anteriores.

As condicións establecidas poderán ser revisadas de oficio ou por solicitude do promotor, co obxecto de incorporar medidas que acheguen unha maior protección do medio. Ademais disto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade, sempre que as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins desta. Neste último caso, o promotor remitirá esta solicitude, achegando documentación técnica que xustifique estas medidas, no prazo máximo dun (1) mes despois de lle ser notificada esta declaración, non podendo comezar as obras antes de contar cunha comunicación desta secretaría xeral.

A. Ámbito da declaración.

Esta declaración refírese ao proceso de concentración parcelaria que se desenvolverá na parroquia de Arca (A Estrada, Pontevedra), na zona delimitada no

plano Unidades Ambientais. Plano nº 10 do estudo de impacto ambiental, que abrangue unha superficie dunhas 295 hectáreas.

B. Condicións xerais.

B.1. Fase de implantación.

1. Definirase a localización da zona destinada a parque de maquinaria, casetas de obra, amoreamentos de materiais, almacenamento de residuos, etc, seleccionando para iso un lugar de baixo valor ambiental, escasa pendente e afastado de cursos de auga ou xacigos arqueolóxicos, coidando, así mesmo, de que non se sitúe excesivamente próximo a núcleos de poboación, para minimizar posibles molestias por ruídos e tráfico de maquinaria.

2. No caso de que existan sobrantes procedentes dos movementos de terra, definiranse as posibles zonas para o seu depósito. A selección destas zonas realizarase con criterios ambientais e tendo en conta que, no caso de que existan na contorna ociosos procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fronte a outras zonas, sempre que sexa técnica e economicamente viable e non se encontren naturalizados e integrados no ambiente. En ningún caso se depositarán os sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes identificadas no estudo ambiental.

3. No caso de que nalgún dos camiños de servizo sexa necesario habilitar pasos canadenses para impedir o paso de gando, deberán preverse medidas que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ao foxo, podendo consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, nunha rampla de subida ou facer o foxo con un ou cos dous laterais abertos.

4. No deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais de interese ambiental; lindes arboradas, valados de pedra, sebes, etcétera. Para iso, procurarase axustar a maior lonxitude posible de extremas dos predios de substitución aos citados elementos. Neste sentido, promoverase a conservación e posterior traslado dos muros ou valados de pedra que vaian quedar sen uso no interior dun predio para empregalos como elemento delimitador doutras novas parcelas.

5. Redactarase un proxecto de integración paisaxística axustado ao proceso de concentración parcelaria, no cal se desenvolvan e orcen detalladamente os labores de restauración e integración paisaxística a que se fai referencia no estudo ambiental. Na elaboración deste proxecto atenderase a criterios de

coherencia ecolóxica e paisaxística e terase en conta o seguinte:

Canto ás especies que se empreguen:

Serán autóctonas, tendo sempre presente, para a súa implantación, as circunstancias edafolóxicas e climáticas da zona que se vai restaurar e que procedan (sexan árbores, arbustos, matas e/ou herbáceas) da mesma zona ou outra similar, segundo criterios bioxeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos.

Deben ser compatibles co hábitat en que se van implantar. O hábitat, estación ou localización vai estar definido pola interdependencia e interrelación do clima, factores fisiográficos (topografía, pendentes, altitudes, exposición), solo ou substrato (perfil, textura, fauna, flora, ciclos de nutrientes, etcétera), e factores bióticos.

Deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo, aplicándose, cando for o caso, os tratamentos oportunos, é dicir, a competencia interespecífica e intraespecífica entre as especies que se implanten debe posibilitar o éxito da restauración, adoptándose, ademais, para acadar este obxectivo, os tratamentos que sexan necesarios (rareos, rozas, etcétera).

No caso de ser necesaria a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas, procurarase que sexan replantadas na medida do posible, empregándose na restauración. De todos os modos, recoméndase a súa preservación, actuando unicamente sobre exemplares mortos ou moi danados.

Maximizarase a diversidade da zona de restauración, tendo sempre presentes as superficies que se van restaurar e os hábitats presentes.

No caso de precisar achegas externas de terra vexetal para os labores de restauración, esta non se poderá extraer de áreas onde se encontre consolidada e integrada no ambiente, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas.

6. Redactarase un novo programa de vixilancia e seguimento ambiental baseado na proposta incluída no estudo ambiental, no cal se incorporarán aqueles aspectos a controlar que xurdan ao longo da fase de implantación, así como todos os derivados do cumprimento das condicións desta DIA.

O antedito programa levarase a cabo co obxecto de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras establecidas na documentación avaliada e nas condicións da declaración, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. O programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se puidesen prever no estudo ambiental ou nas condi-

cións da DIA, e levar a cabo novas medidas correctoras acordes coas novas problemáticas xurdidas.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os fins sinalados no parágrafo anterior. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta declaración, deberá designarse un/s responsable/s do control desta.

Todas as medicións e/ou análises do programa de vixilancia deberán ser realizadas por organismo de control autorizado ou entidade homologada, e os resultados deberán vir asinados por un técnico da citada entidade.

Fixaranse, para todas as fases, os indicadores ambientais, a periodicidade dos controis e os limiares (admisible, de alerta e inadmisible) que se vaian utilizar en cada caso.

As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas, polo que se realizarán durante os labores con maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.

B.2. Fases de execución e explotación.

1. Co fin de minimizar a emisión de po á atmosfera durante a execución das obras, ademais da rega de superficies prevista no estudo ambiental, os camiós que transporten terra ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos durante o seu tránsito cara á zona de obras. Así mesmo, no caso de ser necesario, procederase ao lavado das rodas dos camiós á saída da zona de obras.

2. Cumprirase co disposto na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, así como co disposto ao respecto na ordenanza municipal do Concello de Arca, no caso de que dispoña dela. Neste sentido, levarase a cabo o plan de vixilancia do nivel de ruído proposto no estudo ambiental.

3. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía, así como calquera captación ou vertedura, se é o caso, precisará da autorización ou permiso do organismo de bacía competente, neste caso Augas de Galicia. Neste sentido, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas e no Regulamento do dominio público hidráulico (Real decreto 849/1986, do 11 de abril, e posteriores modificacións), así como na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, e no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de

ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. Así mesmo, o proxecto deberá axustarse ás prescricións establecidas no Plan hidrolóxico de Galicia-Costa (PHGC).

4. Non se afectarán, ou serán repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se encontren na zona afectada pola concentración parcelaria. Así mesmo, respectaranse os mananciais que existan na zona, podendo ser parcialmente encanado o seu curso se resultar necesario para a execución das obras. De xurdiren afloramentos de augas subterráneas, serán conducidos a ceo aberto (sempre que as obras definitivas o permitan) cara ás correntes superficiais máis próximas.

5. Non se acumularán terras, entullos, material de obra nin calquera outro tipo de materiais ou substancias nas zonas de servidume dos cursos fluviais ou en zonas de pendente próximas a estes, nin interferindo na rede natural de drenaxe, para evitar a súa incorporación ás augas no caso de enxurradas, chuvias ou enchentes.

6. Cando se leven a cabo movementos de terras en zonas de elevada pendente, disporanse mallas antiesborroamento ou calquera outra medida adecuada para evitar arrastres de materiais aba abaixo.

7. Co obxecto de previr fenómenos erosivos e incorporación de sólidos ás augas, segundo avanza a obra, procederáse á estabilización e revexetación dos noiros de desmonte e/ou terraplén nas zonas afectadas por movementos de terras. Así mesmo, na modelaxe dos noiros evitáranse as formas demasiado artificiais, procurando que o cambio de pendentes sexa gradual, para favorecer así a integración coa paisaxe.

8. A calidade das augas manterase en niveis óptimos, de xeito que co motivo das obras non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e utensilios nos cursos de auga. A este respecto, observarase o disposto na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, e no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais e, de acordo co indicado no estudo ambiental, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas, tendo en conta o sinalado no punto C.1.7 desta DIA.

9. No caso de realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha á contorna. En calquera caso, se estes se produciren, deberán ser retirados da zona e depositados en lugar autorizado.

10. De ser preciso o emprego de formigón, evitárase a súa elaboración na propia obra, adquiríndoo xa preparado en instalacións que contén coas debidas autorizacións.

11. Levarase a cabo un control topográfico dos límites da zona de concentración, dos predios de substitución e da traza dos camiños de concentración, evitando afeccións fóra destes límites, que se axustarán ao contido dos documentos a que se fai referencia no punto C.1.8 da DIA.

12. Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria de obra realizaranse en talleres autorizados sempre que sexa posible, eliminando así o risco de derrameamentos accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas realizaranse na zona destinada a parque de maquinaria, protexendo o solo con materiais impermeables e dispoñendo os medios necesarios para a recolla de posibles verteduras.

13. Todos os residuos que se xeren deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme a lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reutilización fronte á vertedura. Os envases baleiros de produtos fitosanitarios deberán ser depositados en contedores habilitados dentro dun sistema integrado de xestión de envases ou entregados a xestor autorizado. Os envases que conteñan produto e que estean fóra de uso xestionaranse como residuos perigosos e serán entregados a xestor autorizado.

14. Extremaranse as precaucións na execución de obras en zonas en que se poida afectar a rede hidrolóxica, pozas, brañas, zonas hidromorfas ou con vexetación de interese, adoptando todas as medidas necesarias para a súa preservación, ademais das propostas no estudo ambiental. Prestarase especial atención ao balizamento destas zonas para evitar posibles afeccións por tránsito incontrolado de maquinaria ou vehículos de obra. Evitárase a intervención simultánea sobre diversos cursos na mesma bacía, procurando graduar os traballos para evitar a acumulación de sólidos en suspensión no leito principal.

15. No caso de que se precise material de canteira para o desenvolvemento das obras, este deberá proceder de explotacións autorizadas. Así mesmo, estudarase a posibilidade de que parte dos materiais para a construción de novos camiños (para as bases ou subbases ou para a pavimentación), proceda de instalacións de reciclaxe de residuos de construción e demolición.

16. Con carácter xeral, e tendo en conta o sinalado no punto anterior, non se efectuarán préstamos na zona, salvo xustificación previa. Nese caso, seleccio-

naranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, na súa falta, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ser de procedencia debidamente acreditada e os ocios resultantes deberán ser restaurados ao remate da obra.

17. Previamente ao depósito de sobrantes procedentes dos movementos de terra -se os houber- nos lugares seleccionados de acordo co indicado no punto B.1.2 desta DIA, deberase contar cos correspondentes permisos.

18. A eliminación de vexetación reducirase ao estritamente necesario, respectando sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras. Procederase ao balizamento ou sinalización das masas e formacións vexetais de interese ambiental para evitar a súa eliminación ou afección. Non se fará uso do lume nin fitocidas nestas tarefas.

19. En relación coa preservación do arboredo, observarase o indicado no estudo ambiental e o establecido nesta DIA. Non obstante, sinálase que para calquera aproveitamento, utilización ou modificación da vexetación de ribeira se observará o disposto na lexislación vixente de aplicación. Así mesmo, previamente á corta de árbores terá que realizarse a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso, conforme o disposto no Regulamento de montes e demais normativa de aplicación.

20. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a valorización, evitando a queima *in situ* destes restos que, de ser o caso, terá que contar coa preceptiva autorización. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase á súa trituración e espaxamento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pestes.

21. Se na zona de concentración existiren afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico, deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.

22. Desenvolveranse os labores de restauración e integración paisaxística a que se fai referencia no punto B.1.5 desta DIA, paralelamente ao avance da obra sempre que sexa posible, co fin de lograr o máis axiña posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras. Vixiarase a evolución da revegetación efectuada, procedendo á reposición das calvas e/ou marras que poidan aparecer nas sementeiras, hidromenteiras e/ou plantacións efectuadas.

23. Retirarase e acumularase a camada superior de terra vexetal (15-30 cm) dependendo da carga en

materia orgánica, para a súa utilización no proceso de restauración. Estes acopios realizaranse ao longo da traza dos camiños en montes de altura non superior a 1,5 metros, para facilitar a súa aireación.

24. No caso de precisar fornecementos externos de terra vexetal por non ser suficiente a retirada previamente á execución das obras, esta non se poderá extraer de áreas onde se encontre consolidada e integrada no medio, e debe proceder de almacenamentos ou zonas debidamente autorizadas.

25. Previamente á revexetación efectuarase un acondicionamento do terreo, e procederase á súa descompactación e labra superficial, retirando o exceso de pedras e estendendo a terra vexetal previamente amoreada.

26. Manterase a permeabilidade territorial da zona, e conservarase os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras for preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo.

27. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestruturas, instalación ou servizo preexistente debido ao proceso de concentración parcelaria, deberá restituírse ao estado previo ao inicio das obras.

28. Se durante a realización do programa de vixilancia e seguimento ambiental a que se refire o punto B.1.6 desta DIA se detectaren impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable ou nesta declaración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propoñerá as medidas correctoras precisas para corrixilas. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, comunicarao a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

C. Condicións específicas.

C.1. Fase de implantación.

1. No proceso de concentración parcelaria conservarase integramente as áreas de ribeira que presenten bosques aluviais residuais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*), hábitat natural prioritario recollido no anexo I da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, tipificado co código 91E0*.

2. Ademais do anterior, consideraranse elementos e áreas sensibles para conservar o máximo posible as formacións de arboredo autóctono (especialmente se constitúen carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* -código 9230-), entre as que cabe sinalar a denominada Carballeira do Rei no polígono 6 ou a fraga existente no P-3 no lugar de Igrexario, así como outras de menor exten-

sión ou menos conservadas nos lugares de Veiga Grande (P-1) ou monte Tallós (P-2), o contorno dos cursos fluviais e a súa vexetación de ribeira (nunha banda de 10 m como mínimo a cada lado do leito, desde a liña de máxima enchente) aínda que non constituía un hábitat 91E0*, os ecosistemas intimamente ligados á auga, as árbores e grupos singulares, as sebes, as extremas arborizadas e arbustivas de límite entre parcelas, os corredores ecolóxicos e ecotonos, as especies vexetais e faunísticas endémicas, singulares e/ou protexidas (atendendo especialmente ás que estean incluídas nos catálogos nacional e galego de especies ameazadas), os valados de pedra, a paisaxe agrícola tradicional galega e, de non estar consideradas entre as anteriores, calquera outra área ou zona identificada como de interese ambiental no estudo de impacto.

3. Ao longo de todo o proceso de concentración, pero especialmente no deseño final da rede viaria e na configuración dos predios de substitución, adoptaranse todas as medidas necesarias, ademais das recollidas no estudo de impacto ambiental e as establecidas nesta DIA, co fin de evitar ou minimizar a afección aos citados elementos. Terase en conta tamén a presenza de rutas de camiñada (como a denominada circular de Cuntis), áreas recreativas, miradoiros e calquera outra infraestrutura ou instalación para o tempo de lecer, que non deberán sufrir alteracións.

4. En relación coa protección do patrimonio cultural, observarase o seguinte:

a) Non se poderán executar pistas de novo trazado nas áreas de protección integral dos elementos do patrimonio cultural.

b) A realización de pistas de novo trazado e a ampliación das existentes na área de protección dos elementos do patrimonio cultural terá carácter excepcional e, en todo caso, requirirá a elaboración dun estudo de detalle do contorno do elemento afectado (como no caso do elemento E9 Muíño das Revoltiñas, no polígono I, por unha pista de novo trazado), considerando este contorno como as áreas de protección fixadas no artigo 30 das NNCCSS de planeamento. Este documento deberá incluír:

Descrición dos camiños existentes na zona, con indicación das súas características, largo de ocupación e capa de rodadura.

Reportaxe fotográfica dos camiños.

Identificación, nunha planimetría de detalle, de cada un dos camiños existentes, así como das pistas que se pretenden executar neste ámbito.

A rede de camiños deberá proxectarse aproveitando ao máximo os camiños existentes, evitando a apertura de novas pistas. De proxectarse camiños de nova

traza nestas zonas, deberá xustificarse a necesidade da súa implantación.

c) Previamente ao inicio das obras de cada proxecto que integra a concentración parcelaria (proxectos de rede viaria e de acondicionamento de predios), o promotor remitirá á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para emitir informe, unha avaliación do impacto deses proxectos sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de concentración. Estes documentos deberán estar asinados por técnico competente na materia.

d) Terase en conta que, unha vez emitido informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural os documentos a que se fai referencia no punto anterior, en todo o ámbito do proxecto deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de implantación, de execución de obra e de restitución dos terreos. Para tal fin, e previamente ao inicio das obras, elaborárase un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Como anexo ao antedito proxecto arqueolóxico deberase recoller, na cartografía que empregue o persoal da obra durante o transcurso dela, un plano en que figuren as áreas de risco arqueolóxico, coa localización dos elementos do patrimonio cultural xunto coas súas áreas de exclusión e cautela (obxecto do control e seguimento arqueolóxico). O citado plano incorporará os textos necesarios para a súa comprensión.

e) Como medida xenérica, nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto que non estean previstas na documentación avaliada (parque de maquinaria, instalación de casetas, almacenamento de terras e materiais, etc.).

f) No deseño dos proxectos de rede viaria, de concentración parcelaria e de acondicionamento de leiras deberán terse en conta, procurando a adopción das medidas oportunas para a súa conservación, preservación e recuperación, os antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, etc, que configuran funcional e estruturalmente a paisaxe galega e caracterizan culturalmente o territorio.

g) Baseándose nos resultados das actuacións arqueolóxicas en cada unha das fases da obra, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección. Terase en conta que na fase de implantación se revisarán os impactos e se valorará a aplicación das correspondentes medidas correctoras.

h) Os traballos arqueolóxicos serán levados a cabo por técnicos arqueólogos competentes, de acordo coa Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia.

5. A proposta de rede de camiños de concentración que acompaña o expediente ambiental deberá axustarse con maior fidelidade ás directrices que se desprenden do estudo de impacto ambiental (por exemplo dos números 5.2.3 e 5.2.5) dado que, entre outras cuestións, o trazado é rectilíneo en moitos camiños (sendo destacable nos polígonos 6 e 7), o cal diminúe a calidade paisaxística da zona ao cuadrangular e facer artificial en exceso a paisaxe por non considerar oportunamente as singularidades do medio físico e biótico, e non maximiza o aproveitamento dos camiños e pistas existentes (como nos polígonos 1 ou 7, producíndose en ocasións duplicidades innecesarias). Nalgún caso afectaría en maior ou menor grao masas de frondosas autóctonas, que segundo se indica no estudo son masas para preservar (por exemplo a carballeira do polígono 1) e outros, a vexetación de ribeira asociada aos regos e regatos (como nos polígonos 3 e 4, destacando que neste último o trazado dunha das pistas de carcallo ocupa lonxitudinalmente o leito dun regueiro.

Deberá, por tanto, mellorarse a rede de camiños tendo en conta a realidade ambiental do medio, os criterios do estudo de impacto, as condicións establecidas ao longo desta declaración e as seguintes medidas que matizan ou amplían as anteriores:

Aproveitarase o máximo posible a traza dos camiños existentes, ben sexan forestais ben convencionais, minimizando a execución de novos accesos ás parcelas. Evitaranse longos tramos de trazado rectilíneo, sendo preferible que a traza se adapte ao relevo natural co fin de acadar unha mellor integración paisaxística da infraestrutura e evitar a erosión. A modelaxe dos noiros resultantes, se é o caso, evitará formas demasiado artificiais. Estes noiros deberán estar protexidos contra fenómenos erosivos.

Como norma xeral, os camiños non superarán unha largura total, incluíndo cuneta e beiravía, de 6 metros para os de acceso agrícola e de 8 metros naqueles que comuniquen parroquias ou núcleos entre sí. En zonas de monte, a largura das pistas será a necesaria para o mantemento dun uso forestal, sendo preferible que sexa a mínima que permita a manobra da maquinaria, creando cada certa distancia zonas máis largas a modo de apartadoiros que permitan o xiro dos vehículos e a acumulación da madeira de corta ata o seu transporte. Minimizarase o número de ramais cegos.

Cando se trate de acondicionar camiños existentes, no caso de que discorran xunto a comunidades

vexetais de interese, éstas incluíranse no camiño e pasarán a ser dominio público co obxecto de asegurar a súa persistencia.

Evitarase modificar o actual réxime hidrolóxico da zona, permitindo a libre circulación das augas, polo que na rede viaria deberán dispoñerse as estruturas de drenaxe necesarias para isto, dimensionándoas de xeito que se evite o efecto de presa en épocas de máxima precipitación. Á saída dos pasos de auga colocaranse dispositivos protectores ou de disipación de enerxía para evitar fenómenos erosivos, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas de drenaxe cara aos cursos naturais. Neste sentido, deberá desenvolverse un plan de seguimento hidrolóxico durante as fases de obras e explotación, conforme o indicado no punto C.1.7. O antedito plan debe permitir controlar o correcto funcionamento da rede de drenaxes dos camiños de concentración e dos dispositivos de disipación de enerxía, así como a comprobación das condicións de incorporación das augas de drenaxe cara á rede natural, co obxecto de adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas no caso de producírense os citados fenómenos erosivos, arrastres, asolagamentos ou outros.

No caso de que finalmente sexa imprescindible o cruzamento de cursos fluviais, teranse en conta, así mesmo, as seguintes medidas:

Nos traballos que se realicen no leito do río debebase illar a zona de obras deixando sempre unha canle de auga circulante.

Alterarase o mínimo posible a morfoloxía do leito fluvial, polo que se empregarán pontes sempre que sexa posible (procurando que os piares non se coloquen no leito e que os estribos se sitúen a máis de 5 m a cada lado deste sen impediren o tránsito de fauna e persoas polas súas ribeiras, lembrando, en todo caso, as limitacións e prescricións establecidas ao respecto na lexislación de augas e no PHGC, de acordo co sinalado no punto B.2 da DIA). Na súa falta, utilizaranse obras de paso tipo pórtico, evitando pasos tipo marco ou tubo co fin de manter os leitos no seu estado natural. No caso de empregar este tipo de estruturas, a parte inferior deberá quedar polo menos 40 cm por baixo do leito do río e a súa pendente non superará o 1% (sempre que as características do terreo o permitan), debendo evitarse á saída do marco un salto que provoque o socavamento do leito fluvial augas abaixo e/ou impida o remonte das especies piscícolas migratorias. En calquera caso, o deseño que se adopte deberá permitir o paso da fauna ictícola en datas de escaso caudal.

Evitarase a creación de obstáculos ao movemento da fauna acuática e terrestre.

Reducirase ao mínimo posible a chegada de materiais finos aos leitos debido aos movementos de terras, seleccionando as épocas menos chuviosas para executar estas obras.

Nas zonas de obra próximas a cursos de auga en que sexa preciso o emprego de formigón ou cemento habilitaranse balsas de decantación para evitar calquera vertedura destes materiais, mesturados ou non con auga.

6. Desenvolveranse as medidas necesarias para evitar posibles impactos asociados á fase de implantación, como poden ser a aparición de edificacións, construcións diversas ou cerramentos, as cortas indiscriminadas de vexetación, o abandono, modificación ou intensificación abusiva de cultivos, os arroteamentos de terras, etc., motivados pola incerteza dos propietarios sobre a futura titularidade das parcelas.

Neste sentido, lembraráselle aos propietarios a obriga legal de obteren autorización ou permiso para a corta de especies arbóreas, así como a existencia doutras limitacións ou obrigas establecidas na normativa vixente ao respecto (Leis 9/2002 modificada pola 15/2004, 43/2003 modificada pola 10/2006, 5/2006, 3/2007, 7/2007, Decreto 105/2006...), e procuraranse telos informados en todo momento da marcha do proceso de concentración, establecendo canles fluídas de comunicación e colaboración entre todos os axentes implicados no proceso de concentración.

7. Ademais de cumprir co sinalado no punto B.1.6 da DIA, o programa de vixilancia ambiental deberá incluír ou prever os seguintes aspectos:

Plan de vixilancia do funcionamento das estruturas de drenaxe e do mantemento do réxime hidrolóxico preexistente, tanto para a fase de obras como para a de explotación, tendo en conta o sinalado no punto C.1.5.

Realización das prospeccións necesarias para a detección da presenza ou non de ameixa perlífera de río (*Margaritifera margaritifera*) nos cursos fluviais existentes na zona de concentración. En caso positivo, adaptarase o plan de seguimento da calidade das augas para un efectivo control dos tramos concretos onde se encontre a especie.

Os resultados das campañas preoperacionais do nivel de ruído de fondo e de calidade das augas xa efectuadas (ou as que sexa oportuno realizar despois da redacción do novo programa de vixilancia segundo o indicado no punto B.1.6) incorporaranse aos informes de seguimento ambiental (tanto os da fase de obra como os de explotación) para comparalos cos datos que se obteñan en cada período de seguimento.

8. Previamente ao inicio das obras, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural remitirá a esta Secretaría Xeral, para a súa avaliación, o proxecto de concentración parcelaria, que incluírá, sen prexuízo do sinalado no artigo 30 da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia (plano do novo parcelario, plan forestal e/ou de aproveitamento de cultivos, etc.), o proxecto da rede de camiños de concentración (con análise das alternativas estudadas ao respecto) e un anexo específico en que se documente a adecuada inclusión no proxecto de concentración tanto das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias propostas no estudo de impacto ambiental como todas as cuestións derivadas do cumprimento do condicionado desta DIA, incluíndo proxecto de integración paisaxística e programa de vixilancia ambiental.

C.2. Fase de execución.

1. Serán obxecto de especial atención no tocante á súa preservación e adopción de todas as medidas protectoras e correctoras necesarias, así como obxecto dun intenso seguimento e vixilancia ambiental, os elementos e áreas sensibles sinalados no punto C.1 da DIA, que deberán ser balizados ou sinalizados durante a implantación da obra. Así mesmo, no caso de detectar algún valor natural non considerado ata o momento (para o cal se efectuarán as prospeccións previas que resulten oportunas), procederase á súa delimitación e á adopción das medidas precisas para garantir a súa preservación, comunicando o achado ao correspondente Servizo Territorial de Conservación da Natureza. Terase en conta que non se poderá afectar formacións distintas ás descritas no estudo de impacto ambiental sen antes facer a correspondente consulta.

2. Extremaranse as precaucións na execución de obras nas zonas de potencial afección á rede hidrolóxica (sexan directas ou indirectas, por cruzamento de pistas ou por movementos de terras nas proximidades dos leitos) de xeito que se evite calquera efecto negativo sobre a rede fluvial, dado que, entre outras cuestións (existencia dun couto de pesca no río Umia), segundo o estudo ambiental, na zona pode atoparse ameixa perlífera de río (*Margaritifera margaritifera*, especie catalogada en perigo de extinción no Catálogo galego de especies ameazadas) asociada á comunidade de salmónidos. Neste sentido observarase tamén ao sinalado no punto C.1.7 da DIA. Esta medida reviste, así mesmo, importancia para a conservación da aguaneira (*Galemys pyrenaicus*, catalogada como vulnerable no Catálogo galego de especies ameazadas), con presenza na zona segundo o estudo ambiental.

3. Dado que entre as aves de rapiña presentes na zona de estudo figura a tartarña cincuenta (*Circus*

pygargus, catalogada como vulnerable no Catálogo galego de especies ameazadas), que nidifica sobre o chan en ambientes de mato e, por tanto, é susceptible de verse afectada polo proceso de concentración, estableceranse os controis oportunos para a detección de posibles parellas reprodutoras nas áreas que vaian ser afectadas polas obras.

No caso de detectarse a nidificación, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, que poden incluír o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio arredor do niño onde se evitará calquera actuación ata que finalice o período reprodutor (podendo continuar coas obras noutra zona afastada) e outro perímetro de seguranza de 500 m, onde se limitarán ao máximo posible as actuacións e o tráfico de maquinaria para garantir a tranquilidade das aves.

4. Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. En especial, atenderase á presenza de aves de rapiña (na zona detectáronse varias especies que aninhan en árbores; miñato (*Buteo buteo*), gabián (*Accipiter nisus*), falcón pequeno (*Falco subbuteo*) ou calquera outra especie que teña figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

5. Evitarase que as obras coincidan coas épocas de maior afección ao ciclo vital das especies sensibles presentes na zona de concentración. O calendario de obras deberá elaborarse tendo en conta os anteditos períodos.

6. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural responsabilizarase de que se leve a cabo o programa de vixilancia e seguimento ambiental a que se fai referencia ao longo desta DIA e, como órgano substantivo, observará o disposto no artigo 18 do Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Durante a fase de obras elaboraranse os seguintes informes de seguimento, cos contidos mínimos que se sinalan a seguir:

a) Semestralmente:

Informe de avance das obras (incluíndo cronograma actualizado) onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto de concentración, acompañado de plano en planta en que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.

Memoria do seguimento ambiental realizado en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA, incluíndo os resultados dos plans de seguimento do nivel de ruído (cuxas medicións se realizarán en plena actividade, indicando persoal de obra e maquinaria en funcionamento durante a medición, e tendo en conta, así mesmo, que se poderá efectuar unha medición en cada punto de control proposto no momento en que se estean executando obras preto del, e non en todos eles con carácter trimestral durante a duración das obras como se desprende do plan presentado), control da calidade das augas (con mención expresa do estado das poboacións de *Margaritifera margaritifera* que, se é o caso, se detectasen) e do funcionamento da rede de drenaxe e mantemento do réxime hidrolóxico, control da presenza de parellas reprodutoras de *Circus pygargus* e outra fauna de interese en función do exposto ao longo deste punto C.2, actuacións para a preservación dos elementos e áreas sensibles indicados no punto C.1, etc. Detallaranse os resultados da aplicación das medidas protectoras, correctoras ou compensatorias, incidencias ou imprevistos acontecidos, variacións respecto do proxectado, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra e sobrantes de terra, etc. En conxunto, o informe reflectirá o cumprimento da declaración en relación a todos os aspectos establecidos nela.

Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas aos elementos e áreas sensibles sinalados no punto C.1 da DIA. Nas fotografías indicarse a data e a hora, debendo ir acompañadas dun plano de localización.

b) Antes da emisión da acta de recepción de obra:

Memoria resumo sobre o seguimento ambiental realizado, na cal quede constancia dos controis ambientais e medidas protectoras e correctoras levadas a cabo en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA. Descrición detallada do estado final da zona de concentración parcelaria, con especial mención das medidas de protección da vexetación e dos labores de restauración e integración paisaxística efectuados. Describíranse, así mesmo, de ser o caso, as variacións introducidas ao longo das obras respecto do proxectado, así como calquera outra incidencia ou imprevisto acontecidos e as solucións adoptadas.

Neste sentido, realizarase un seguimento específico da superficie ocupada pola vexetación autóctona e demais formacións e áreas de interese sinaladas no punto C.1 da DIA, antes e despois da concentración parcelaria, co obxecto de poder obter unha avaliación do impacto final do proceso concentrador.

Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como o estado xeral da zona de concentración e das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas á protección dos elementos e áreas sensibles sinalados no estudo ambiental e nesta declaración. Nas fotografías indicárase a data e hora, e virán acompañadas dun plano de localización.

C.3. Fase de explotación.

1. Promoverase o desenvolvemento sustentable da zona concentrada mediante a adopción de criterios de sustentabilidade ambiental no acondicionamento e uso das parcelas asignadas a cada propietario.

Na medida do posible procurarase que a delimitación -se é o caso- das novas parcelas se efectúe mediante plantación de sebes arborizadas ou arbustivas integradas por especies autóctonas existentes na zona. De non ser factible, atenderase ao sinalado no punto B.1.5 da DIA respecto dos muros ou valados de pedra. Así mesmo, procurarase que os usos do solo non cambien dun xeito radical, en especial a transformación de terreo forestal en agrícola, para evitar modificacións substanciais do balance hídrico da zona que poidan afectar a rede fluvial. En todo caso, atenderase ás posibles limitacións ou obrigas legais canto ao acondicionamento e uso dos predios de substitución, tendo en conta a normativa a que se fai referencia no punto C.1.6 da DIA e o respecto aos elementos e áreas sensibles indicados no punto C.1.

Neste sentido considérase de especial importancia, tal e como se indica no estudo de impacto ambiental, o desenvolvemento de políticas de incentivos e sancións e de accións de información e asesoramento ambiental aos propietarios/usuarios dos predios de substitución, co obxecto de que sexan coñecedores tanto dos valores ambientais e culturais que albergan as súas parcelas -se é o caso- como da normativa de aplicación canto aos posibles usos. Así mesmo, deberán coñecer e poñer en práctica as medidas recollidas no Código galego de boas prácticas agrarias, de cara a un aproveitamento das parcelas máis respectuoso co ambiente.

2. Dado que, segundo o estudo ambiental, a vocación da unidade ambiental de considerable extensión denominada «áreas de mato e arboredo raro» é a súa transición cara a sistemas produtivos (plantacións de piñeiro e eucalipto), dos cales xa existe algunha representación en forma de repoboacións de eucalipto, ademais de cumprir en todo momento coa normativa vixente en materia forestal -en sentido amplo-, teranse en conta as seguintes medidas:

O deseño das repoboacións procurará evitar a continuidade de masas monoespecíficas de eucalipto ou

piñeiro para impedir unha doada propagación de incendios forestais. En concreto, non se realizarán plantacións de eucalipto nas bandas de protección dos cursos fluviais, nin tampouco en zonas con pendente superior ao 40%. Tamén se desaconsellan as plantacións de piñeiros nas citadas bandas.

Respectaranse as distancias mínimas establecidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, e tomaranse as medidas necesarias para manter as faixas de especial protección. Aproveitarase o proceso de concentración para deseñar e executar, na medida do posible, as citadas faixas, especialmente no referente ao núcleo rural principal e na banda de 50 metros arredor das primeiras leiras destinadas a uso agrario.

Non se poderán realizar repoboacións forestais en solo urbano e núcleos rurais, nin en zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pasteiros, con independencia da súa cualificación urbanística. Só se poderán realizar repoboacións con frondosas autóctonas en zonas agrícolas cando estean previstas nun plan de ordenación de cultivos e forestal, sempre que non interfiran no desenvolvemento agrario da zona.

Levaranse a cabo boas prácticas forestais que incluírán, sen prexuízo doutras, as seguintes:

Promoveranse as masas mixtas de frondosas autóctonas ou, cando menos, a aparición de frondosas acompañantes da especie principal. Fomentarase a conservación de mouteiras maduras e, sempre que non supoña risco de pestes, o mantemento de árbores mortas.

As especies arbóreas empregadas deberán ser as máis adecuadas á estación forestal e o material reprodutivo terá identificada a súa procedencia, utilizando material selecto sempre que sexa posible. Levarase a cabo unha vixilancia do adecuado desenvolvemento das plantacións efectuadas.

Recoméndase que as superficies forestais incluídas no ámbito da concentración contén cun instrumento de xestión que cumpra coa lexislación vixente.

Durante as cortas evítanse danos nas frondosas autóctonas que non sexan obxecto de aproveitamento. Ao remate da corta procederase á limpeza dos residuos forestais.

Fomentarase a función recreativa e social das zonas forestais máis próximas aos núcleos rurais.

Procuraranse evitar as queimas controladas.

Minimizaranse os impactos paisaxísticos racionalizando as superficies de corta e deixando pequenas mouteiras maduras que interrompan a uniformidade da corta.

3. Anualmente elaborárase un informe de seguimento ambiental que, como mínimo, inclúa:

Memoria do seguimento realizado de acordo co programa de vixilancia ambiental desenvolvido en cumprimento do disposto nesta DIA. Describíranse os resultados dos labores de restauración e integración paisaxística efectuados, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal, estado das poboacións de fauna de interese en función do exposto ao longo do punto C.2, (*Margaritifera margaritifera*, *Circus pygargus*...) despois do proceso de concentración, estado da rede de camiños de concentración e dos seus sistemas de drenaxe, así como daquelas zonas en que se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Detallárase a eficacia e evolución de todas as medidas protectoras e correctoras adoptadas ao longo da fase de obra, tanto as que figuran no estudo ambiental como as establecidas nesta DIA.

Reportaxe fotográfica onde se reflicta a integración paisaxística da actuación, referida a todos os seus elementos, indicando nas fotografías a data e a hora e acompañándoas dun plano de localización.

Se for o caso, incidencias producidas e medidas adoptadas para a súa resolución.

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes a realizar en anos posteriores, ou estudar a posibilidade de dar por finalizado o seguimento.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2009.

Justo de Benito Basanta, secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

ANEXO I

Resumo da actuación e das características da zona de concentración

Preténdese levar a cabo un proceso de concentración parcelaria en parte das terras que conforman a parroquia de Arca, pertencente ao concello da Estrada (Pontevedra), co obxecto de establecer unha reordenación da propiedade coas dimensións suficientes e as infraestruturas adecuadas para mellorar a capacidade produtiva dos terreos e aumentar así a súa rendibilidade económica. O perímetro da zona susceptible de concentración, que inclúe os terreos da parroquia destinados a cultivos, prado e monte, abrangue unha superficie dunhas 304 hectáreas, das cales serán obxecto de concentración unhas 295 hectáreas despois de excluír case 9 hectáreas de zonas con elevada riqueza en arboredo autóctono.

O proceso concentrador desenvolverase en tres fases: implantación, execución e explotación. As actuacións que implican un maior número de opera-

cións de maquinaria e risco de deterioración de elementos ambientais son a execución da rede de camiños de concentración e o acondicionamento dos predios de substitución.

A rede hidrográfica da zona a concentrar pertence á bacía do río Umia, que actúa como límite meridional da parroquia, ao cal van parar unha serie de cursos fluviais de maior ou menor entidade que discorren pola parroquia en dirección norte-sur, entre os cales cabe citar o rego das Brañas ou os regatos de Castro e Canles.

No tocante aos usos do solo e unidades de vexetación, a zona de concentración comprende maiormente terreos ocupados por cultivos, pasteiros e prados, tendo tamén unha boa representación as áreas ocupadas por mato, sobre as cales en ocasións se desenvolven plantacións de piñeiros. Con menor extensión atópanse algunhas zonas destinadas a eucaliptais. Como representación de vexetación autóctona destacan algunhas masas máis ou menos extensas de carballo e a vexetación de ribeira asociada ás marxes dos cursos fluviais que discorren pola zona.

ANEXO II

Resumo das medidas preventivas e correctoras propostas no estudo de impacto ambiental

Na punto de medidas de integración ambiental do estudo de impacto ambiental inclúense unha serie de medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias agrupadas baixo as seguintes epígrafes:

Boas prácticas xerais de obra.

Plan de xestión de verteduras e residuos.

Intervención sobre a vexetación para a apertura de pistas.

Restauración de superficies afectadas.

Protección das augas e os leitos fluviais.

Reposición e/ou indemnización de danos que se produzan co motivo das obras.

Calendario de obras acorde coas medidas protectoras e correctoras propostas.

Balizamento previo dos elementos que se van protexer.

Intervención sobre o comportamento de propietarios e criterios de explotación das zonas de concentración. Incentivos, subvencións, sancións. Control de modificacións de usos do solo previas á concentración. Directrices para a realización dos labores agrícolas, queima de restos vexetais e uso de fertilizantes e produtos fitosanitarios.

Información veciñal sobre o proceso de concentración.

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 2 de xuño de 2009 pola que se fai pública a adjudicación definitiva dun contrato administrativo de obra.

O presidente, actuando no nome e representación do ente público Portos de Galicia, segundo o previsto no artigo 6.3º a) da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, e en cumprimento do exixido no artigo 138.2º da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, acorda dar publicidade á adjudicación definitiva, mediante procedemento negociado sen publicidade, do seguinte contrato administrativo de obra:

Pavimentación da zona pesqueira de Porto do Son (A Coruña).

1. Entidade adjudicadora.

a) Organismo: Portos de Galicia.

b) Dependencia que impulsa o expediente: Área de Infraestruturas.

c) Dependencia que tramita o expediente: División de Contratación.

d) Clave do expediente: CO-12-44-08-01.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: administrativo de obra.

b) Descrición do obxecto: pavimentación da zona pesqueira de Porto do Son.

c) Enderezo do anuncio de licitación no perfil de contratante de Portos de Galicia: www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=11562.

d) Data de publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante: 27 de abril de 2009.

3. Tramitación e procedemento de adjudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: negociado sen publicidade, sistema multicriterio.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: 158.111,31 euros, IVE excluído.

5. Adjudicación.

a) Data de adjudicación provisional do contrato: 23 de abril de 2009.

b) Data de adjudicación definitiva do contrato: 19 de maio de 2009.

c) Contratista: *CEO, Canalizaciones, Estructuras y Obras Construcciones, S.L.*

d) Nacionalidade: española.

e) Importe adjudicación: 128.173,09 euros, IVE excluído.

6. Outras informacións.

En cumprimento do disposto nos artigos 137 e 138.1º da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e de acordo co exixido no prego de cláusulas administrativas particulares, a adjudicación definitiva destas obras foi debidamente notificada aos licitadores e publicada no perfil do contratante de Portos de Galicia.

O que se fai público conforme o previsto no artigo 138.2º da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2009.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

Anuncio do 5 de xuño de 2009 polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia no expediente IN417A/08R0421 e dez máis.

De conformidade co disposto nos artigos 59, 60 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, emprázanse os interesados indicados no anexo para seren notificados por comparecencia.

O acto foi adoptado polo director do Instituto Enerxético de Galicia.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo nº 5, San Lázaro, CP 15703, Santiago de Compostela, A Coruña, en horario das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2009.

Juan Álvarez Carril
Director do Instituto Enerxético de Galicia

ANEXO

Expediente: IN417A/08R0421.

Interesado: Francisco Fernández Fernández.

Acto que se notifica: resolución na que se ten por desistido ao solicitante da súa petición.

Expediente: IN417A/08R1313.

Interesado: José Francisco Teijera Bautista.

Acto que se notifica: resolución de concesión provisional.

Expediente: IN417A/08R0683.

Interesada: Ana María López de Ayala.

Acto que se notifica: denegación por incumprimento de bases.

Expediente: IN417A/08R0130.

Interesado: *Suárez y Terán, S.L.*

Acto que se notifica: resolución na que se ten por desistido ao solicitante da súa petición.

Expediente: IN417A/08R0672.

Interesado: Francisco J. Feas Zas.

Acto que se notifica: resolución na que se ten por desistido ao solicitante da súa petición.

Expediente: IN417A/08R0025.

Interesado: Perfecto Luis Souto Torres.

Acto que se notifica: resolución na que se ten por desistido ao solicitante da súa petición.

Expediente: IN417A/08R1027.

Interesado: *Allegra European, S.L.*

Acto que se notifica: resolución na que se ten por desistido ao solicitante da súa petición.

Expediente: IN417A/08R1615.

Interesado: Francisco Mora-Figueroa Malpica.

Acto que se notifica: resolución na que se ten por desistido ao solicitante da súa petición.

Expediente: IN417A/08R1314.

Interesado: José Francisco Teijera Bautista.

Acto que se notifica: resolución de concesión provisional.

Expediente: IN417A/08R0244.

Interesada: Lourdes Piñeiro Padín.

Acto que se notifica: resolución na que se ten por desistido ao solicitante da súa petición.

Expediente: IN417A/07A0566.

Interesado: Ángel Vázquez Árevalo.

Acto que se notifica: arquivo do expediente.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 26 de maio de 2009, da Dirección da Área Sanitaria de Ferrol, pola que se fai pública a adxudicación definitiva correspondente á subministración sucesiva de vestuario para persoal MS-ASF1-09-001.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Área Sanitaria de Ferrol.

b) Dependencia que tramita o expediente: departamento de subministracións (unidade de contratación).

c) Número de expediente: MS-ASF1-09-001.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: subministración.

b) Descrición do obxecto: subministración sucesiva de vestuario para persoal.

c) Lotes: nove lotes.

Lote 1: bata branca unisex.

Lote 2: pixama branco unisex.

Lote 3: zapato pel branco c/peche de velcro.

Lote 4: zoco azul antiesvarante.

Lote 5: pantalón PAC atención primaria.

Lote 6: chaleco PAC atención primaria.

Lote 7: polo PAC atención primaria.

Lote 8: forro polar PAC atención primaria.

Lote 9: anorak PAC atención primaria.

d) Boletíns ou diarios oficiais e datas de publicación dos anuncios de licitación:

Diario Oficial de Galicia nº 4 do 7 de xaneiro de 2009.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adxudicación: oferta economicamente máis vantaxosa, tendo en conta varios criterios.

4. Orzamento base de licitación: 117.283 € (IVE incluído).

Lote 1: 14.630 € (IVE incluído).

Lote 2: 28.080 € (IVE incluído).

Lote 3: 29.070 € (IVE incluído).

Lote 4: 5.649 € (IVE incluído).

Lote 5: 10.004 € (IVE incluído).

Lote 6: 9.850 € (IVE incluído).

Lote 7: 3.383 € (IVE incluído).

Lote 8: 8.540 € (IVE incluído).

Lote 9: 8.077 € (IVE incluído).

5. Adxudicación definitiva.

a) Data: 28-4-2009.

b) Contratistas e importes de adxudicación:

- *Ordieres, S.L.*

Lote 1: 14.065,70 € (IVE incluído).

Lote 2: 27.456 € (IVE incluído).

- *Codeor, S.L.*

Lote 3: 28.762,20 € (IVE incluído).

- *Confecciones Ánade, S.A.*

Lote 4: 4987,26 € (IVE incluído).

Desertos os lotes 5, 6, 7, 8 e 9.

c) Nacionalidade: española.

Ferrol, 26 de maio de 2009.

Luis Verde Remeseiro
Director da Área Sanitaria de Ferrol

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE BURELA

Edicto.

Solicitou desta Alcaldía Cristina Fente Sampayo, con DNI 76619499-J, licenza municipal para a apertura dunha farmacia na avda. Arcadio Pardiñas, nº 135-baixo, en Burela, cumprindo o disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante este prazo, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se consideren oportunas.

Burela, 23 de xuño de 2009.

Alfredo Llano García
Alcalde

CONCELLO DA FONSAGRADA

Edicto.

Manuel Fernández González, con DNI 76561304-P, solicitou desta Alcaldía licenza municipal para nave para ceba de xatos e plataforma para esterco, que se situará en Penamaría, parroquia da Trapa, A Fonsagrada, cumprindo co disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante este período, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, poidan examinar o expediente na Secretaría deste concello as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

A Fonsagrada, 29 de maio de 2009.

Argelio Fernández Queipo
Alcalde

CONCELLO DE MONTERROSO

Anuncio de información pública.

Carlos Rodríguez Carnero, en representación de SAT Esteba, solicita desta Alcaldía licenza municipal para a construción de nave almacén e silos para explotación existente en Penas-Monterroso. O que se somete a información pública de acordo co establecido no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental, durante o prazo de vinte días para os efectos de alegacións que os interesados consideren oportunas.

Monterroso, 4 de xuño de 2009.

Antonio E. Gato Soengas
Alcalde

CONCELLO DE OURENSE

Anuncio de licitación.

Resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Ourense, do 21 de maio de 2009, para a contratación do servizo de conservación, mantemento e mellora das zonas verdes de titularidade municipal do Concello de Ourense.

1, Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Concello de Ourense.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación.

c) Número de expediente: 217/09.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: contratación do servizo de conservación, mantemento e mellora das zonas verdes de titularidade municipal do Consello de Ourense.

b) Duración do contrato: a duración do contrato será de 24 meses, contados desde a sinatura do contrato.

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación: o prezo de licitación será de 633.134,81 euros máis 101.301.57 euros de IVE, cun total de 734.436,38 euros, distribuído nos seguintes lotes:

-Lote I, O Couto-Carballeira: 173.913,45 euros máis 27.826,15 euros de IVE.

-Lote II, A Cuña-Zona Vella: 201.536,51 euros máis 32.245,84 euros de IVE.

-Lote III, A Ponte: 257.684,85 euros máis 41.229,58 euros de IVE:

5. Garantías:

a) Provisional: os licitadores non deben presentar garantía provisional.

b) Definitiva: o adjudicatario deberá constituír unha fianza definitiva equivalente ao 5% do importe de adjudicación, IVE excluído.

6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: Servizo de Contratación.

b) Enderezo: praza Maior nº 1.

c) Localidade e código postal: Ourense (32005).

d) Teléfono: 988 39 30 41.

e) Páxina web: www.ourense.es

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata o 15 de xullo de 2009.

7. Requisitos específicos do contratista: os especificados no punto 5 do prego de cláusulas administrativas.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: o 16 de xullo de 2009.

b) Documentación que hai que presentar: a sinalada no punto 7 do prego de cláusulas administrativas.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral do Concello de Ourense, sito na praza Maior nº1, Ourense (32005) das 9.00 ás 13.00 horas.

9. Aperturas de ofertas:

a) Entidade: Concello de Ourense, no salón de sesións.

b) Enderezo: praza Maior, nº1.

c) Data: o 21 de xuño de 2009, ás 11.30 horas.

10. Gastos de anuncios: por conta do adjudicatario.

11. Data de envío do anuncio ao DOUE: 1 de xuño de 2009.

Ourense, 3 de xuño de 2009.

Francisco Rodríguez Fernández
Alcalde

CONCELLO DA PASTORIZA

Aprobación definitiva do estudo de detalle.

A Xunta de Goberno Local deste concello, en sesión do 23 de abril de 2009, aprobou definitivamente o estudo de detalle para o reaxustamento de aliñacións e ordenación de volumes na praza de Galicia na Pastoriza, presentado por *Grupo Neli Lourenzá, S.L.U.* e redactado por *Monsa Urbanismo, S.L.*

O acto de aprobación definitiva do citado estudo de detalle foille comunicado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, cumprindo co disposto polo artigo 93.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Conforme o sinalado no artigo 92.2º da citada lei, acordouse publicar este acordo no DOG e no BOP, neste último coas características urbanísticas do estudo de detalle aprobado, así como notificarse persoalmente aos propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

Contra o acordo de aprobación definitiva do estudo de detalle poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio; alternativamente poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local deste concello no prazo dun mes, contado desde a mesma data.

A Pastoriza, 22 de xuño de 2009.

Primitivo Iglesias Sierra
Alcalde

CONCELLO DE VIGO*Anuncio.*

Eloymar Tranvías, U.T.E. solicitou da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo a licenza de actividade para aparcadoiro soterrado, que se situará na rúa Pintor Comeiro (expediente 35280/422).

De conformidade co artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese o expediente a información pública por un prazo de vinte días mediante anuncio no DOG, BOP e exposición no taboleiro de anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo, para que quen se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer poida alegar o que considere oportuno.

O prazo de información pública entenderase aberto desde o día seguinte ao da publicación do primeiro anuncio e rematará transcorridos vinte días desde o día seguinte ao da publicación do derradeiro anuncio. O expediente atópase á disposición do público en xeral e pódese consultar na oficina de información da Xerencia Municipal de Urbanismo (planta baixa do edificio da Xerencia, sito na praza do Rei, 4, Vigo).

Vigo, 19 de xuño de 2009.

José Manuel Mariño Mendoza
Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA*Extracto de convocatoria de prazas de persoal.*

No BOP nº 119, do 24 de xuño de 2009, publícanse as bases xerais e específicas de varios procesos selectivos convocados para cubrir as seguintes prazas vacantes no cadro de persoal funcionario desta deputación provincial, incluídas na oferta de emprego público do ano 2008:

-1 praza de técnico de Admón. xeral, encadrada na escala de Admón. xeral, subescala técnica e integradas no grupo A1, por quenda de promoción interna e sistema concurso-oposición.

-1 praza de técnico auxiliar en actividades deportivas, encadrada na escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico auxiliar e integrada

no grupo C1, por quenda libre e sistema concurso-oposición.

-1 praza de técnico auxiliar en cartoteca, encadrada na escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico auxiliar e integrada no grupo C1, por quenda libre e sistema concurso-oposición.

-2 prazas de auxiliar en documentación audiovisual, encadradas na escala de Admón. especial, servizos especiais, clase cometidos especiais e integradas no grupo C2, por quenda libre e sistema concurso-oposición.

-2 prazas de oficial condutor maquinista, encadradas na escala de Admón. especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios e integradas no grupo C2, por quenda libre e sistema concurso-oposición.

-1 praza de oficial de cafetaría, encadrada na escala de Admón. especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios e integrada no grupo C2, por quenda libre e sistema concurso-oposición.

A presentación de solicitudes poderá efectuarse, ben no rexistro xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, ben en calquera das formas establecidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación no BOE.

Pontevedra, 22 de xuño de 2009.

Rafael Louzán Abal
Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra

e) OUTROS ANUNCIOS**FEDERACIÓN GALLEGA DE MOTONÁUTICA***Anuncio de modificación dos estatutos.*

Por acordo da Asemblea Xeral da Federación Galega de Motonáutica, de acta do 6 de xuño de 2008, acordouse modificar os artigos que se relacionan dos estatutos da Federación Galega de Motonáutica.

Artigos: 11, 26, 27, 29, 31, 32, 34, 38, 42, 49, 67, 68, 73 e 75.

Vigo, 27 de maio de 2009.

Silvio Pérez Pollán
Secretario da Federación Galega de Motonáutica